

REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/1994, DO 20 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/1994, DO 20 DE XUÑO DE 1994, B.O.E. DO 29, R. 1825, I.L. 3276

NOTA.- Este Texto Refundido modifica substancialmente o ata o de agora vixente, aprobado polo Real Decreto 2065/1974, do 30 de maio de 1974, pero a substitución non é total. Véxase a Disposición derogatoria única que figura neste Texto, que no seu apartado a) especifica as normas do anterior Texto derogadas polo actual e as que quedan subsistentes.

A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, na súa disposición final primeira, autoriza o Goberno para elaborar, no prazo de dous anos a partir da súa entrada en vigor, un texto refundido en que se integren, debidamente regularizados, clarexados e harmonizados, os textos legais específicos de Seguridade Social enumerados no seu apartado primeiro, e as disposicións en materia de Seguridade Social contidas en normas con rango de Lei doutras ramas do ordenamento xurídico, e expresamente as listadas no seu apartado segundo, no que, así mesmo, se fai referencia ás disposicións con vixencia permanente contidas nas Leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado.

Con posterioridade, a Lei 22/1992, do 30 de xullo, de medidas urxentes sobre fomento do emprego e protección por desemprego, a través da súa disposición final segunda, outórgalle unha dobre autorización ao Goberno: por unha banda, para regularizar, sistematizar e harmonizar as disposicións que en materia de protección por desemprego se conteñen nela, coas dos textos legais que expresamente se mencionan; e, por outra banda, para que o produto así obtido se integre no texto refundido establecido na citada Lei 26/1990, do 20 de decembro, prorrogando, para tal efecto, o prazo que esta outorgara para o aludido labor refundidor.

Finalmente, na Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, autorízase o Goberno, na súa disposición adicional décimo cuarta, para que a aludida refundición se faga extensiva tamén ás disposicións que sobre a materia de Seguridade Social e protección por desemprego se conteñen nela, procedéndose a ampliar novamente o prazo dispoñible para tal refundición.

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, logo de dictame previo do Consello Económico e Social e informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 1994, dispoño:

Artigo único.- Apróbase o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social que se insire a seguir.

DISPOSICIÓN FINAL

Única.- Este texto refundido entrará en vigor o 1 de setembro de 1994.

ANEXO

ÍNDICE

TÍTULO PRIMEIRO

NORMAS XERAIS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

CAPÍTULO I

Normas preliminares

- Artigo 1. Dereito dos españois á Seguridade Social.
- Artigo 2. Fins da Seguridade Social.
- Artigo 3. Irrenunciabilidade dos dereitos de Seguridade Social.
- Artigo 4. Delimitación de funcións.
- Artigo 5. Competencias do Ministerio de Traballo e Seguridade Social e doutros Departamentos ministeriais.
- Artigo 6. Coordinación de funcións afíns.

CAPÍTULO II

Campo de aplicación e estrutura do sistema da Seguridade Social

- Artigo 7. Extensión do campo de aplicación.
- Artigo 8. Prohibición de inclusión múltiple obrigatoria.
- Artigo 9. Estructura dos sistema da Seguridade Social.
- Artigo 10. Réximes especiais.
- Artigo 11. Sistemas especiais.

CAPÍTULO III

Afiliación, cotización e recadación*Sección 1ª. Afiliación ao sistema e altas e baixas nos Réximes que o integran*

- Artigo 12. Obrigatoriedade e alcance da afiliación.
- Artigo 13. Formas de se practicar a afiliación e as altas e baixas.
- Artigo 14. Obrigas da Administración da Seguridade Social e dereito á información.

Sección 2ª. Cotización

- Artigo 15. Obrigatoriedade.
- Artigo 16. Bases e tipos de cotización.
- Artigo 17. Primas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

*Sección 3ª. Recadación**Subsección 1ª. Disposicións xerais*

- Artigo 18. Competencia.
- Artigo 19. Prazo, lugar e forma de liquidación das cotas e demais recursos.
- Artigo 20. Aprazamento e fraccionamento do pagamento.
- Artigo 21. Prescrición.
- Artigo 22. Prelación de cretos.
- Artigo 23. Devolución de ingresos indebidos.
- Artigo 24. Transaccións sobre dereitos da Seguridade Social.

Subsección 2ª. Recadación en período voluntario

- Artigo 25. Prazo regulamentario de ingreso.
- Artigo 26. Presentación dos documentos de cotización e compensación.
- Artigo 27. Recargas de demora e de prema aplicables ás cotas.
- Artigo 28. Recargas de demora e de prema aplicables ás débedas que non sexan cotas.

- Artigo 29. Ingreso e incompatibilidade das recargas.
 Artigo 30. Requirimentos de pagamento de cotas.
 Artigo 31. Actas de liquidación.
 Artigo 32. Certificacións de descuberto.

Subsección 3ª. Recadación en vía executiva

- Artigo 33. Iniciación da vía executiva.
 Artigo 34. Providencia de prema e oposición a esta.
 Artigo 35. Tercerías.
 Artigo 36. Deber de información por Entidades financeiras, funcionarios públicos e profesionais oficiais.
 Artigo 37. Levantamento de bens embargables.

CAPÍTULO IV

Acción protectora

Sección 1ª. Disposicións xerais

- Artigo 38. Acción protectora do sistema da Seguridade Social.
 Artigo 39. Melloras voluntarias.
 Artigo 40. Caracteres das prestacións.
 Artigo 41. Responsabilidade verbo das prestacións.
 Artigo 42. Pagamento das pensións contributivas, derivadas de riscos comúns, e das pensións non contributivas.

Sección 2ª. Prescrición, caducidade e reintegro de prestacións indebidas

- Artigo 43. Prescrición.
 Artigo 44. Caducidade.
 Artigo 45. Reintegro de prestacións indebidas.

Sección 3. Revalorización e importes máximos e mínimos de pensións

Subsección 1ª. Disposicións comúns

- Artigo 46. Consideración como pensións públicas.

Subsección 2ª. Pensións contributivas

- Artigo 47. Limitación da contía inicial das pensións.
 Artigo 48. Revalorización.
 Artigo 49. Limitación do importe da revalorización anual.
 Artigo 50. Complementos para pensións inferiores á mínima.
 Artigo 51. Pensións extraordinarias orixinadas por actos de terrorismo.

Subsección 3ª. Pensións non contributivas

- Artigo 52. Revalorización.

CAPÍTULO V

Servicios sociais

- Artigo 53. Obxecto.

Artigo 54. Dereito á reeducación e rehabilitación.

CAPÍTULO VI

Asistencia social

Artigo 55. Concepto.

Artigo 56. Contido das axudas asistenciais.

CAPÍTULO VII

Xestión da Seguridade Social

Sección 1ª. Entidades xestoras

Artigo 57. Enumeración.

Artigo 58. Estructura e competencias.

Artigo 59. Natureza xurídica.

Artigo 60. Participación na xestión.

Artigo 61. Relacións e servicios internacionais.

Sección 2ª. Servicios comúns

Artigo 62. Creación.

Artigo 63. Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Sección 3ª. Normas comúns ás Entidades Xestoras e Servicios Comúns

Artigo 64. Reserva de nome.

Artigo 65. Exencións tributarias e outros beneficios.

Artigo 66. Persoal.

Sección 4ª. Colaboración na xestión da Seguridade Social

Subsección 1ª. Disposición xeral

Artigo 67. Entidades colaboradoras.

Subsección 2ª. Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

Artigo 68. Definición.

Artigo 69. Requisitos para a súa constitución e funcionamento.

Artigo 70. Empresarios asociados.

Artigo 71. Competencia do Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 72. Autorización e cesamento.

Artigo 73. Excedentes.

Artigo 74. Adopción de medidas cautelares.

Artigo 75. Incompatibilidades.

Artigo 76. Prohibicións.

Subsección 3ª. Empresas

Artigo 77. Colaboración das Empresas.

Sección 5ª. Inspección

- Artigo 78. Competencias da Inspección.
 Artigo 79. Colaboración coa Inspección.

CAPÍTULO VIII

Réxime económico

Sección 1ª. Patrimonio da Seguridade Social

- Artigo 80. Patrimonio.
 Artigo 81. Titularidade, adscrición, administración e custodia.
 Artigo 82. Adquisición de bens inmobles.
 Artigo 83. Alleamento de bens inmobles e de títulos valores.
 Artigo 84. Arrendamento e cesión de bens inmobles.
 Artigo 85. Non embargabilidade.

Sección 2ª. Recursos e sistema financeiro da Seguridade Social

- Artigo 86. Recursos xerais.
 Artigo 87. Sistema financeiro.
 Artigo 88. Investimentos.

Sección 3ª. Orzamento, intervención e contabilidade da Seguridade Social

- Artigo 89. Disposición xeral e normas reguladoras da intervención.
 Artigo 90. Modificación de créditos no Instituto Nacional da Saúde.
 Artigo 91. Remanentes e insuficiencias orzamentarias.
 Artigo 92. Amortización de adquisicións.
 Artigo 93. Programa anual de auditorías.
 Artigo 94. Contas e balances da Seguridade Social.

Sección 4ª. Contratación da Seguridade Social

- Artigo 95. Contratación.

CAPÍTULO IX

Infraccións e sancións en materia de Seguridade Social

- Artigo 96. Infraccións e sancións.

TÍTULO II

RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

CAPÍTULO I

Campo de aplicación

- Artigo 97. Extensión.
 Artigo 98. Exclusiones.

CAPÍTULO II

Inscripción de empresas e normas sobre afiliación, cotización e recadación

Sección 1ª. Inscripción de empresas e afiliación de traballadores.

- Artigo 99. Inscripción de Empresas.
- Artigo 100. Afiliación, altas e baixas.
- Artigo 101. Libro de Matrícula do Persoal.
- Artigo 102. Procedemento de prazos.

Sección 2ª. Cotización

- Artigo 103. Suxeitos obrigados.
- Artigo 104. Suxeito responsable.
- Artigo 105. Nulidade de pactos.
- Artigo 106. Duración da obriga de cotizar.
- Artigo 107. Tipo de cotización.
- Artigo 108. Cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Artigo 109. Base de cotización.
- Artigo 110. Topes máximo e mínimo da base de cotización.
- Artigo 111. Cotización adicional por horas extraordinarias.
- Artigo 112. Normalización.

Sección 3ª. Recadación

- Artigo 113. Normas xerais.

CAPÍTULO III

Acción protectora

Sección 1ª. Continxencias protexibles

- Artigo 114. Alcance da acción protectora.
- Artigo 115. Concepto do accidente de traballo.
- Artigo 116. Concepto da enfermidade profesional.
- Artigo 117. Concepto dos accidentes non laborais e das enfermidades comúns.
- Artigo 118. Concepto das restantes continxencias.
- Artigo 119. Riscos catastróficos.

Sección 2ª. Réxime Xeral das prestacións

- Artigo 120. Contía das prestacións.
- Artigo 121. Caracteres das prestacións.
- Artigo 122. Incompatibilidade de pensións.
- Artigo 123. Recarga das prestacións económicas en caso de accidentes de traballo e enfermidade profesional.
- Artigo 124. Condicións do dereito ás prestacións.
- Artigo 125. Situacións asimiladas á de alta.
- Artigo 126. Responsabilidade verbo das prestacións.
- Artigo 127. Supostos especiais de responsabilidade en relación coas prestacións.

CAPÍTULO IV

Incapacidade laboral transitoria

- Artigo 128. Concepto.
- Artigo 129. Prestación económica.
- Artigo 130. Beneficiarios.

- Artigo 131. Nacemento, duración e extinción do dereito ao subsidio.
 Artigo 132. Perda ou suspensión do dereito ao subsidio.
 Artigo 133. Períodos de observación e obrigas especiais en caso de enfermidade profesional.

CAPÍTULO V

Invalidez

Sección 1ª. Disposición xeral

- Artigo 134. Concepto e clases.

Sección 2ª. Invalidez provisional

- Artigo 135. Duración.
 Artigo 136. Prestacións.

Sección 3ª. Invalidez permanente na súa modalidade contributiva

- Artigo 137. Graos de invalidez.
 Artigo 138. Beneficiarios.
 Artigo 139. Prestacións.
 Artigo 140. Base reguladora das pensións de invalidez permanente derivada de continxencias comúns.
 Artigo 141. Compatibilidades na percepción de prestacións económicas por invalidez permanente.
 Artigo 142. Norma especial sobre invalidez derivada de enfermidade profesional.
 Artigo 143. Cualificación e revisión.

Sección 4ª. Invalidez na súa modalidade non contributiva

- Artigo 144. Beneficiarios.
 Artigo 145. Contía da pensión.
 Artigo 146. Efectos económicos das pensións.
 Artigo 147. Compatibilidade das pensións.
 Artigo 148. Cualificación.
 Artigo 149. Obrigas dos beneficiarios.

Sección 5ª. Lesións permanentes non invalidantes

- Artigo 150. Indemnizacións por baremo.
 Artigo 151. Beneficiarios.
 Artigo 152. Incompatibilidade coas prestacións por invalidez permanente.

CAPÍTULO VI

Recuperación

Sección 1ª. Prestacións recuperadoras

- Artigo 153. Beneficiarios.
 Artigo 154. Contido.
 Artigo 155. Programa de recuperación.

Sección 2ª. Prestación económica

- Artigo 156. Subsidio de recuperación.

Sección 3ª. Empleo selectivo

- Artigo 157. Beneficiarios.
- Artigo 158. Contido do emprego selectivo.
- Artigo 159. Beneficiarios complementarios.

CAPÍTULO VII

Xubilación

Sección 1ª. Xubilación na súa modalidade contributiva

- Artigo 160. Concepto.
- Artigo 161. Beneficiarios.
- Artigo 162. Base reguladora da pensión de xubilación.
- Artigo 163. Contía da pensión.
- Artigo 164. Imprescritibilidade.
- Artigo 165. Incompatibilidades.
- Artigo 166. Xubilación parcial.

Sección 2ª. Xubilación na súa modalidade non contributiva

- Artigo 167. Beneficiarios.
- Artigo 168. Contía da pensión.
- Artigo 169. Efectos económicos do recoñecemento do dereito.
- Artigo 170. Obrigas dos beneficiarios.

CAPÍTULO VIII

Morte e supervivencia

- Artigo 171. Prestacións.
- Artigo 172. Suxeitos causantes.
- Artigo 173. Auxilio por defunción.
- Artigo 174. Pensión de viuvez.
- Artigo 175. Pensión de orfandade.
- Artigo 176. Prestacións en favor de familiares.
- Artigo 177. Indemnización especial a tanto alzado.
- Artigo 178. Imprescritibilidade.
- Artigo 179. Compatibilidade e límite das prestacións.

CAPÍTULO IX

Prestacións familiares por fillo ao cargo

Sección 1ª. Modalidade contributiva

- Artigo 180. Prestacións.
- Artigo 181. Beneficiarios.

Sección 2ª. Modalidade non contributiva

- Artigo 182. Prestación.
- Artigo 183. Beneficiarios.

Sección 3ª. Normas aplicables a ambas as modalidades de prestacións

- Artigo 184. Determinación da condición de beneficiario en supostos especiais.
- Artigo 185. Contía das prestacións.
- Artigo 186. Determinación do grao de minusvalía e da necesidade do concurso doutra persoa.
- Artigo 187. Incompatibilidades.
- Artigo 188. Retribución e aboamento.
- Artigo 189. Declaración e efectos das variacións familiares.
- Artigo 190. Colaboración do Rexistro Civil.

CAPÍTULO X

Disposicións comúns do Réxime Xeral

Sección 1ª. Melloras voluntarias da acción protectora do Réxime Xeral

- Artigo 191. Melloras da acción protectora.
- Artigo 192. Mellora directa das prestacións.
- Artigo 193. Modos de xestión da mellora directa.
- Artigo 194. Mellora por establecemento de tipos de cotización adicionais.

Sección 2ª. Disposicións sobre Seguridade e Hixiene no Traballo no Réxime Xeral

- Artigo 195. Incumprimentos en materia de accidentes de traballo.
- Artigo 196. Normas específicas para enfermidades profesionais.
- Artigo 197. Responsabilidades por falta de recoñecementos médicos.

CAPÍTULO XI

Xestión

- Artigo 198. Xestión e colaboración na xestión.
- Artigo 199. Concertos para a prestación de servizos administrativos e sanitarios.

CAPÍTULO XII

Réxime financeiro

- Artigo 200. Sistema financeiro.
- Artigo 201. Normas específicas en materia de accidentes de traballo.

CAPÍTULO XIII

Aplicacións das normas xerais do sistema

- Artigo 202. Dereito supletorio.

TÍTULO III

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

CAPÍTULO I

Normas xerais

- Artigo 203. Obxecto de protección.

Artigo 204.	Niveis de protección.
Artigo 205.	Persoas protexidas.
Artigo 206.	Acción protectora.

CAPÍTULO II

Nivel contributivo

Artigo 207.	Requisitos para o nacemento do dereito ás prestacións.
Artigo 208.	Situación legal de desemprego.
Artigo 209.	Solicitud e nacemento do dereito ás prestacións.
Artigo 210.	Duración da prestación por desemprego.
Artigo 211.	Contía da prestación por desemprego.
Artigo 212.	Suspensión do dereito.
Artigo 213.	Extinción do dereito.
Artigo 214.	Cotización durante a situación de desemprego.

CAPÍTULO III

Nivel asistencial

Artigo 215.	Beneficiarios do subsidio por desemprego.
Artigo 216.	Duración do subsidio.
Artigo 217.	Contía do subsidio.
Artigo 218.	Cotización durante a percepción do subsidio.
Artigo 219.	Dinámica do dereito.

CAPÍTULO IV

Réxime das prestacións

Artigo 220.	Automaticidade do dereito ás prestacións.
Artigo 221.	Incompatibilidades.
Artigo 222.	Desemprego e incapacidade laboral transitoria.

CAPÍTULO V

Réxime financeiro e xestión das prestacións

Sección 1ª. Réxime financeiro

Artigo 223.	Financiamento.
Artigo 224.	Base e tipo de cotización.
Artigo 225.	Recadación.

Sección 2ª. Xestión das prestacións

Artigo 226.	Entidade xestora.
Artigo 227.	Reintegro de pagamentos indebidos.
Artigo 228.	Pagamento das prestacións.
Artigo 229.	Control das prestacións.

CAPÍTULO VI

Réxime de obrigas, infraccións e sancións

- Artigo 230. Obrigas dos empresarios.
 Artigo 231. Obrigas dos traballadores.
 Artigo 232. Infraccións e sancións.
 Artigo 233. Recursos.

CAPÍTULO VII

Dereito supletorio

- Artigo 234. Dereito supletorio.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

- Primeira. Protección dos traballadores emigrantes.
 Segunda. Protección dos traballadores minusválidos.
 Terceira. Inclusión na Seguridade Social dos deportistas de alto nivel.
 Cuarta. Modalidades de integración dos socios traballadores e dos socios de traballo das Cooperativas.
 Quinta. Réxime de Seguridade Social dos asegurados que presten servizos na Administración das Comunidades Europeas.
 Sexta. Protección dos aprendices.
 Sétima. Normas aplicables aos traballadores contratados a tempo parcial.
 Oitava. Normas aplicables a Réximes Especiais.
 Novena. Validez, para efectos das prestacións, das cotas anteriores á alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.
 Décima. Normas para o cálculo da pensión de xubilación no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.
 Undécima. Formalización da cobertura da prestación económica por incapacidade laboral transitoria.
 Duodécima. Profesores universitarios eméritos.
 Décimo terceira. Pensións do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez.
 Décimo cuarta. Duración da prestación por desemprego nos procesos de reconversión e reindustrialización.
 Décimo quinta. Cotización por desemprego no Réxime Especial de Traballadores do Mar.
 Décimo sexta. Cobertura de desemprego para traballadores retribuídos á parte.
 Décimo sétima. Desemprego dos traballadores de estiba portuaria.
 Décimo oitava. Xestión das pensións non contributivas.
 Décimo novena. Institución Social da Mariña.
 Vixésima. Consideración dos servizos prestados en segundo posto ou actividade ás Administracións Públicas.
 Vixésimo primeira. Cotización e recadación das contribucións ao Fondo de Garantía Salarial e para Formación Profesional.
 Vixésimo segunda. Ingresos por venda de bens e servizos prestados a terceiros.
 Vixésimo terceira. Competencias en materia de autorizacións de gastos.
 Vixésimo cuarta. Réximes Especiais excluídos da aplicación das normas sobre inspección e recadación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

- Primeira. Dereitos transitorios derivados da lexislación anterior a 1967.
 Segunda. Cotizacións efectuadas en anteriores réximes.
 Terceira. Aplicación de lexislacións anteriores para causar dereito a pensión de xubilación.
 Cuarta. Aplicación paulatina dos períodos de cotización esixibles para a pensión de xubilación.
 Quinta. Normas transitorias sobre base reguladora da pensión de xubilación.
 Sexta. Incompatibilidades das prestacións non contributivas.
 Sétima. Prestacións do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez.
 Oitava. Integración de Entidades substitutorias.
 Novena. Entidades non substitutorias pendentes de integración.
 Décima. Situación asimilada á de alta nos procesos de reconversión.

Undécima. Pervivencia de subsidios económicos da Lei de Integración Social dos Minusválidos.
 Duodécima. Débedas coa Seguridade Social dos Clubes de Fútbol.
 Décimo terceira. Concertos para a recadación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Aplicación da Lei.
 Segunda. Competencias doutros Departamentos ministeriais.
 Terceira. Achega de datos ás Entidades xestoras.
 Cuarta. Acomodación das normas sobre pensión de xubilación por diminución da idade.
 Quinta. Habilitacións ao Goberno en materia de protección por desemprego.
 Sexta. Efectos das modificacións en materia de protección por desemprego.
 Sétima. Desenvolvemento regulamentario.

TÍTULO PRIMEIRO

NORMAS XERAIS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

CAPÍTULO I

Normas preliminares

Artigo 1. Dereito dos españois á Seguridade Social.-

O dereito dos españois á Seguridade Social, establecido no artigo 41 da Constitución, axustarase ao disposto nesta Lei.

Artigo 2. Fins da Seguridade Social.-

O Estado, por medio da Seguridade Social, garántelles ás persoas comprendidas no campo de aplicación desta, por realizaren unha actividade profesional ou por cumpriren os requisitos esixidos na modalidade non contributiva, así como aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección axeitada fronte ás continxencias e nas situacións que se establecen nesta Lei.

Artigo 3. Irrenunciabilidade dos dereitos da Seguridade Social.-

Será nulo todo pacto, individual ou colectivo, polo cal o traballador renuncie aos dereitos que lle confire esta Lei.

Artigo 4. Delimitación de funcións.-

1. Correspóndelle ao Estado a ordenación, xurisdicción e inspección da Seguridade Social.
2. Os traballadores e empresarios colaborarán na xestión da Seguridade Social nos termos establecidos nesta Lei, sen prexuízo doutras formas de participación dos interesados establecidas polas Leis, de acordo co artigo 129.1 da Constitución.
3. En ningún caso, a ordenación da Seguridade Social poderá servir de fundamento a operacións de lucro mercantil.

Artigo 5. Competencias do Ministerio de Traballo e Seguridade Social e doutros Departamentos ministeriais.-

1. As funcións non xurisdiccionais do Estado en materia de Seguridade Social que non sexan propias do Goberno exerceraas o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das que lles poidan corresponder, no ámbito específico das súas respectivas áreas, a outros Departamentos ministeriais.

2. Dentro das competencias do Estado, correspóndenlle ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social, en relación coas materias reguladas nesta Lei, as seguintes facultades:

a) Propoñerlle ao Goberno os Regulamentos xerais para a súa aplicación.

b) O exercicio da potestade regulamentaria non comprendida no apartado anterior.

c) A dirección e tutela das Entidades xestoras e Servicios comúns da Seguridade Social, así como das Entidades que colaboren na xestión desta, podendo suspender ou modificar os poderes e facultades dos mesmos nos casos e coas formalidades e requisitos que se determinen regulamentariamente.

d) A inspección da Seguridade Social a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social organizará de forma adecuada os Servicios e Institucións que teñan que levar a cabo os oportunos estudos xurídicos, sociolóxicos, económicos e estatísticos da Seguridade Social, así como os de simplificación e racionalización das operacións e trámites administrativos que esixa o seu desenvolvemento e aplicación.

4. O exercicio das competencias atribuídas ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social en relación coa Seguridade Social corresponderalles aos órganos e servicios determinados nesta Lei, nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento ou nas orgánicas do Ministerio.

Artigo 6. Coordinación de funcións afíns.-

Correspóndelle ao Goberno dictar as disposicións necesarias para coordinar a acción dos Organismos, Servicios e Entidades xestoras do sistema da Seguridade Social coa dos que cumpren funcións afíns de Previsión Social, Sanidade, Educación e Asistencia Social.

CAPÍTULO II

Campo de aplicación e estrutura do sistema da Seguridade Social

Artigo 7. Extensión do campo de aplicación.-

1. Estarán comprendidos no sistema da Seguridade Social, para efectos das prestacións de modalidade contributiva, todos os españois, calquera que sexa o seu sexo, estado civil e profesión, que residan e exerzan normalmente a súa actividade en territorio nacional e estean incluídos nalgún dos apartados seguintes:

a) Traballadores por conta allea nas distintas ramas da actividade económica ou asimilados a eles, ben sexan eventuais, de tempada ou fixos, mesmo de traballo discontinuo, e incluídos os traballadores a domicilio, e con independencia, en todos os casos, da categoría profesional do traballador, da forma e contía da remuneración que perciba e da natureza común ou especial da súa relación laboral.

b) Traballadores por conta propia ou autónomos, sexan ou non titulares de empresas individuais ou familiares, maiores de dezoito anos, que reúnan os requisitos que de modo expreso se determinen regulamentariamente.

c) Socios traballadores de Cooperativas de Traballo Asociado.

d) Estudiantes.

e) Funcionarios públicos, civís e militares.

2. Para efectos do establecido no apartado anterior, non terán a consideración de traballadores por conta allea, agás proba en contra: o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e, se é o caso, por adopción, ocupadas no seu centro ou centros de traballo, cando convivan no seu fogar e estean ao seu cargo.

3. Así mesmo, estarán comprendidos no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social, para efectos das prestacións de modalidade non contributiva, todos os españois residentes en territorio nacional.

4. O Goberno, no marco dos sistemas de protección social pública, poderá establecer medidas de protección social en favor dos españois non residentes en España, de acordo coas características dos países de residencia.

5. Os hispanoamericanos, portugueses, brasileiros, andorranos e filipinos, que residen e estean legalmente en territorio español, equipáranse aos españois para efectos do establecido no presente artigo. Con respecto aos nacionais doutros países, estarase conforme o establecido nos Tratados, Convenios, Acordos ou Instrumentos ratificados, subscritos ou aprobados para o efecto, ou a canto lles for aplicable en virtude de reciprocidade tácita ou expresamente recoñecida.

6. Malia o establecido nos apartados anteriores deste artigo, o Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, e oídos os Sindicatos máis representativos ou o Colexio Oficial competente, poderá, a pedimento dos interesados, excluír do campo de aplicación do Réxime da Seguridade Social correspondente as persoas con traballo por conta allea, o cal, en atención á súa xornada ou á súa retribución, poida considerarse marxinal e non constitutivo de medio fundamental de vida.

Artigo 8. Prohibición de inclusión múltiple obrigatoria.-

1. As persoas comprendidas no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social non poderán estar incluídas polo mesmo traballo, con carácter obrigatorio, noutros réximes de previsión distintos dos que integran o dito sistema.

2. Os sistemas de previsión obrigatoria distintos dos regulados nesta Lei, que puidesen ter constituídos determinados grupos profesionais, integraranse no Réxime Xeral ou nos Réximes Especiais, segundo proceda, sempre que resulte obrigatoria a inclusión dos grupos mencionados no campo de aplicación dos ditos Réximes.

Artigo 9. Estructura do sistema da Seguridade Social.-

1. O sistema da Seguridade Social está integrado polo seguintes Réximes:

a) O Réxime Xeral, que se regula no Título II desta Lei.

b) Os Réximes Especiais a que se refire o artigo seguinte.

2. A medida que os Réximes que integran o sistema da Seguridade Social se regulen de conformidade co establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 10, dictaranse as normas regulamentarias relativas ao tempo, alcance e condicións para a conservación dos dereitos en curso de adquisición das persoas que pasen duns a outros Réximes, mediante a totalización dos períodos de permanencia en cada un dos ditos Réximes, sempre que non se superpoñan. As ditas normas axustaranse ao establecido neste apartado, calquera que sexa o Réxime a que deban afectar, e terán en conta a extensión e contido alcanzado pola acción protectora de cada un deles.

Artigo 10. Réximes especiais.-

1. Estableceranse Réximes Especiais naquelas actividades profesionais en que, pola súa natureza, as súas peculiares condicións de tempo e lugar ou pola índole dos seus procesos productivos, se fixese preciso o tal establecemento para a axeitada aplicación dos beneficios da Seguridade Social.

2. Consideraranse Réximes Especiais os que encadren os grupos seguintes:

a) Traballadores dedicados ás actividades agrícolas, forestais e pecuarias, así como os titulares de pequenas explotacións que as cultiven directa e persoalmente.

b) Traballadores do mar.

c) Traballadores por conta propia ou autónomos.

d) Funcionarios públicos, civís e militares.

e) Empregados do fogar.

f) Estudiantes.

g) Os demais grupos que determine o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, por considerar necesario o establecemento para eles dun Réxime Especial, de acordo co establecido no apartado 1 deste artigo.

3. O Réxime Especial correspondente ao grupo d) do apartado anterior rexerase pola Lei ou Leis específicas que se dicten para o efecto. Así mesmo, rexeranse por Leis específicas os Réximes Especiais que corresponden aos grupos a) e b) do citado apartado, debéndose tender na súa regulación á homoxeneidade co Réxime Xeral, nos termos que se sinalan no apartado seguinte deste artigo.

4. Nas normas regulamentarias dos Réximes Especiais non comprendidos no apartado anterior, determinarase para cada un deles o seu campo de aplicación e regularanse as distintas materias relativas aos mesmos, aténdose ás disposicións deste Título e tendendo á máxima homoxeneidade co Réxime Xeral, que permitan as dispoñibilidades financeiras do sistema e as características dos distintos grupos afectados polos ditos Réximes.

5. De conformidade coa tendencia á unidade que debe presidir a ordenación do sistema da Seguridade Social, o Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, poderá dispoñer a integración no Réxime Xeral de calquera dos Réximes Especiais correspondentes aos grupos que se relacionan no apartado 2 deste artigo, a excepción dos que se deban rexer por Leis específicas, sempre que isto sexa posible tendo en conta as peculiares características dos grupos afectados e o grao de homoxeneidade co Réxime Xeral alcanzado na regulación do Réxime Especial de que se trate.

De igual xeito, poderase dispoñer que a integración establecida no parágrafo anterior se faga noutro Réxime Especial cando así o aconsellen as características de ambos os Réximes e se logre con iso unha meirande homoxeneidade co Réxime Xeral.

Artigo 11. Sistemas especiais.-

Naqueles Réximes da Seguridade Social en que así resulte necesario, poderanse establecer sistemas especiais exclusivamente nalgunha ou nalgunhas das seguintes materias: encadramento, afiliación, forma de cotización ou recadación. Na regulación de tales sistemas informará o Ministerio competente por razón da actividade ou condición das persoas neles incluídos.

Afiliación, cotización e recadación

Sección 1ª. Afiliación ao sistema e altas e baixas nos Réximes que o integran

Artigo 12. Obrigatoriedade e alcance da afiliación.-

A afiliación á Seguridade Social é obrigatoria para as persoas a que se refire o apartado 1 do artigo 7 desta Lei, e única para a vida das mesmas e para todo o sistema, sen prexuízo das altas e baixas nos distintos Réximes que o integran, así como das demais variacións que se poidan producir con posterioridade á afiliación.

Artigo 13. Formas de se practicar a afiliación e as altas e baixas.-

1. A afiliación poderase practicar a petición das persoas e entidades obrigadas ao dito acto, a pedimento dos interesados ou de oficio pola Administración da Seguridade Social.
2. Corresponderalles ás persoas e entidades que regulamentariamente se determinen o cumprimento das obrigas de solicitaren a afiliación e de lles daren conta aos correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social dos feitos determinantes das altas, baixas e demais alteracións a que refire o artigo anterior.
3. Se as persoas e entidades ás que incumban as tales obrigas non as cumprisen, poderán os interesados instar directamente a súa afiliación, alta ou baixa, sen prexuízo de que se fagan efectivas as responsabilidades en que aquelas incorresen, incluído, se é o caso, o pagamento ao seu cargo das prestacións, e de que se impoñan as sancións que sexan procedentes.
4. Tanto a afiliación como os trámites determinados polas altas, baixas e demais variacións a que se refire o artigo anterior, poderán ser realizados de oficio ou polos correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social cando, a raíz das actuacións dos Servicios de Inspección ou por calquera outro procedemento, se comprobe a inobservancia das ditas obrigas.

Artigo 14. Obrigas da Administración da Seguridade Social e dereito á información.-

1. Os correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social competentes na materia manterán ao día os datos relativos ás persoas afiliadas, así como os das persoas e entidades ás que corresponde o cumprimento das obrigas nesta sección.
2. Os empresarios e os traballadores terán dereito a ser informados polos correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social acerca dos datos a eles referentes que obren nos mesmos. De igual dereito gozarán as persoas que acrediten un interese persoal e directo, de acordo co establecido nesta Lei.

Sección 2ª. Cotización

Artigo 15. Obrigatoriedade.-

1. A cotización é obrigatoria nos Réximes Xeral e Especiais.
2. A obriga de cotizar orixinarase desde o momento de iniciación da actividade correspondente, determinándose nas normas reguladoras de cada Réxime as persoas que teñan que cumprila.

Artigo 16. Bases e tipos de cotización.-

1. As bases e tipos de cotización á Seguridade Social serán os que estableza cada ano a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2. As bases de cotización á Seguridade Social, en cada un dos seus Réximes, terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, agás disposición expresa en contra.

Artigo 17. Primas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.-

As primas correspondentes ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais terán, para todos os efectos, a condición de cotas da Seguridade Social.

Sección 3ª. Recadación

Subsección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 18. Competencia.-

A Tesourería Xeral da Seguridade Social, como caixa única do sistema da Seguridade Social, levará a efecto a xestión recadatoria dos recursos desta, tanto voluntaria como executiva, baixo a dirección, vixilancia e tutela do Estado.

2. Para realizar a función recadatoria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá concertar os servizos que considere convenientes coas Administracións estatal, institucional, autonómica, local ou entidades particulares habilitadas para o efecto e, en especial, cos servizos do Ministerio de Economía e Facenda.

3. As habilitacións que se lles outorguen ás entidades particulares a que se refire o apartado anterior terán, en todo caso, carácter temporal. Os concertos con tales entidades terán que ser autorizados polo Consello de Ministros.

Artigo 19. Prazo, lugar e forma de liquidación das cotas e demais recursos.-

1. Os suxeitos obrigados ingresarán as cotas e demais recursos no prazo, lugar e forma que se establezan nesta Lei, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento ou nas disposicións específicas aplicables aos distintos Réximes e aos sistemas especiais.

2. O ingreso das cotas e demais recursos realizarase directamente na Tesourería Xeral da Seguridade Social ou a través das entidades concertadas conforme ao artigo 18 desta Lei.

3. Tamén se poderán ingresar as cotas e demais recursos nas entidades autorizadas para o efecto polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, que dictará as normas para o exercicio desta función e poderá revogar a autorización concedida, en caso de incumprimento, logo de expediente previo incoado para o efecto.

4. O ingreso das cotas nas entidades concertadas ou autorizadas producirá, desde o momento en que se leve a cabo, os mesmos efectos que se se realizase na propia Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Artigo 20. Aprazamento e fraccionamento de pagamento.-

1. Poderán concederse aprazamentos ou fraccionamentos no pagamentos de débedas por cotas da Seguridade Social ou recargas sobre estas, así como daquelas débedas coa Seguridade Social o obxecto das cales o constituían recursos que non teñen a natureza xurídica de cotas.

2. Os aprazamentos ou fraccionamentos de débedas coa Seguridade Social non poderán comprender as cotas correspondentes ás continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional nin a contribución dos traballadores correspondente ás cotas aprazadas.

3. Os aprazamentos e fraccionamentos das débedas da Seguridade Social poderanse conceder na forma e cos requisitos e condicións establecidos polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, atendendo ás circunstancias que concorran en cada caso, establecidas regulamentariamente. A eficacia da resolución administrativa pola que se conceda o aprazamento ou fraccionamento estará supeditada a que se garanta a obriga, nos termos que regulamentariamente se establezan, mediante a constitución dos correspondentes dereitos reais ou persoais, salvo que concorran causas de carácter extraordinario que aconsellen eximir desta obriga.

Insérese o número 3 do artigo 20 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

4. O aprazamento ou fraccionamento no pagamento de débedas coa Seguridade Social dará lugar á retribución de xuro, que será esixible desde a concesión do aprazamento ata a data de pagamento, conforme co tipo de xuro legal do diñeiro que se fixe de acordo co establecido na Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro.

Artigo 21. Prescrición.-

A obriga de pagamento de cotas á Seguridade Social prescribirá aos cinco anos, que se contarán desde a data en que preceptivamente deberon ser ingresadas.

A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento do responsable do pagamento conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, pola súa reclamación administrativa mediante reclamación de débeda ou acta de liquidación.

Insérese o precedente artigo 21 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 22. Prelación de créditos.-

Os créditos por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunto e, se é o caso, as recargas ou xuros que sobre aqueles procedan, gozarán, respecto da totalidade destes, de igual orde de preferencia que os créditos a que se refire o artigo 1 do artigo 1.924 do Código Civil e o parágrafo D), do artigo 913 do Código de Comercio.

Os demais créditos da Seguridade Social gozarán da mesma orde de preferencia establecida no apartado 2, parágrafo E), do artigo 1.924 do Código Civil e no apartado 1, parágrafo D), do artigo 913 do Código de Comercio.

Artigo 23. Devolución de ingresos debidos.-

1. As persoas obrigadas a cotizar terán dereito, nos termos e supostos que regulamentariamente se fixen, á devolución total ou parcial das cotas que por erro se ingresasen.

2. O dereito á devolución caducará aos cinco anos, que se contarán desde o día seguinte ao ingreso das cotas.

3. Non procederá a devolución de cotas ingresadas maliciosamente, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde a que houbese lugar.

Artigo 24. Transaccións sobre dereitos da Seguridade Social.-

Non se poderá transixir xudicial nin extraxudicialmente sobre os dereitos da Seguridade Social non someter a arbitrase as contendas que se susciten respecto destas, senón mediante Real Decreto acordado en Consello de Ministros, logo de audiencia previa do Consello de Estado.

Malia o establecido no parágrafo anterior, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá subscribir directamente os acordos ou convenios en procesos concursais establecidos nas seccións 1ª e 8ª do Título XII do Libro Segundo e na sección 6ª do Título XIII do Libro Segundo da Lei de Axuizamento Civil e na Lei de Suspensión de Pagamentos do 26 de xullo de 1922.

Subsección 2ª. Recadación en período voluntario

Artigo 25. Prazo regulamentario de ingreso.-

As débedas coa Seguridade Social deberanse satisfacer dentro dos prazos regulamentarios establecidos nas normas reguladoras dos distintos recursos obxecto destas. Se as ditas débedas se pagasen fóra do prazo regulamentario, aboaranse coa recarga de demora ou de prema fixada nesta Lei.

Artigo 26. Presentación dos documentos de cotización e compensación.-

1. Os suxeitos responsables do pagamento das cotas deberano efectuar con suxeición ás formalidades que, en cada caso, se impoñan, debendo presentar, ineludiblemente, os documentos de cotización debidamente cubertos dentro do prazo regulamentario, aínda que non ingresen as cotas correspondentes. A dita presentación ou a súa falta producirán os efectos sinalados nesta Lei e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. A presentación dos documentos de cotización en prazo regulamentario permitiralles aos suxeitos responsables compensar o seu crédito polas prestacións aboadas como consecuencia da súa colaboración obrigatoria coa Seguridade Social e a súa débeda polas cotas debidas no mesmo período a que se refiren os documentos de cotización, calquera que sexa o momento do pagamento de tales cotas.

Fóra do suposto regulado neste número, os suxeitos responsables do pagamento de cotas non poderán compensar os seus créditos fronte á Seguridade Social por prestacións satisfeitas en réxime de pagamento delegado ou por calquera outro concepto co importe daquelas cotas, calquera que sexa o momento do pagamento destas e fosen ou non reclamadas en período voluntario ou en vía de constrinximento, sen prexuízo do dereito dos suxeitos responsables para solicitaren o pagamento dos seus respectivos créditos fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social ou á Entidade xestora correspondente.

Insérese o precedente artigo coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 27. Recargas de demora e de prema aplicables ás cotas.-

1. Transcorrido o prazo regulamentario establecido para o pagamento das cotas á Seguridade Social sen ingreso destas, adquirirase automaticamente dereito ás seguintes recargas:

1.1. Cando os suxeitos responsables do pagamento presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario:

a) Recarga de demora do 5 por cento da débeda, se aboaren as cotas debidas dentro dos dous meses naturais seguintes ao do vencemento do prazo regulamentario.

b) Recarga de demora do 20 por cento, se aboaren as cotas debidas despois do vencemento do prazo a que se refire o apartado a) precedente e antes de se iniciar a vía de constrinximento.

c) Recarga de prema do 20 por cento, se aboaren as cotas debidas despois de se iniciar a vía de constrinximento.

1.2. Cando os suxeitos responsables do pagamento non presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario:

a) Recarga de demora do 20 por cento, se aboaren as cotas debidas antes de se iniciar a vía de constrinximento.

b) Recarga de prema do 35 por cento, se aboaren as cotas debidas despois de se iniciar a vía de constrinximento.

2. Cando a orixe ou a causa da demora sexa imputable a erro da Administración, sen que esta actúe en calidade de empresario, non se aplicará recarga ningunha por demora, independentemente da obriga de resarcir o traballador dos prexuízos que a dita demora lle puidese ocasionar.

Insérese o precedente artigo coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 28. Recargas de demora e de prema aplicables ás débedas que non sexan por cotas.-

1. As débedas coa Seguridade Social que teñan o carácter de ingresos de dereito público e o obxecto das cales estea constituído por recursos distintos a cotas, recargas ou, se é o caso, xuros sobre unhas e outros, incrementaranse cunha recarga de demora do 20 por cento cando se paguen fóra do prazo regulamentario que teñan establecido.

2. Se a débeda for satisfeita despois de iniciada a vía de constrinximento, a recarga desta natureza aplicable será, así mesmo, do 20 por cento.

Insérese o precedente artigo coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 29. Ingreso e incompatibilidade das recargas.-

1. As recargas de demora ou de prema ingresaranse conxuntamente coas débedas principais sobre as que recaían.

2. As recargas de demora son incompatibles entre si e coa de prema, que, así mesmo, é incompatible con outra recarga de prema sobre a mesma débeda.

Artigo 30. Reclamacións de débedas.-

1. Vencido o prazo regulamentario sen ingreso das cotas debidas, a Tesourería Xeral da Seguridade Social reclamaralle ao suxeito responsable o importe das ditas cotas, incrementando o seu importe coas recargas que procedan conforme ao establecido no número 1 do artigo 27 desta Lei, nos seguintes supostos:

a) Falta total de cotización respecto dos traballadores dados de alta e que figuran nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario.

b) Falta de pagamento de calquera das contribucións que integran as cotas cando se presentasen en prazo regulamentario os documentos de cotización.

c) Diferencias nas cotas debidas por traballadores dados de alta ou nas recargas aplicables a estas por erros nas liquidacións practicadas nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario, sempre que tales diferencias resulten directamente dos ditos documentos.

d) Débedas por cotas relativas a traballadores dados de alta incluídos nos Réximes Especiais dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e Empregados de Fogar, por cotas fixas do Réxime Especial Agrario e do Réxime Especial de Traballadores do Mar, así como as relativas ao Seguro Escolar e calquera outra cota fixa que se estableza.

e) Todas aquelas débedas por cotas nas cales a súa liquidación non lle corresponda á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Os importes que figuren nas reclamacións de débedas por cotas, impugnadas ou non, deberán ser feitos efectivos ata o último día hábil do mes seguinte ao da súa notificación, incidíndose automaticamente, en caso de non pagamento, na situación de prema.

3. Nas débedas o obxecto das cales sexan recursos da Seguridade Social distintos a cotas, se, vencido o prazo regulamentario establecido, non se efectuase o seu pagamento na contía fixada na reclamación da débeda pola Tesourería Xeral non impugnada, incidirase automaticamente na situación de prema con aplicación da recarga establecida no artigo 28 desta Lei.

4. Se, fronte ás reclamacións de débedas a que se refiren os números anteriores, se formulare recurso ordinario, a súa interposición non suspenderá o procedemento recadatorio, salvo que se garanta con aval suficiente ou se consigne o importe da débeda, incluído, se é o caso, a recarga de demora en que se incorrese; neste suposto o importe da débeda fixada na resolución administrativa que recaia deberase pagar dentro dos quince días seguintes a aquel en que se notifique a dita resolución, incidíndose automaticamente, noutro caso, na situación de prema.

Insérese o precedente artigo 30 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 31. Actas de liquidación de cotas.-

1. Procederá a expedición de actas de liquidación nas débedas por cotas orixinadas por:

a) Falta de afiliación ou de alta de traballadores en calquera dos Réximes do sistema da Seguridade Social.

b) Falta de cotización por traballadores dados de alta, cando o suxeito responsable non presentase os documentos de cotización en prazo regulamentario, así como por traballadores que non figuren en tales documentos aínda que estes se presenten dentro do dito prazo regulamentario.

c) Diferencias de cotización por traballadores dados de alta, cando as ditas diferencias non resulten directamente dos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario e, en todo caso, dos presentados fóra do dito prazo.

As actas de liquidación de cotas redactaraas a Inspección de Traballo e Seguridade Social, e notificaraas a Tesourería Xeral da Seguridade Social, que, así mesmo, notificará as actas que figuren no documento único a que se refire o número 5 deste artigo.

2. Na Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social existirá unha unidade da Inspección de Traballo e Seguridade Social para o exercicio das funcións descritas no número anterior, e as específicas que lle encomende a Tesourería Xeral da Seguridade Social no ámbito da xestión recadatoria e no das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A dita Unidade coordinará as actuacións que nesta materia e no seu respectivo ámbito territorial realicen os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social non integrados na Unidade.

A cada unidade da Inspección de Traballo e Seguridade Social adscribiranse os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social que considere necesario o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, dependendo en todo o relacionado co exercicio das súas funcións inspectoras da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, coa que se relacionarán directamente.

Malia o establecido no parágrafo anterior, os funcionarios do Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social poderán desenvolver a totalidade dos cometidos que o dito Corpo ten encomendados, segundo o establecido na disposición adicional terceira da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Os interesados poderán formular, perante o respectivo Director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, recurso ordinario fronte ás actas de liquidación notificadas, as cales enviará aos traballadores afectados, que poderán interpoñer o dito recurso respecto do período de tempo ou a base de cotización a que a liquidación se contrae e improcedencia da liquidación.

4. Os importes dos descubertos que figuran nas actas de liquidación, obxecto ou non de recurso ordinario, deberán ser feitos efectivos ata o último día do mes seguinte ao da súa notificación, incidíndose automaticamente noutro caso na situación de prema.

Se contra a acta de liquidación se formulare recurso ordinario, estarase conforme co establecido no número 4 do artigo anterior.

5. As actas de infracción por infraccións graves tipificadas no artigo 14.1, apartados 2, 4 e 5 da Lei 8/1988, do 7 de abril, que impliquen a expedición de actas de liquidación que se refiran aos mesmos feitos, formalizaranse nun documento único, a proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, axustándose o procedemento sancionador e liquidatorio aos trámites establecidos nesta Lei e na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.

As sancións que procedan polas infraccións a que se refire este apartado reduciranse automaticamente ao 50 por cento da súa contía cando o suxeito infractor dea a súa conformidade á liquidación practicada e cumpra as súas obrigas no prazo que se fixe para o efecto.

A competencia para resolver estes expedientes unificados corresponderalles aos xefes das unidades da Inspección de Traballo e Seguridade Social nas Direccións Provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Contra as ditas resolucións caberá recurso ordinario perante o Director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, nos termos establecidos no apartado 3 deste artigo.

6. Os importes das sancións e das liquidacións que figuran no documento único a que se refire o número anterior deberán ser feitos efectivos ata o último día do mes seguinte ao da notificación da resolución que imponha a sanción e confirme a liquidación, iniciándose automaticamente en defecto de pagamento a vía de constrinximento.

Se contra a dita resolución se formulase recurso ordinario perante o Director provincial da Tesourería, estarase conforme ao establecido no número 4 do artigo anterior.

Insérese o precedente artigo 31 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 32. Determinación das débedas por cotas.-

1. As reclamacións de débedas por cotas, nos supostos a que se refiren os apartados a), b), c) e e) do número 1 do artigo 30 redactaranse en función das bases declaradas polo suxeito responsable e, se non existise declaración, tomarase como base de cotización a media, entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrada a categoría dos traballadores a que se refire a reclamación.

2. As actas de liquidación redactaranse segundo a remuneración total que teña dereito a percibir o traballador ou a que efectivamente perciba de ser esta superior en razón do traballo que realice por conta allea e que deba integrar a base de cotización nos termos establecidos na Lei ou nas normas de desenvolvemento.

Cando a Inspección de Traballo e Seguridade Social se vexa na imposibilidade de coñecer o importe das remuneracións percibidas polo traballador, considerarase como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrada a categoría dos traballadores a que se refira a acta de liquidación.

Insérese o precedente artigo 32 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Subsección 3º. Recadación en vía executiva

Artigo 33. Procedemento de prema e título executivo.-

1. Transcorridos os prazos fixados, nos seus respectivos casos, nos artigos 30 e 31 desta Lei, sen que se satisfixese a débeda e con independencia do recurso contencioso-administrativo que os interesados poidan formular, pasarase automaticamente á vía de constrinximento con aplicación da correspondente recarga do 20 ou do 35 por cento.

A exacción de cotas na dita vía executiva efectuarase mediante o procedemento administrativo de prema seguido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2. O cumprimento das demais débedas coa Seguridade Social, que teñan o carácter de ingresos de dereito público e das cales o seu obxecto non sexan froitos, rendas ou calquera outro produto dos seus bens mobles ou inmoables, esixirase, así mesmo, polo procedemento administrativo de prema seguido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3. As reclamacións de débedas por cotas da Seguridade Social e polos demais recursos da mesma a que se refire o número 2 deste artigo, así como as actas de liquidación de cotas, cando unhas e outras non fosen impugnadas ou, se é o caso, as resolucións administrativas que estas orixinen, se non fosen satisfeitas, constitúen o título executivo para seguir a vía administrativa de constrinximento pola Tesourería Xeral e terán a mesma forza executiva que as sentencias xudiciais para proceder contra os bens e dereitos dos debedores.

Así mesmo, constitúen título executivo as resolucións confirmatorias das actas que figuren no documento único a que se refire o número 5 do artigo 31 desta Lei.

4. As custas e gastos que orixine a recadación en vía executiva serán sempre a cargo do suxeito responsable do pagamento.

5. O Goberno, mediante Real Decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, aprobará o oportuno procedemento para a cobranza dos débitos á Seguridade Social en vía de constrinximento.

Insérese o precedente artigo 33 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 34. Providencia de prema, oposición a esta, notificación de embargo e impugnacións ao procedemento de prema.-

1. A execución contra o patrimonio do debedor á Seguridade Social, conforme aos títulos executivos determinados no número 3 do artigo anterior, despacharase mediante providencia de prema, expedida polo órgano da Tesourería Xeral da Seguridade Social que determine o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, e que lle será notificada ao debedor identificando a débeda pendente e requiríndoo para que efectúe o seu pagamento coa recarga correspondente.

Se o debedor non efectuare o pagamento no prazo que regulamentariamente se estableza, procederase ao embargo dos seus bens, advertíndose así na providencia de prema.

As persoas contra as que se iniciase procedemento executivo por débedas á Seguridade Social poderán formular oposición á prema decretada dentro dos quince días seguintes ao da súa notificación.

2. Contra a providencia de prema só serán admisibles os seguintes motivos de oposición debidamente xustificados:

a) Pagamento.

b) Prescrición.

c) Erro material ou aritmético na determinación da débeda.

d) Condonación, aprazamento da débeda ou suspensión do procedemento.

e) Falta de notificación da reclamación da débeda, da acta de liquidación ou das resolucións que estas orixinen.

Se se formulare impugnación polos motivos indicados neste número, o procedemento de prema unicamente se suspenderá, sen necesidade da presentación da garantía, ata a resolución da oposición.

3. A execución contra o patrimonio do debedor efectuarase mediante o embargo e a realización do valor ou, se é o caso, a adxudicación de bens do debedor en contía suficiente para cubrir o importe da débeda incrementado cunha cantidade a conta para custas do procedemento, que en ningún suposto poderá superar o 3 por cento do citado importe.

Se o cumprimento da débeda coa Seguridade Social estivese garantido mediante aval, peñor, hipoteca ou calquera outra garantía persoal ou real, procederase en primeiro lugar a executala, o que realizarán, en todo caso, os órganos de recadación da Administración da Seguridade Social, a través do procedemento administrativo de prema.

4. Se os interesados formularen recurso ordinario en vía administrativa e, se é o caso, contencioso-administrativa, o procedemento de prema non se suspenderá se non se realiza o pagamento da débeda perseguida, garántese con aval suficiente ou conségñase o seu importe, incluídos a recarga de prema e o 3 por cento para efectos, este último, de cantidade a conta das custas regulamentariamente establecidas, a disposición da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

5. O disposto nos números precedentes enténdese sen prexuízo do especialmente establecido no artigo 35 desta Lei e nos artigos 122 e seguintes da Lei, do 27 de decembro de 1956, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Insérese o precedente artigo 34 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 35. Tercerías.-

1. Correspóndelle á Tesourería Xeral da Seguridade Social a resolución das tercerías que se susciten no procedemento de prema, e a súa interposición perante o dito órgano será requisito previo para que se poidan exercer perante os Tribunais da xurisdicción ordinaria.
2. A tercería só se poderá fundar no dominio dos bens embargados ao debedor ou no dereito do tercerista a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao perseguido no expediente de prema.
3. Se a tercería fose de dominio, suspenderase o procedemento de prema ata que esta se resolva, e unha vez se tomasen as medidas de aseguramento subseguintes ao embargo, segundo a natureza dos bens. Se fose de mellor dereito, proseguirá o procedemento ata a realización dos bens, e o produto obtido consignarase en depósito como consecuencia da tercería. Non será admitida a tercería de dominio despois de outorgada a escritura, de consumada a venda dos bens de que se trate ou da súa adxudicación en pagamento á Seguridade Social. A tercería de mellor dereito non se admitirá despois de o recadador recibir o prezo da venda.

Artigo 36. Deber de información por entidades financeiras, funcionarios públicos e profesionais oficiais.-

1. As persoas ou entidades depositarias de diñeiro en efectivo ou en conta, valores ou outros bens de debedores á Seguridade Social en situación de prema, están obrigadas a informar á Tesourería Xeral da Seguridade Social e a cumprir os requirimentos que lle sexan feitos por esta no exercicio das súas funcións legais.
2. As obrigas a que se refire o número anterior deberanse cumprir, ben con carácter xeral, ben a requirimento individualizado dos órganos competentes da Administración da Seguridade Social, na forma e prazos que regulamentariamente se determinen.
3. O incumprimento das obrigas establecidas nos números anteriores deste artigo non se poderá amparar no segredo bancario.

Os requirimentos relativos aos movementos de contas correntes, depósitos de aforro e a prazo, contas de préstamos e créditos e demais operacións activas ou pasivas dos Bancos, Caixas de Aforro, Cooperativas de Crédito e cantas persoas físicas ou xurídicas se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, efectuaranse logo de autorización previa do Director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, e nas condicións que regulamentariamente se establezan, do Director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social competente, e deberán precisar as operacións obxecto de investigación, os suxeitos pasivos afectados e o alcance desta en canto ao período de tempo a que se refiren.

4. Os funcionarios públicos, incluídos os profesionais oficiais, están obrigados a colaborar coa Administración da Seguridade Social para subministrar toda clase de información, obxecto ou non de tratamento automatizado, sempre que sexa útil para a recadación de recursos de Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta, de que aqueles dispoñan, salvo que sexa aplicable:

a) O segredo do contido da correspondencia.

b) O segredo dos datos que se lle subministrasen á Administración para unha finalidade exclusivamente estatística.

O segredo do protocolo notarial abranguerá os instrumentos públicos a que se refiren os artigos 34 e 35 da Lei do 28 de maio de 1862 e os relativos a cuestións matrimoniais, con excepción dos referentes ao réxime económico da sociedade conxugal.

5. A obriga dos profesionais de lle facilitar información de transcendencia recadatoria á Administración da Seguridade Social non alcanzará aos datos privados non patrimoniais que coñezan por razón do exercicio da súa actividade, a revelación da cal atente á honra ou á intimidade persoal ou familiar das persoas. Tampouco alcanzará a aqueles datos confidenciais dos seus clientes dos que teña coñecemento como consecuencia da prestación de servizos profesionais de asesoramento ou defensa.

Os profesionais non poderán invocar o segredo profesional para efectos de impedir a comprobación da súa propia cotización á Seguridade Social.

Para efectos do artigo 8, apartado 1, da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, considerarase autoridade competente o Ministro de Traballo e Seguridade Social, os titulares dos órganos e centros directivos da Secretaría Xeral para a Seguridade Social e da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como o Director xeral e os Directores provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

6. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración da Seguridade Social no exercicio das súas funcións recatorias teñen carácter reservado e só se poderán utilizar para os fins recatorios encomendados á Tesourería Xeral da Seguridade Social, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás ás Administracións tributarias para efectos do cumprimento de obrigas tributarias ou para a investigación e persecución de delitos públicos, todo isto sen prexuízo do establecido no Real Decreto-Lei 5/1994, do 29 de abril, polo que se regula a obriga de comunicación de determinados datos a requirimento das comisións parlamentarias de investigación.

Cantas autoridades e funcionarios teñan coñecemento destes datos ou informes estarán obrigados ao máis estrito e completo sigilo respecto deles, agás nos casos de delitos citados, nos que se limitarán a deducir o tanto de culpa ou a remitirlos ao Ministerio Fiscal relación circunstanciada dos feitos que se consideren constitutivos de delito. Con independencia das responsabilidades penais ou civís que puidesen corresponder, a infracción deste particular deber de sigilo considerarase sempre falta disciplinaria moi grave.

7. A cesión daqueles datos de carácter persoal, obxecto de tratamento automatizado, que se deba efectuar á Administración da Seguridade Social conforme ao disposto neste artigo ou, en xeral, en cumprimento do deber de colaborar para a efectiva recadación dos recursos da Seguridade Social, non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito, tampouco non será de aplicación o que, respecto ás Administracións Públicas, establece o apartado 1 do artigo 19 da Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

Insérese o precedente artigo 36 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 37. Levantamento de bens embargables.-

As persoas ou entidades depositarias de bens embargables que, con coñecemento previo do embargo practicado pola Seguridade Social, conforme ao procedemento administrativo de prema regulamentariamente establecido, colaboren ou consintan no levantamento destes, serán responsables solidarios da débeda ata o límite do importe levantado.

CAPÍTULO IV

Acción protectora

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 38. Acción protectora do sistema da Seguridade Social.-

1. A acción protectora do sistema da Seguridade Social comprenderá:

a) A asistencia sanitaria nos casos de maternidade, de enfermidade común ou profesional e de accidentes, sexan ou non de traballo.

b) A recuperación profesional, de procedencia que se aprecie en calquera dos casos que se mencionan no apartado anterior.

c) Prestacións económicas nas situacións de incapacidade temporal; maternidade; invalidez, nas súas modalidades contributiva e non contributiva; xubilación, nas súas modalidades contributiva e non contributiva; desemprego, nos seus niveis contributivo e asistencial; morte e supervivencia; así como as que se outorguen nas continxencias e situacións especiais que regulamentariamente se determinen por Real Decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social.

As prestacións económicas por invalidez e xubilación, nas súas modalidades non contributivas, outorgaranse de acordo coa regulación que das mesmas se contén no Título II desta Lei.

As prestacións por desemprego, nos seus niveis contributivo e asistencial, outorgaranse de acordo coa regulación que das mesmas se contén no Título III desta Lei.

d) Prestacións familiares por fillo ao cargo, nas súas modalidades contributiva e non contributiva.

As prestacións familiares por fillo ao cargo, na súa modalidade non contributiva, outorgaranse de acordo coa regulación que das mesmas se contén no Título II desta Lei.

e) As prestacións de servizos sociais que se poidan establecer en materia de reeducación e rehabilitación de inválidos e de asistencia á terceira idade, así como naquelas outras materias en que se considere conveniente.

2. Igualmente, e como complemento das prestacións comprendidas no apartado anterior, poderán outorgarse os beneficios da asistencia social.

3. A acción protectora comprendida nos números anteriores establece e limita o ámbito de extensión posible do Réxime Xeral e dos Especiais da Seguridade Social, así como da modalidade non contributiva das prestacións.

Insérese o primeiro parágrafo do nº 1, c) deste artigo 38 coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 39. Melloras voluntarias.-

1. A modalidade contributiva da acción protectora que o sistema da Seguridade Social lles outorga ás persoas comprendidas no apartado 1 do artigo 7 desta Lei poderá ser mellorada voluntariamente na forma e condicións que se establezan nas normas reguladoras do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais.

2. Sen outra excepción que o establecemento de melloras voluntarias, conforme ao establecido no número anterior, a Seguridade Social non poderá ser obxecto de contratación colectiva.

Artigo 40. Caracteres das prestacións.-

1. As prestacións da Seguridade Social, así como os beneficios dos seus servizos sociais e da asistencia social, non poderán ser obxecto de retención, sen prexuízo do establecido no apartado 2 deste mesmo artigo, cesión total ou parcial, compensación ou desconto, agás nos dous casos seguintes:

a) No do cumprimento das obrigas alimentarias a favor do cónxuxe e fillos.

b) Cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro da Seguridade Social.

En materia de embargo estarase conforme ao establecido na Lei de Axuizamento Civil.

2. As percepcións derivadas da acción protectora da Seguridade Social estarán suxeitas a tributación nos termos establecidos nas normas reguladoras de cada imposto.

3. Non poderá ser esixida ningunha taxa fiscal, nin dereito de ningunha clase, en cantas informacións ou certificacións teñan que facilitar os correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social, e os organismos administrativos, xudiciais ou de calquera outra clase, en relación coas prestacións e beneficios a que se refire o apartado 1 deste artigo.

Artigo 41. Responsabilidade verbo das prestacións.-

1. As Entidades xestoras da Seguridade Social serán responsables das prestacións das cales lles estea atribuída a xestión, sempre que se cumprisen os requisitos xerais e particulares esixidos para causar dereito a estas nas normas establecidas no Título II desta Lei, polo que respecta ao Réxime Xeral e á modalidade non contributiva das prestacións, e nas específicas que sexan aplicables aos distintos Réximes Especiais.

2. Para a imputación de responsabilidades verbo das prestacións, na súa modalidade contributiva, a entidades ou persoas distintas das determinadas no apartado anterior, estarase conforme ao establecido nesta Lei, nas súas disposicións de desenvolvemento e aplicación ou nas normas reguladoras dos Réximes Especiais.

Artigo 42. Pagamento das pensións contributivas, derivadas de riscos comúns e das pensións non contributivas.-

1. As pensións contributivas derivadas de continxencias comúns de calquera dos Réximes que integran o sistema da Seguridade Social serán satisfeitas en catorce pagas, correspondentes a cada un dos meses do ano e dúas pagas extraordinarias que se retribuirán nos meses de xuño e de novembro.

2. Así mesmo, o pagamento das pensións de invalidez e xubilación, nas súas modalidades non contributivas, fraccionarase en catorce pagas, correspondentes a cada un dos meses do ano e dúas pagas extraordinarias que se retribuirán nos meses de xuño e novembro.

Sección 2ª. Prescrición, caducidade e reintegro de prestacións indebidas

Artigo 43. Prescrición.-

1. O dereito ao recoñecemento das prestacións prescribirá aos cinco anos, contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o feito causante da prestación de que se trate, sen prexuízo das excepcións que se determinen nesta Lei e de que os efectos de tal recoñecemento se produzan a partir dos tres meses anteriores á data en que se presente a correspondente solicitude.

2. A prescrición interromperase polas causas ordinarias do artigo 1.973 do Código Civil e, ademais, pola reclamación perante a Administración da Seguridade Social ou o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, así como en virtude do expediente que tramite a Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación co caso de que se trate.

3. No suposto de que se inicie acción xudicial contra un presunto culpable, criminal ou civilmente, a prescrición quedará en suspenso mentres aquela se tramite, volvéndose contar o prazo desde a data en que se notifique o auto de sobresemento ou desde que a sentenza adquira firmeza.

Artigo 44. Caducidade.-

1. O dereito á percepción das prestacións a tanto alzado e por unha soa vez caducará ao que se faga o ano, que contará desde o día seguinte ao de lle ser notificada en forma a súa concesión ao interesado.
2. Cando se trate de prestacións periódicas, o dereito á percepción de cada mensualidade caducará ao que se faga o ano do seu respectivo vencemento.

Artigo 45. Reintegro de prestacións indebidas.-

1. Os traballadores e as demais persoas que percibisen indebidamente prestacións da Seguridade Social estarán obrigados a reintegrar o seu importe.
2. Quen, por acción ou omisión, contribuíse a facer posible a percepción indebida dunha prestación responderá subsidiariamente cos perceptores, agás boa fe probada, da obriga de reintegrar que se establece no apartado anterior.

Sección 3ª. Revalorización e importes máximos e mínimos de pensións

Subsección 1ª. Disposicións comúns

Artigo 46. Consideración como pensións públicas.-

As pensións aboadas polo Réxime Xeral e os Réximes Especiais, así como as de modalidade non contributiva da Seguridade Social, terán, para efectos do establecido nesta sección, a consideración de pensións públicas, a teor do establecido no artigo 137 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 1990.

Subsección 2. Pensións contributivas

Artigo 47. Limitación da contía inicial das pensións.-

O importe inicial das pensións contributivas da Seguridade Social por cada beneficiario non poderá superar a contía íntegra mensual que estableza anualmente a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Artigo 48. Revalorización.-

1. As pensións recoñecidas por xubilación ou por invalidez permanente, na súa modalidade contributiva, coa base reguladora determinada de conformidade co establecido nos artigos 162.1. e 140, respectivamente, serán revalorizadas ao comezo de cada ano, de acordo co Índice de Prezos ao Consumo previsto para cada ano.
2. O resto das pensións recoñecidas polo Sistema da Seguridade Social revalorizaráase periodicamente o Goberno, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, tendo en conta, entre outros factores indicativos, a elevación do nivel medio dos salarios, o Índice de Prezos ao Consumo e a evolución xeral da economía, así como as posibilidades económicas do sistema da Seguridade Social.
3. As desviacións que se puidesen producir sobre as previsións de inflación para cada ano a que se refire o apartado 1 deste artigo, serán tidas en conta no ano seguinte para mellorar todas as pensións, na súa modalidade contributiva, que sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Artigo 49. Limitación do importe da revalorización anual.-

O importe da revalorización das pensións da Seguridade Social non poderá determinar para estas, unha vez revalorizadas, un valor íntegro anual superior á contía establecida na correspondente Lei de

Orzamentos Xerais do Estado, sumado, se é o caso, ao importe anual íntegro xa revalorizado das outras pensións públicas percibidas polo seu titular.

Artigo 50. Complementos para pensións inferiores á mínima.-

Os beneficiarios de pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban rendas de capital ou traballo persoal ou que, percibíndoas, non excedan da contía que anualmente estableza a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima das pensións, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.

Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equipararanse a rendas de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Artigo 51. Pensións extraordinarias orixinadas por actos de terrorismo.-

As pensións extraordinarias que recoñeza a Seguridade Social, orixinadas por actos de terrorismo, non estarán suxeitas aos límites de recoñecemento inicial e de revalorización de pensións establecidos nesta Lei.

Subsección 3ª. Pensións non contributivas

Artigo 52. Revalorización.-

As pensións da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, serán actualizadas na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, cando menos na mesma porcentaxe que a dita Lei estableza como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.

CAPÍTULO V

Servicios sociais

Artigo 53. Obxecto.-

Como complemento das prestacións correspondentes ás situacións especificamente protexidas pola Seguridade Social, esta, con suxeición ao establecido polo Departamento ministerial que corresponda e en conexión cos seus respectivos órganos e servicios, estenderá a súa acción ás prestacións de servicios sociais establecidas nesta Lei, regulamentariamente ou que no futuro se poidan establecer de conformidade co disposto no apartado 1.e) do artigo 38 desta Lei.

Artigo 54. Dereito á reeducación e rehabilitación.-

1. Os dereitos de quen reúna a condición de beneficiario da prestación de recuperación profesional de inválidos son os regulados no título II desta Lei para os incluídos no Réxime Xeral, e os que, se é o caso, se establezan nas normas reguladoras dos Réximes Especiais para os comprendidos dentro do ámbito de cada un deles.

2. Os minusválidos en idade laboral terán dereito a se beneficiar da prestación de recuperación profesional de inválidos a que se refire o apartado anterior, nas condicións que se establezan regulamentariamente.

CAPÍTULO VI

Asistencia social

Artigo 55. Concepto.-

1. A Seguridade Social, con cargo aos fondos que para tal efecto se determinen, poderalles dispensar ás persoas incluídas no seu campo de aplicación e aos familiares ou asimilados que delas dependan os servizos e auxilios económicos que, en atención a estados e situacións de necesidade, se consideren precisos, logo de demostración previa, agás en casos de urxencia, de que o interesado carece dos recursos indispensables para facer fronte a tales estados ou situacións.

Nas mesmas condicións, nos casos de separación xudicial ou divorcio, terán dereito ás prestacións de asistencia social o cónxuxe e os descendentes que fosen beneficiarios por razón de matrimonio ou filiación.

Regulamentariamente se determinarán as condicións da prestación de asistencia social ao cónxuxe e fillos, nos casos de separación de feito, das persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social.

2. A asistencia social poderá ser concedida polas entidades xestoras co límite dos recursos consignados para este fin nos Orzamentos correspondentes, sen que os servizos ou auxilios económicos outorgados poidan comprometer recursos do exercicio económico seguinte a aquel en que se realice a concesión.

Artigo 56. Contido das axudas asistenciais.-

As axudas asistenciais comprenderán, entre outras, as que se dispensen por tratamentos ou intervencións especiais, en casos de carácter excepcional, por un determinado facultativo ou en determinada institución; por perda de ingresos como consecuencia da rotura fortuíta de aparellos de próteses, e calquera outra análoga a percepción da cal non estea regulada nesta Lei nin nas normas específicas aplicables aos Réximes Especiais.

CAPÍTULO VII

Xestión da Seguridade Social

Sección 1ª. Entidades xestoras

Artigo 57. Enumeración.-

1. A xestión e administración da Seguridade Social efectuarana, baixo a dirección e tutela dos respectivos Departamentos ministeriais, con suxeición a principios de simplificación, racionalización, economía de custos, solidariedade financeira e unidade de caixa, eficacia social e descentralización, as seguintes entidades xestoras:

a) O Instituto Nacional da Seguridade Social, para a xestión e administración das prestacións económicas dos sistema da Seguridade Social, agás as que se mencionan no apartado c) seguinte.

b) O Instituto Nacional da Saúde, para a administración e xestión de servizos sanitarios.

c) O Instituto Nacional de Servizos Sociais, para a xestión das pensións de invalidez e de xubilación, nas súas modalidades non contributivas, así como dos servizos complementarios das prestacións do sistema da Seguridade Social.

2. As distintas entidades xestoras, para efectos da debida homoxeneización e racionalización dos servizos, coordinarán a súa actuación para a utilización de instalacións sanitarias, mediante os concertos ou colaboracións que para o efecto se determinen entre estas.

Artigo 58. Estructura e competencias.-

1. O Goberno, a proposta do Departamento ministerial de tutela, regulamentará a estrutura e competencias das entidades a que se refire o artigo anterior.
2. As entidades xestoras desenvolverán a súa actividade en réxime descentralizado, nos diferentes ámbitos territoriais.
3. Os centros asistenciais das entidades xestoras poderán ser xestionados e administrados polas entidades locais.

Artigo 59. Natureza xurídica.-

1. As entidades xestoras teñen a natureza de entidades de dereito público e capacidade xurídica para o cumprimento dos fins que lles están encomendados.
2. De conformidade co preceptuado no apartado c) do artigo 5 da Lei do 26 de decembro de 1958, non serán de aplicación ás ditas entidades as disposicións da referida Lei.
3. As entidades xestoras gozarán do beneficio de xustiza gratuíta para efectos xurisdiccionais.

Artigo 60. Participación na xestión.-

Facúltase o Goberno para regular a participación no control e vixilancia da xestión das entidades xestoras, que se efectuará gradualmente, desde o nivel estatal ao local, por órganos nos que figurarán, fundamentalmente, por partes iguais, representantes dos distintos sindicatos, das organizacións empresariais e da Administración Pública.

Artigo 61. Relacións e servicios internacionais.-

As entidades xestoras, logo de conformidade previa do Departamento ministerial de tutela, poderán pertencer a asociacións e organismos internacionais, concertar operacións, establecer reciprocidade de servicios con institucións estranxeiras de análogo carácter e participar, na medida e co alcance que se lles atribúa, na execución dos Convenios Internacionais de Seguridade Social.

Sección 2ª. Servicios comúns

Artigo 62. Creación.-

Correspóndelle ao Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, o establecemento de Servicios comúns, así como a regulamentación da súa estrutura e competencias.

Artigo 63. Tesourería Xeral da Seguridade Social.-

1. A Tesourería Xeral da Seguridade Social é un Servicio común con personalidade xurídica propia, no que, por aplicación dos principios de solidariedade financeira e caixa única, se unifican todos os recursos financeiros, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias. Terá ao seu cargo a custodia dos fondos, valores e créditos e as atencións xerais e dos servicios de recadación de dereitos e pagamentos das obrigas do sistema da Seguridade Social.
2. A Tesourería Xeral da Seguridade Social gozará do beneficio a que se refire o apartado 3 do artigo 59. Así mesmo, seralle de aplicación o establecido para as entidades xestoras no artigo 61.

Sección 3ª. Normas comúns ás Entidades xestoras e servicios comúns

Artigo 64. Reserva de nome.-

Ningunha entidade pública ou privada poderá usar en España o título ou os nomes das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, nin os que poidan resultar da adición a estes dalgunhas palabras ou da simple combinación, noutra forma, das principais que os constitúen. Tampouco non poderán incluír na súa denominación a expresión Seguridade Social, agás expresa autorización do Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 65. Exencións tributarias e outros beneficios.-

1. As entidades xestoras e servicios comúns gozarán na mesma medida que o Estado, coas limitacións e excepcións que, en cada caso, estableza a lexislación fiscal vixente, de exención tributaria absoluta, incluídos os dereitos e honorarios notariais e rexistrais, polos actos que realicen ou os bens que adquiran ou posúan afectados para os seus fins, sempre que os tributos ou exaccións de que se trate recaian directamente sobre os organismos de referencia en concepto legal de contribuínte e sen que sexa posible legalmente a traslación da carga tributaria a outras persoas.

2. Tamén gozarán, na mesma medida que o Estado, de franquía postal e telegráfica.

3. As exencións e demais privilexios establecidos neste artigo e no apartado 3 do artigo 59 desta Lei alcanzarán tamén as entidades xestoras en canto afecten a xestión das melloras voluntarias establecidas no artigo 39 desta Lei.

Artigo 66. Persoal.-

1. Os funcionarios da Administración da Seguridade Social rexeranse polo establecido na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e demais disposicións que lles sexan de aplicación.

2. Correspóndelle ao Goberno, a proposta do Ministro competente, o nomeamento e cesamento dos cargos directivos con categoría de Director xeral ou asimilada.

Sección 4ª. Colaboración na xestión da Seguridade Social

Subsección 1ª. Disposición xeral

Artigo 67. Entidades colaboradoras.-

1. A colaboración na xestión do sistema da Seguridade Social levarase a cabo por Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e por empresas, de acordo co establecido nesta sección.

2. A colaboración na xestión tamén a poderán realizar asociacións, fundacións e entidades públicas e privadas, logo da súa inscrición previa nun rexistro público.

Subsección 2ª. Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

Artigo 68. Definición.-

1. As Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais colaborarán na xestión da Seguridade Social, en relación coas continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional.

2. Consideraranse Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, para os efectos deste artigo, as asociacións legalmente constituídas coa responsabilidade mancomunada dos seus asociados, as operacións da cales, sen prexuízo do establecido na disposición adicional undécima da Lei, se reduzan a repartir entre os seus asociados:

a) O custo das prestacións por causa de accidente de traballo sufrido polo persoal ao servizo dos asociados.

b) O custo das prestacións por enfermidades profesionais padecidas polo persoal ao servizo dos asociados, na situación de incapacidade laboral transitoria e período de observación, e, nas demais situacións, a contribución que se lles asigne para facer fronte, en réxime de compensación, á sinistralidade xeral derivada da aludida continxencia.

c) A contribución aos servizos de prevención, recuperación e demais establecidos nesta Lei, en favor das vítimas daquelas continxencias e dos seus beneficiarios.

d) Os gastos de administración da propia entidade.

3. Estas mutuas non poderán dar lugar á percepción de beneficios económicos de ningunha clase a favor dos asociados.

4. Conforme ao establecido no artigo 17 e no apartado 1 do artigo 80, os ingresos que as mutuas obteñan como consecuencia das primas de accidentes de traballo achegadas ás mesmas polos empresarios a elas asociados, así como os bens mobles ou inmoables en que se poidan investir os ditos ingresos, forman parte do patrimonio da Seguridade Social e están afectados ao cumprimento dos fins desta.

Os bens incorporados ao patrimonio das mutuas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1967 ou durante o período comprendido entre esa data e o 31 de decembro de 1975, sempre que neste último caso se trate de bens que proveñan do 20 por cento do exceso de excedentes, así como os que procedan de recursos distintos dos que teñan a súa orixe nas cotas da Seguridade Social, constitúen o patrimonio histórico das mutuas, a propiedade das cales correspóndelles na súa calidade de asociación de empresarios, sen prexuízo da tutela a que se refire o artigo 71 desta Lei.

Este patrimonio histórico está igualmente afectado de xeito estrito ao fin social da entidade, sen que da súa dedicación aos fins sociais da mutua se poidan derivar rendementos ou incrementos patrimoniais que, á súa vez, constitúan gravame para o patrimonio único da Seguridade Social.

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no parágrafo anterior, as mutuas que posúan bens inmoables integrantes do seu patrimonio histórico, destinados a radicar centros e servizos sanitarios ou administrativos para o desenvolvemento das actividades propias da colaboración coa Seguridade Social que teñen encomendada, poderán cargar nas súas respectivas contas de xestión un canon ou custo de compensación pola utilización de tales inmoables, logo de autorización previa e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

5. As Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social gozarán de exención tributaria, nos termos que se establecen para as entidades xestoras, no apartado 1 do artigo 65 desta Lei.

Artigo 69. Requisitos para a súa constitución e funcionamento.-

Para se constituíren e desenvolveren a colaboración na xestión a que se refire o artigo anterior, as mutuas terán que reunir os seguintes requisitos:

a) Que concorran, como mínimo, 50 empresarios e 30.000 traballadores, cotizando un volume de cotas non inferior ao límite que regulamentariamente se estableza.

b) Que limiten a súa actividade, sen prexuízo do establecido na disposición adicional undécima desta Lei, á protección, en réxime de colaboración, das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional.

c) Que presten fianza, na contía que sinalen as disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei, para garantir o cumprimento das súas obrigas.

Artigo 70. Empresarios asociados.-

1. Para formalizar a protección respecto das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal ao seu servizo, os empresarios poderán optar entre facelo na entidade xestora competente ou asociándose a unha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.

2. Os empresarios asociados a unha mutua, para os fins das seguintes normas, terán que protexer na mesma entidade a totalidade dos seus traballadores correspondentes a centros de traballo comprendidos no ámbito da mutua. Para estes efectos, entenderase por centro de traballo o definido como tal na Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos Traballadores.

3. As Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais terán que aceptar toda proposición de asociación e conseguinte protección que se formule, respecto ao seu persoal, por empresarios comprendidos no seu ámbito de actuación, nos mesmos termos e con igual alcance que as entidades xestoras en relación cos empresarios e traballadores que teñan concertada esta continxencia coas mesmas.

A falta de pagamento das cotas por un empresario asociado a unha mutua non poderá dar lugar á resolución do convenio de asociación.

4. Os Estatutos establecerán, necesariamente, a responsabilidade dos asociados que desempeñen funcións directivas, así como do director xerente, xerente ou cargo asimilado, e a forma de facer efectiva a dita responsabilidade. Para tal efecto, recollerase expresamente que responden fronte á Seguridade Social, a Mutua e os empresarios asociados, polo dano que causen por actos contrarios á normativa aplicable ou aos Estatutos, así como polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Así mesmo, deberase consignar a responsabilidade solidaria dos membros da Xunta directiva respecto dos acordos lesivos adoptados por esta, salvo que proben que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou coñecéndoa fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, cando menos, opuxéronse expresamente a el. De igual xeito, deberase sinalar que en ningún caso exonerará de responsabilidades a circunstancia de que o acto ou acordo lesivo fose adoptado, autorizado ou ratificado pola Xunta Xeral.

Insérese o precedente artigo 70 no seu número 4, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220 de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 71. Competencia do Ministerio de Traballo e Seguridade Social.-

1. Correspóndenlle ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social as facultades de dirección e tutela sobre as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, conforme ao establecido no apartado 2.c) do artigo 5.

2. As mutuas serán obxecto, anualmente, dunha auditoría de contas, que será realizada pola Intervención Xeral da Seguridade Social.

Para a realización da dita auditoría, a Intervención Xeral da Seguridade Social, en caso de insuficiencia de medios persoais propios, poderá solicitar a colaboración de entidades privadas, as cales deberán axustarse ás normas e instrucións que determine o dito centro directivo, que lles poderá, así mesmo, efectuar a estas as revisións e os controis de calidade que considere convenientes. A dita colaboración requirirá da autorización ministerial correspondente, a teor do establecido no artigo 93.

3. Con independencia das medidas cautelares de control establecidas no artigo 74 desta Lei, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá acordar, cando se dean os supostos establecidos nas letras a) e b)

do número 1 do mencionado artigo 74, e así se entenda necesario para garantir a axeitada dispensa das prestacións pola entidade aos seus traballadores protexidos, a reposición das reservas obrigatorias das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e mesmo os importes destas que estean regulamentariamente establecidos mediante o establecemento da correspondente contribución entre os seus asociados, como execución parcial da responsabilidade mancomunada que asumen nos resultados da xestión da Mutua.

Insérese o precedente artigo 71 no seu número 3, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 72. Autorización e cesamento.-

1. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social aprobará os Estatutos e autorizará a constitución e actuación das Mutuas da Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, de acordo coas normas desta Lei e das súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.
2. As mutuas poderán cesar na colaboración prevista nesta sección pola súa propia vontade, comunicándollo ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social con tres meses de antelación, como mínimo, para que este efectúe a oportuna liquidación. Igualmente, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá retirar a autorización que se menciona no apartado 1 deste artigo, cando deixen de concorrer as condicións e requisitos esixidos para a constitución destas entidades, e nos demais supostos que se sinalen nas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei.
3. Nos supostos sinalados no número anterior, procederase á liquidación da mutua, e os excedentes que puidesen resultar, unha vez terminado o proceso liquidatorio, destinaranse para os fins específicos de Seguridade Social que determinen os seus estatutos.

Artigo 73. Excedentes.-

Os excedentes anuais obtidos polas mutuas na súa xestión terán que se efectuar, en primeiro lugar, á constitución das reservas que regulamentariamente se determinen. Así mesmo, establecerase regulamentariamente o destino que se lle teña que dar ao exceso dos excedentes que resulte, unha vez cubertas as indicadas reservas, debendo adscribirse, en todo caso, o 80 por cento destes para os fins xerais de prevención e rehabilitación.

Artigo 74. Adopción de medidas cautelares.-

1. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá adoptar as medidas cautelares contidas no número seguinte cando a mutua estea nalgunha das seguintes situacións:

a) Déficit acumulado en contía superior ao 25 por cento do importe teórico das reservas de obrigas inmediatas.

O dito déficit será considerado ao que se dispoña das reservas de estabilización e, de ser necesario, das reservas de obrigas inmediatas e, se é o caso, das voluntarias da entidade.

b) Cando a reserva de obrigas inmediatas non alcance o 80 por cento da súa contía máxima, unha vez esgotada a reserva de estabilización.

c) Dificultades de liquidez que determinasen a demora ou incumprimento no pagamentos das prestacións.

d) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que determinen desequilibrio económico-financeiro que poña en perigo a solvencia ou liquidez da entidade, os intereses dos mutualistas e beneficiarios ou o incumprimento das obrigas contraídas, así como a

insuficiencia ou irregularidade da contabilidade ou administración, en termos que impidan coñecer a situación da entidade.

2. Con independencia das sancións que, polos feitos anteriores e conforme a esta Lei procedan, as medidas cautelares a que se refire o apartado anterior, de acordo coas características da situación, poderán consistir en:

a) Requerir á entidade para que no prazo dun mes presente un programa de viabilidade, rehabilitación ou saneamento a curto ou medio prazo, aprobado pola súa Xunta Directiva, no que se propoñan as adecuadas medidas financeiras, administrativas ou doutra orde, formule previsión dos resultados e fixe os prazos para a súa execución, co fin de superar a situación que deu orixe ao dito requirimento, e garanta en todo caso os dereitos dos traballadores protexidos e da Seguridade Social.

A duración do programa non será superior a tres anos, segundo as circunstancias, e concretará na súa forma e periodicidade as actuacións que se deban realizar.

O Ministerio de Traballo e Seguridade Social aprobarao ou denegaroo no prazo dun mes e, se é o caso, fixará a periodicidade con que a entidade deberá informar do seu desenvolvemento.

b) Convocar os órganos de goberno da entidade, designando a persoa que deba presidir a reunión e dar conta da situación.

c) Suspender nas súas funcións a todos ou algúns dos directivos da entidade, debendo esta designar as persoas que, aceptadas previamente polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, teñan que os substituír interinamente. Se a entidade non o fixese, poderá este Ministerio proceder á súa designación.

d) Ordenar a execución de medidas correctoras das tendencias desfavorables rexistradas no seu desenvolvemento económico e no cumprimento dos seus fins sociais durante os últimos exercicios analizados.

e) Intervir a entidade para comprobar e garantir o correcto cumprimento de ordes concretas emanadas do citado Ministerio cando, noutro caso, se puidesen infrinxir tales ordes e disto derivarse prexuízo mediato ou inmediato para os traballadores protexidos e a Seguridade Social.

3. Para adoptar as medidas cautelares establecidas no apartado anterior, instruírase o correspondente procedemento administrativo con audiencia previa da entidade interesada. Tales medidas cesarán por acordo do Ministerio de Traballo e Seguridade Social cando desaparecesen as causas que as motivaron.

Artigo 75. Incompatibilidades.-

1. Non poderán desempeñar o cargo de director xerente, xerente ou levar baixo calquera outro título a dirección executiva dunha Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social:

a) Os que pertencen ao Consello de Administración ou desempeñen calquera actividade remunerada en calquera empresa asociada á mutua.

b) Os que, eles mesmos, os seus cónxuxes ou fillos sometidos a patria potestade, posúan a titularidade dunha participación igual ou superior ao 25 por cento do capital social en calquera das empresas asociadas á mutua.

c) Os que, como consecuencia dun expediente sancionador, fosen suspendidos das súas funcións, ata o tempo que dure a suspensión.

2. Non poderán formar parte da Xunta Directiva dunha Mutua, nin exercer o cargo de director xerente, xerente ou asimilado, as persoas que, na súa condición de axentes e comisionistas, se dediquen á tramitación por conta da mutua, de convenios de asociación para a cobertura dos riscos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Tampouco non poderá formar parte da Xunta Directiva, nin de seu nin en representación de empresa asociada, calquera persoa que manteña coa Mutua relación laboral, de prestación de servizos de carácter profesional ou que, por calquera outro concepto, perciba da entidade prestacións económicas, a excepción do representante dos traballadores a que se refire o artigo 34.1 do Regulamento Xeral sobre a colaboración das Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social na xestión da Seguridade Social.

Non poderá recaer nunha mesma persoa, e simultaneamente, máis dun cargo da Xunta Directiva das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, ben sexa por si mesmos, como mutualistas, ben en representación doutras empresas asociadas.

3. O incumprimento do previsto nos números anteriores considérase falta moi grave, para efectos do establecido na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.

Insérese o precedente artigo 75 nos seus números 2 e 3, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes, fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe a partir do 1-I-1995.

Artigo 76. Prohibicións.-

1. Os membros da Xunta Directiva, os directores xerentes, xerentes ou asimilados, ou calquera outra persoa que exerza funcións de dirección executiva unha Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais, non poderán comprar nin vender para si mesmos, nin directamente nin por persoa ou entidade interposta, calquera activo patrimonial da entidade.

Para estes efectos, entenderase que a operación se realiza por persoa ou entidade interposta cando se execute por persoa unida por vínculo de parentesco en liña directa ou colateral, consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao inclusive, por mandatario ou fiduciario, ou por calquera sociedade en que as persoas citadas no parágrafo anterior teñan directa ou indirectamente unha porcentaxe igual ou inferior ao 25 por cento do capital social ou exerzan nelas funcións que impliquen o exercicio de poder de decisión.

2. A inobservancia do previsto no apartado anterior será considerada falta moi grave, para efectos do establecido na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións de Orde Social.

3. Con cargo a recursos públicos, as Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social non poderán satisfacer indemnizacións por extinción da relación laboral co seu persoal, calquera que sexa a forma da dita relación e a causa da súa extinción, que superen as establecidas para a relación laboral común regulada no Estatuto dos Traballadores.

Insérese o precedente artigo 76 no seu número 3, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe a partir do 1-I-1995.

Subsección 3ª. Empresas

Artigo 77. Colaboración das empresas.-

1. As empresas, individualmente consideradas e en relación co seu propio persoal, poderán colaborar na xestión da Seguridade Social de xeito exclusivo nalgunha ou nalgunha das formas seguintes:

a) Asumindo directamente o pagamento, ao seu cargo, das prestacións por incapacidade laboral transitoria derivada de accidente de traballo e enfermidade profesional e as prestacións de asistencia sanitaria e recuperación profesional, incluído o subsidio conseguinte que corresponda durante a indicada situación.

b) Asumindo a colaboración na xestión da asistencia sanitaria e da incapacidade laboral transitoria derivadas de enfermidade común e accidente non laboral, con dereito a percibir por isto unha participación na fracción da cota correspondente a tales situacións e continxencias, que determinará o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

c) Pagándolles aos seus traballadores, a cargo da entidade xestora obrigada, as prestacións económicas por incapacidade laboral transitoria, así como as demais que se poidan determinar regulamentariamente.

d) Asumindo directamente o pagamento, ao seu cargo, das prestacións económicas por incapacidade laboral transitoria derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, nas condicións que estableza o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

As empresas que se acollan a esta forma de colaboración terán dereito a reducir a cota á Seguridade Social, mediante a aplicación do coeficiente que, para tal efecto, fixe o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

2. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá establecer, con carácter obrigatorio, para todas as empresas ou para algunhas de determinadas características, a colaboración no pagamento de prestacións a que se refire o apartado c) anterior.

3. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social determinará as condicións polas que se debe rexer a colaboración establecida nos números anteriores deste artigo.

4. A modalidade de colaboración das empresas na xestión da Seguridade Social a que se refire o apartado 1 deste artigo poderá ser autorizada a agrupacións de empresas, constituídas para este único efecto, sempre que reúnan as condicións que determine o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

5. Na regulación das modalidades de colaboración establecidas nos apartados 1.a), b) e d) do apartado 1 e no apartado 4 deste artigo harmonizarase o interese particular pola mellora de prestacións e medios de asistencia coas esixencias da solidariedade nacional.

Sección 5ª. Inspección

Artigo 78. Competencias da Inspección.-

1. A inspección en materia de Seguridade Social exercerase a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, desenvolvendo as funcións e competencias que ten atribuídas pola Lei 39/1962, do 21 de xullo, esta Lei e normas concordantes.

2. Especificamente corresponderalle á Inspección de Traballo e Seguridade Social:

a) A inspección da xestión e funcionamento das entidades xestoras, servizos comúns e institucións da Seguridade Social e, en especial, a vixilancia da morosidade no ingreso e recadación das cotas da Seguridade Social.

b) A inspección da xestión, funcionamento e cumprimento da lexislación que lles sexa de aplicación ás entidades colaboradoras na xestión.

c) A asistencia técnica a entidades e organismos da Seguridade Social, cando lles sexa solicitada.

3. As competencias transcritas serán exercidas de acordo coas facultades e procedementos establecidos nas disposicións aplicables.

Artigo 79. Colaboración coa Inspección.-

Os servicios da Seguridade Social prestaranlle a súa colaboración á Inspección de Traballo e Seguridade Social no que toca á vixilancia que esta ten atribuída respecto ao cumprimento das obrigas de empresarios e traballadores establecidas nesta Lei.

CAPÍTULO VIII

Réxime económico

Sección 1ª. Patrimonio da Seguridade Social

Artigo 80. Patrimonio.-

1. As cotas, bens, dereitos, accións e recursos de calquera outro xénero da Seguridade Social constitúen un patrimonio único afecto aos seus fins, distinto do patrimonio do Estado.

2. A regulación do patrimonio da Seguridade Social rexerase polas disposicións específicas contidas nesta Lei, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento e, no non previsto nestas, polo establecido na Lei do Patrimonio do Estado. As referencias que na Lei do Patrimonio do Estado se efectúan ás Delegacións de Facenda, á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e ao Ministerio de Economía e Facenda entenderanse feitas, respectivamente, ás Direccións Provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 81. Titularidade, adscrición, administración e custodia.-

1. A titularidade do patrimonio único da Seguridade Social correspóndelle á Tesourería Xeral da Seguridade Social. A dita titularidade, así como a adscrición, administración e custodia do referido patrimonio, rexerase conforme ao establecido nesta Lei e demais disposicións regulamentarias.

2. Os certificados que se expidan con relación aos inventarios e documentos oficiais que se conserven na Administración da Seguridade Social serán suficientes para a súa titulación e inscrición nos Rexistros oficiais correspondentes.

Artigo 82. Adquisición de bens inmobles.-

1. A adquisición a título oneroso de bens inmobles da Seguridade Social, para o cumprimento dos seus fins, efectuaraa a Tesourería Xeral da Seguridade Social mediante concurso público, salvo que, en atención ás peculiaridades da necesidade que satisfacer ou á urxencia da adquisición que efectuar, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social autorice a adquisición directa.

2. Correspóndelle ao Director xeral do Instituto Nacional da Saúde autorizar os contratos de adquisición de bens inmobles que o dito Instituto precise para o cumprimento dos seus fins, logo de informe previo da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Será necesaria a autorización do Ministro de Sanidade e Consumo, segundo a contía que se fixe na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

3. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social determinará o procedemento aplicable para a adquisición dos bens afectos ao cumprimento dos fins de colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Artigo 83. Alleamento de bens inmobles e de títulos valores.-

1. O alleamento dos bens inmobles integrados no patrimonio da Seguridade Social requirirá a oportuna autorización do Ministerio de Traballo e Seguridade Social cando o seu valor, segundo taxación pericial, non exceda das contías fixadas pola Lei do Patrimonio, ou do Goberno nos restantes casos.

O alleamento dos bens sinalados no parágrafo anterior realizarase mediante poxa pública, agás cando o Consello de Ministros, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, autorice o alleamento directo. Este poderao autorizar o Ministro de Traballo de Traballo e Seguridade Social cando se trate de bens que non superen o valor fixado na Lei do Patrimonio do Estado.

2. O alleamento de títulos valores, ben sexan estes de renda variable ou fixa, efectuarase logo de autorización previa nos termos establecidos no número anterior deste artigo. Por excepción, os títulos de cotización oficial en Bolsa allearanse necesariamente nesta institución, segundo a lexislación vixente reguladora do mercado de valores, sen que se requira autorización previa para a súa venda cando esta estea esixida para atender o pagamento de prestacións regulamentariamente recoñecidas e o importe bruto da venda non exceda o montante fixado pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Dos alleamentos de tales títulos daráselle conta ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 84. Arrendamento e cesión de bens inmobles.-

1. Os arrendamentos de bens inmobles que deba efectuar a Seguridade Social concertaranse mediante concurso público, agás naqueles casos en que, a xuízo do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, sexa necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

2. Correspóndelle ao Director xeral do Instituto Nacional da Saúde autorizar os contratos de arrendamento de bens inmobles que o dito Instituto precise para o cumprimento dos seus fins. Será necesaria a autorización do Ministro de Sanidade e Consumo cando o seu importe supere a contía de renda anual establecida na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

3. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social determinará o procedemento aplicable para o arrendamento dos bens afectos ao cumprimento dos fins de colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

4. Os inmobles do patrimonio da Seguridade Social que non resulten necesarios para o cumprimento dos seus fins, e respecto dos cales se acredite a non conveniencia do seu alleamento ou arrendamento, poderán ser cedidos para fins de utilidade pública ou de interese da Seguridade Social, polo Goberno, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 85. Non embargabilidade.-

Os bens e dereitos que integran o patrimonio da Seguridade Social son inembargables. Ningún Tribunal nin autoridade administrativa poderá dictar providencia de embargo nin emitir mandamento de execución contra os bens e dereitos do patrimonio da Seguridade Social, nin contra as súas rendas, froitos ou produtos deste, sendo de aplicación, se é o caso, o establecido sobre esta materia nos artigos 44, 45 e 46 do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.

Sección 2ª. Recursos e sistemas financeiros da Seguridade Social

Artigo 86. Recursos xerais.-

1. Os recursos para o financiamento da Seguridade Social estarán constituídos por:

a) As contribucións progresivas do Estado, que se consignarán con carácter permanente nos seus Orzamentos Xerais, e as que se acorden para atencións especiais ou resulten precisas por esixencia da conxuntura.

b) As cotas das persoas obrigadas.

c) As cantidades recadadas en concepto de recargas, sancións ou outras de natureza análoga.

d) Os froitos, rendas ou intereses e calquera outro produto dos seus recursos patrimoniais.

e) Calquera outro ingreso, sen prexuízo do establecido na disposición adicional vixésima segunda desta Lei.

2. A acción protectora da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, financiarase mediante a aplicación do conxunto de recursos que se citan no apartado anterior, sen prexuízo das contribucións finalistas que para o efecto se establezan nas correspondentes Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

As pensións de invalidez e xubilación e as asignacións económicas por fillo ao cargo, nas súas modalidades non contributivas, así como as asignacións económicas por minusvalía a que se refire o apartado 2 do artigo 185 desta Lei, financiaranse con cargo ás contribucións do Estado ao Orzamento da Seguridade Social.

Artigo 87. Sistema financeiro.-

1. O sistema financeiro de todos os Réximes que integran o sistema da Seguridade Social será o de reparto, para todas as continxencias e situacións amparadas por cada un deles, sen prexuízo da excepción establecida no apartado 3 deste artigo.

2. Na Tesourería Xeral constituirase un fondo de estabilización único para todo o sistema da Seguridade Social, que terá por finalidade atender as necesidades orixinadas por desviacións entre ingresos e gastos.

3. En materia de accidentes de traballo adoptarase o sistema de financiamento que as súas características esixan, podendo establecer o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, e con carácter obrigatorio, un réxime de reaseguro ou calquera outro sistema de compensación de resultados, así como o sistema financeiro de capitalización das pensións causadas por invalidez permanente ou morte, con suxeición ao cal as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e, se é o caso, as empresas responsables deberán constituír, na Tesourería Xeral, os correspondentes capitais.

4. As materias a que se refire este artigo regularanas os Regulamentos a que alude o apartado 2.a) do artigo 5 desta Lei.

Artigo 88. Investimentos.-

As reservas de estabilización que non se teñan que destinar de xeito inmediato ao cumprimento das obrigas regulamentarias serán convertidas de xeito que se coordinen as finalidades de carácter social coa obtención do grao de liquidez, rendibilidade e seguridade tecnicamente preciso.

Sección 3ª. Orzamento, intervención e contabilidade da Seguridade Social

Artigo 89. Disposición xeral e normas reguladoras da intervención.-

1. O Orzamento da Seguridade Social, integrado nos Orzamentos Xerais do Estado, así como a intervención e contabilidade da Seguridade Social, rexeranse polo establecido no título VIII do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria e polas normas desta sección.

2. Para efectos de procurar unha mellor e máis eficaz execución e control orzamentario, o Goberno, a proposta conxunta dos Ministros de Traballo e Seguridade Social e de Economía e Facenda, aprobará as normas para o exercicio da función interventora nas entidades xestoras da Seguridade Social.

Nos hospitais e demais centros sanitarios do Instituto Nacional da Saúde, a función interventora poderá ser substituída polo control financeiro de carácter permanente a cargo da Intervención Xeral da Seguridade Social. A entrada en vigor producirase de forma gradual a proposta do Ministro de Economía e Facenda.

A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá delegar nos Interventores da Seguridade Social o exercicio da función interventora respecto de todos os actos que realice o Instituto Nacional da Saúde no nome e por conta da Administración do Estado.

Artigo 90. Modificación de créditos no Instituto Nacional da Saúde.-

Malia o establecido no artigo 150.3 do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria, todo incremento do gasto do Instituto Nacional da Saúde, con excepción do que poida resultar das xeracións de crédito, que non se poida financiar con redistribución interna dos seus créditos nin con cargo ao remanente afecto á entidade, financiarase durante o exercicio por contribución do Estado.

Artigo 91. Remanentes e insuficiencias orzamentarias.-

1. O Goberno, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social e logo de informe previo do Ministro de Economía e Facenda, determinará, para atender ás necesidades futuras da Seguridade Social, a materialización financeira do superávit, se o houber, resultante da liquidación do Orzamento daquela.
2. Os remanentes derivados dunha menor realización no Orzamento de dotacións do Instituto Nacional da Saúde e os producidos por un incremento nos ingresos previstos por asistencia sanitaria serán utilizados para o financiamento dos gastos da citada entidade.
3. Autorízase o Ministerio de Economía e Facenda a reflectir, mediante ampliacións de crédito no Orzamento do Instituto Nacional da Saúde, as repercusións que neste teñan as variacións que experimente a contribución do Estado. Correspóndelle, así mesmo, ao Ministro de Economía e Facenda a autorización das modificacións de crédito que se financien con cargo ao remanente da dita entidade.

Artigo 92. Amortización de adquisicións.-

Para os gastos do primeiro establecemento e instalación, así como para os derivados de adquisición de material inventariable e de calquera outro que, pola súa natureza, teña que ser amortizado en varios exercicios, consignaranse nos Orzamentos anuais da Seguridade Social as cantidades que correspondan por amortización de tales adquisicións.

Artigo 93. Programa anual de auditorías.-

1. O Programa anual de auditorías da Intervención Xeral da Administración do Estado incluírá o elaborado pola Intervención Xeral da Seguridade Social, no que progresivamente se irán incluíndo as entidades xestoras, servizos comúns, así como as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 71 desta Lei.

Para a execución do Programa de auditorías da Seguridade Social poderase solicitar a colaboración de empresas privadas, en caso de insuficiencia dos servizos da Intervención Xeral da Seguridade Social, que se deberán axustar ás normas e instrucións que determine o centro directivo mencionado, o cal poderá efectuar as revisións e controis de calidade que considere oportunos.

2. Para conseguir a colaboración da empresas privadas, será necesaria a inclusión da autorización correspondente na Orde a que se refire a disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.

Será necesaria unha Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social ou do Ministerio de Sanidade e Consumo cando o financiamento da indicada colaboración se realice con cargo a créditos dos orzamentos das entidades e servicios da Seguridade Social adscritos a un ou outro Departamento.

Artigo 94. Contas e balances da Seguridade Social.-

1. As contas e balances da Seguridade Social uniranse á Conta Xeral do Estado.
2. As entidades xestoras, servicios comúns e Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social remitiranlle ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social as contas e balances do exercicio anterior, para os efectos da súa integración e posterior remisión ao Tribunal de Contas.

Sección 4ª. Contratación na Seguridade Social

Artigo 95. Contratación.-

O réxime de contratación das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social axustarase ao establecido no texto articulado da Lei de Contratos do Estado, no Regulamento Xeral de Contratación do Estado e nas súas normas complementarias, coas especialidades seguintes:

- a) A facultade de realizar contratos correspóndelles aos Directores das distintas entidades xestoras e servicios comúns, pero necesitarán autorización para aqueles de contía superior ao límite fixado na respectiva Lei de Orzamentos Xerais do Estado. A autorización será adoptada, a proposta das ditas entidades e servicios, polos titulares dos Departamentos ministeriais a que estean adscritos ou polo Consello de Ministros, segundo competencias definidas na Lei de Contratos do Estado.
- b) Os Directores das entidades xestoras e servicios comúns non poderán delegar ou desconcentrar a facultade de realizaren contratos, sen autorización previa do titular do Ministerio ao que estean adscritos.
- c) Os proxectos de obras que elaboren as entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social deberán ser supervisados pola oficina de supervisión de proxectos do Departamento ministerial do que dependan, salvo que xa tivesen establecidas oficinas propias; neste caso, serán estas as supervisoras dos mesmos.
- d) Os informes xurídicos ou técnicos que preceptivamente se esixan na lexislación do Estado poderanos emitir os órganos competentes no ámbito da Seguridade Social ou dos Ministerios respectivos.

CAPÍTULO IX

Infraccións en materia de Seguridade Social

Artigo 96. Infraccións e sancións.-

En materia de infraccións e sancións estarase conforme ao establecido nesta Lei e na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións de Orde Social.

TÍTULO II

RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

CAPÍTULO I

Campo de aplicación

Artigo 97. Extensión.-

1. Estarán obrigatoriamente incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social os traballadores por conta allea ou asimilados comprendidos no apartado 1.a) do artigo 7 desta Lei.

2. Para os efectos desta Lei deixaranse expresamente comprendidos no apartado anterior:

- a) O persoal de alta dirección a que se refire o artigo 2.1.a) do Estatuto dos Traballadores.
- b) Os conductores de vehículos de turismo ao servizo de particulares.
- c) O persoal civil non funcionario dependente de organismos, servizos ou entidades do Estado.
- d) O persoal civil non funcionario ao servizo de organismos e entidades da Administración Local, sempre que non estea incluído en virtude dunha Lei especial noutro réxime obrigatorio de previsión social.
- e) Os laicos ou segres que presten servizos retribuídos nos establecementos ou dependencias das entidades ou institucións eclesiásticas. Por acordo especial coa xerarquía eclesiástica competente, regularase a situación dos traballadores laicos e segres que presten os seus servizos retribuídos a organismos ou dependencias da Igrexa e con misión primordial que consista en axudar directamente na práctica do culto.
- f) As persoas que presten servizos retribuídos nas entidades ou institucións de carácter benéfico-social.
- g) O persoal contratado ao servizo de Notarías, Rexistros da Propiedade e demais oficinas ou centros similares.
- h) Os funcionarios en prácticas que aspiren a incorporarse a Corps ou Escalas de funcionarios que non estean suxeitos ao Réxime de Clases Pasivas e os altos cargos das Administracións Públicas que non sexan funcionarios públicos, así como os funcionarios públicos, así como os funcionarios de novo ingreso das Comunidades Autónomas.
- i) Os funcionarios do Estado transferidos ás Comunidades Autónomas que ingresasen ou ingresen voluntariamente en Corps ou Escalas propios da Comunidade Autónoma de destino, calquera que sexa o sistema de acceso.
- l) Os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación exclusiva, agás o establecido no artigo 74 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- m) Calquera outra persoa que, no sucesivo e por razón da súa actividade, sexa obxecto por Real Decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, da asimilación establecida no apartado 1 deste artigo.

Artigo 98. Exclusiones.-

Non darán lugar a inclusión neste Réxime Xeral os seguintes traballos:

- a) Os que se executen ocasionalmente mediante os chamados servizos amigables, benévolos ou de boa vecindade.
- b) Os que impliquen a inclusión nalgún dos Réximes da Seguridade Social.

Inscripción de empresas e normas sobre afiliación, cotización e recadación

Sección 1ª. Inscripción de empresas e afiliación de traballadores

Artigo 99. Inscripción de empresas.-

1. Os empresarios, como requisito previo e indispensable á iniciación das súas actividades, solicitarán a súa inscrición no Réxime Xeral da Seguridade Social, facendo constar a entidade xestora e, se é o caso, a Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social que teña que asumir a protección por estas continxencias do persoal ao seu servizo, de acordo co establecido no artigo 70.

Os empresarios deberán comunicar as variacións que se produzan dos datos facilitados ao solicitar a súa adscrición, e en especial a referente ao cambio da entidade que deba asumir a protección polas continxencias antes mencionadas.

2. A inscrición efectuarase perante o correspondente organismo da Administración da Seguridade Social, a nome da persoa natural ou xurídica titular da empresa.

3. Para os efectos desta Lei considerárase empresario, aínda que a súa actividade non estea motivada por ánimo de lucro, toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, por conta da cal traballen as persoas incluídas no artigo 97.

Artigo 100. Afiliación, altas e baixas.-

1. Os empresarios estarán obrigados a solicitar a afiliación ao sistema da Seguridade Social dos traballadores que ingresen ao seu servizo, así como a comunicar o dito ingreso e, se é o caso, o cesamento na empresa de tales traballadores para que sexan dados, respectivamente, de alta e de baixa no Réxime Xeral.

2. No caso de que o empresario incumpra as obrigas que lle impón o apartado anterior, o traballador poderá instar a súa afiliación, alta ou baixa, directamente ao organismo competente da Administración da Seguridade Social. O dito organismo poderá, tamén, efectuar tales actos de oficio nos supostos a que se refire o apartado 4 do artigo 13 desta Lei.

3. O recoñecemento do dereito á alta e á baixa no Réxime Xeral corresponderalle ao organismo da Administración da Seguridade Social que regulamentariamente se estableza.

4. Agás disposición legal expresa en contra, a situación de alta do traballador neste Réxime Xeral condicionará a aplicación ao mesmo das normas deste título.

Artigo 101. Libro de Matrícula do Persoal.-

1. Os empresarios deberán levar en orde e ao día un Libro de Matrícula do Persoal, no que serán inscritos todos os seus traballadores desde o momento en que inician a prestación de servizos.

2. As disposicións regulamentarias poderán establecer, con alcance xeral ou particular, outros sistemas de documentación das empresas que substitúan o Libro de Matrícula.

Artigo 102. Procedemento e prazos.-

1. O cumprimento das obrigas que se establecen nos artigos anteriores axustarase, canto á forma, prazos e procedemento, ás normas regulamentarias.

2. A afiliación e altas sucesivas solicitadas fóra de prazo polo empresario ou o traballador non terán efecto retroactivo ningún. Cando tales actos se practiquen de oficio, a súa eficacia temporal e imputación de

responsabilidades resultantes serán as que determinan nesta Lei e as súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Sección 2ª. Cotización

Artigo 103. Suxeitos obrigados.-

1. Estarán suxeitos á obriga de cotizar a este Réxime Xeral os traballadores e asimilados comprendidos no seu campo de aplicación e os empresarios por conta dos cales traballen.

2. A cotización comprenderá dúas contribucións:

- a) Dos empresarios, e
- b) Dos traballadores.

3. Malia o establecido nos números anteriores, polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais a cotización completa correrá a cargo exclusivamente dos empresarios.

Artigo 104. Suxeito responsable.-

1. O empresario é suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotización e ingresará as contribucións propias e as dos seus traballadores na súa totalidade. Así mesmo, responderán, se é o caso, do cumprimento desta obriga as persoas sinaladas nos apartados 1 e 2 do artigo 127.

2. O empresario descontaralles aos seus traballadores, no momento de lles facer efectivas as súas retribucións, a contribución que corresponda a cada un deles. De non se efectuar o desconto no dito momento, non o poderá realizar con posterioridade, e quedará obrigado a ingresar a totalidade das cotas ao seu exclusivo cargo.

3. O empresario que tendo efectuado tal desconto non ingrese dentro de prazo a parte de cota correspondente aos seus traballadores, incurrirá en responsabilidade perante eles e perante os organismos da Administración da Seguridade Social afectados, sen prexuízo das responsabilidades penal e administrativa que procedan.

Artigo 105. Nulidade de pactos.-

Será nulo todo pacto, individual ou colectivo, polo cal o traballador asuma a obriga de pagar total ou parcialmente a prima ou parte de cota a cargo do empresario.

Igualmente, será nulo todo pacto que pretenda alterar as bases de cotización que se fixan no artigo 109 desta Lei.

Artigo 106. Duración da obriga de cotizar.-

1. A obriga de cotizar orixinarase no mesmo comezo da prestación do traballo, incluído o período de proba. A simple solicitude da afiliación ou alta do traballador ao organismo competente da Administración da Seguridade Social producirá en todo caso idéntico efecto.

2. A obriga de cotizar manterase por todo o período en que o traballador estea de alta no Réxime Xeral ou preste os seus servizos, aínda que estes revistan carácter discontinuo. A dita obriga subsistirá, así mesmo, respecto aos traballadores que estean a cumprir deberes de carácter público ou a desempeñar cargos de representación sindical, sempre que isto non dea lugar á excedencia no traballo.

3. A dita obriga só se extinguirá coa solicitude en regra da baixa no Réxime Xeral ao organismo competente da Administración da Seguridade Social. Sen embargo, a dita comunicación non extinguirá a obriga de cotizar se continuase a prestación de traballo.

4. A obriga de cotizar continuará na situación de incapacidade laboral transitoria, calquera que sexa a súa causa, e nas demais situacións establecidas no artigo 125 en que así se estableza regulamentariamente.

5. A obriga de cotizar suspenderase durante as situacións de folga e peche patronal.

6. A obriga de cotizar polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais existirá aínda que a empresa, con infracción do disposto nesta Lei, non tivese establecida a protección do seu persoal, ou de parte del, respecto ás ditas continxencias. En tal caso, as primas debidas retribuiranse a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Artigo 107. Tipo de cotización.-

1. O tipo de cotización terá carácter único para todo o ámbito de protección deste Réxime Xeral. O seu establecemento e a súa distribución, para determinar as contribucións respectivas do empresario e traballador obrigados a cotizar, efectuaranse na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2. O tipo de cotización reducirase na porcentaxe ou porcentaxes correspondentes a aquelas situacións e continxencias que non queden comprendidas na acción protectora que se determine de acordo co establecido no apartado 2 do artigo 114 desta Lei, para quen sexa asimilado a traballador por conta allea, así como para outros supostos establecidos legal ou regulamentariamente.

Artigo 108. Cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.-

1. Malia o establecido no artigo anterior, a cotización polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarase con suxeición a primas, que poderán ser diferentes para as distintas actividades, industrias e tarefa. Para tal efecto, fixarase legalmente a correspondente tarifa de porcentaxes aplicables para determinar as primas. Para o cálculo das mencionadas tarifas computarase o custo das prestacións e as esixencias dos servizos preventivos e rehabilitadores.

2. De igual xeito, poderanse establecer, para as empresas que ofrezan riscos de enfermidades profesionais, primas adicionais á cotización de accidentes de traballo, en relación ao perigo da industria ou clase de traballo e á eficacia dos medios de prevención empregados.

3. A contía das primas a que se refiren os números anteriores poderase reducir no suposto de empresas que se distingan polo emprego de medios eficaces de prevención; así mesmo, a dita contía poderá aumentarse no caso de empresas que incumpran as súas obrigas en materia de hixiene e seguridade no traballo. A redución e o aumento establecidos neste número non poderán exceder do 10 por cento da contía das primas, se ben o aumento poderá chegar ata un 20 por cento en caso de reiterado incumprimento das aludidas obrigas.

Artigo 109. Base de cotización.-

1. A base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do Réxime Xeral, incluídas as de accidente de traballo e enfermidade profesional, estará constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que con carácter mensual teña dereito a percibir o traballador ou asimilado, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea.

As percepcións de vencemento superior ao mensual ratearanse ao longo dos doce meses do ano.

2. Non se computarán na base de cotización os seguintes conceptos:

a) As axudas de custo das viaxes, gastos de locomoción, plus de distancia e plus de transportes urbanos.

b) As indemnizacións por falecemento e as correspondentes a traslados, suspensións e despedimentos.

c) As cantidades que se aboan en concepto de quebranto de moeda e as indemnizacións por desgaste de utensilios ou ferramentas e adquisición de prendas de traballo.

d) Os produtos en especie concedidos voluntariamente polas empresas.

e) As percepcións por matrimonio.

f) As prestacións da Seguridade Social e as súas melloras.

g) As horas extraordinarias, agás para a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

3. Malia o establecido no apartado g) anterior, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá establecer o cómputo das horas extraordinarias, ben sexa con carácter xeral, ben por sectores laborais nos que a prolongación da xornada sexa característica da súa actividade.

Artigo 110. Topes máximo e mínimo da base de cotización.-

1. O tope máximo para todas as actividades, categorías profesionais e continxencias incluídas neste Réxime, será o establecido, para cada ano, na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2. O tope máximo da base de cotización así establecido será aplicable igualmente nos casos de pluriemprego. Para os efectos desta Lei, entenderase por pluriemprego a situación de quen traballe en dúas ou máis empresas distintas, en actividades que impliquen a súa inclusión no campo de aplicación deste Réxime Xeral.

3. A base de cotización terá como tope mínimo a contía establecida no apartado 2 do artigo 16 desta Lei.

4. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social axeitará, en función dos días e horas traballados, os topes mínimos e as bases mínimas para cada grupo de categorías profesionais, en relación cos supostos en que, por disposición legal, se estableza a cotización por días ou por horas.

Artigo 111. Cotización adicional por horas extraordinarias.-

A remuneración que obteñan os traballadores polo concepto de horas extraordinarias, con independencia da súa cotización para efectos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estará suxeita a unha cotización adicional por parte de empresarios e traballadores, segundo os tipos que se establezan na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Artigo 112. Normalización.-

O Ministro de Traballo e Seguridade Social establecerá a normalización das bases de cotización que resulten de conformidade co establecido nesta sección.

Sección 3ª. Recadación

Artigo 113. Normas xerais.-

1. Para efectos do disposto no capítulo III do título I desta Lei, os empresarios e, se é o caso, as persoas sinaladas nos apartados 1 e 2 do artigo 127, serán os obrigados a ingresar a totalidade das cotas deste Réxime Xeral no prazo, lugar e forma establecidos nesta Lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

2. Serán exclusivamente imputables ao empresario as recargas por demora e prema establecidos no artigo 27 desta Lei.

3. O ingreso das cotas fóra de prazo regulamentario, tanto o realice o empresario espontaneamente como o faga consecuencia de reclamación administrativa de débeda ou de acta de liquidación, efectuarase segundo o tipo de cotización vixente na data en que as cotas se reportaron.

Insérese o precedente artigo 113 no seu número 3, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe a partir do 1-I-1995.

CAPÍTULO III

Acción protectora

Sección 1ª. Continxencias protexibles

Artigo 114. Alcance da acción protectora.-

1. A acción protectora deste Réxime Xeral será, con excepción das modalidades de prestacións non contributivas, a establecida no artigo 38 desta Lei. As prestacións e beneficios daquela facilitaranse nas condicións que se determinan neste título e nas súas disposicións regulamentarias.

2. No suposto a que se refire o apartado 2.m) do artigo 97, a propia norma na que se dispoña a asimilación a traballadores por conta allea determinará o alcance da protección outorgada.

Artigo 115. Concepto de accidentes de traballo.-

1. Enténdese por accidente de traballo toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea.

2. Terán a consideración de accidentes de traballo:

a) Os que sufra o traballador ao ir ou ao volver do lugar de traballo.

b) Os que sufra o traballador con ocasión ou como consecuencia do desempeño de cargos electivos de carácter sindical, así como os ocorridos ao ir ou ao volver do lugar en que se exerciten as funcións propias dos ditos cargos.

c) Os ocorridos con ocasión ou por consecuencia das tarefas que, aínda sendo distintas á da súa categoría profesional, execute o traballador en cumprimento das ordes do empresario ou espontaneamente en interese do bo funcionamento da empresa.

d) Os acontecidos en actos de salvamento e noutros de natureza análoga, cando uns e outros teñan conexión co traballo.

e) As enfermidades, non incluídas no artigo seguinte, que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución deste.

f) As enfermidades ou defectos, padecidos con anterioridade polo traballador, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

g) As consecuencias do accidente que resulten modificadas na súa natureza, duración, gravidade ou terminación, por enfermidades intercorrentes, que constitúan complicacións derivadas do

proceso patolóxico determinado polo accidente mesmo ou teñan a súa orixe en afeccións adquiridas no novo medio en que se situase o doente para a súa curación.

3. Presumirase, agás proba en contra, que son constitutivas de accidente de traballo as lesións que sufra o traballador durante o tempo e no lugar do traballo.

4. Malia o establecido nos apartados anteriores, non terán dereito a consideración de accidente de traballo:

a) Os que se deban a forza maior estraña ao traballo, entendéndose por esta a que sexa de tal natureza que non garde ningunha relación co traballo que se executaba ao ocorrer o accidente.

En ningún caso se considerará forza maior estraña ao traballo a insolación, o raio e outros fenómenos análogos da natureza.

b) Os que se deban a dolo ou a imprudencia temeraria do traballador accidentado.

5. Non impedirán a cualificación dun accidente como de traballo:

a) A imprudencia profesional que é consecuencia do exercicio habitual dun traballo e se deriva da confianza que este inspira.

b) A concorrencia de culpabilidade civil ou criminal do empresario, dun compañeiro de traballo do accidentado ou dun terceiro, salvo que non garde relación ningunha co traballo.

Artigo 116. Concepto da enfermidade profesional.-

Entenderase por enfermidade profesional a contraída como consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei, e que estea provocada pola acción dos elementos ou substancias que no dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

En tales disposicións establecerase o procedemento que se teña que observar para a inclusión no dito cadro de novas enfermidades profesionais que se considere que deban ser incorporadas a este. O dito procedemento comprenderá, en todo caso, como trámite preceptivo, o informe do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Artigo 117. Concepto dos accidentes non laborais e das enfermidades comúns.-

1. Considerarase accidente non laboral o que, conforme ao establecido no artigo 115, non teña o carácter de accidente de traballo.

2. Considerarase que constitúen enfermidade común as alteracións da saúde que non teñan a condición de accidentes de traballo nin de enfermidades profesionais, conforme ao establecido, respectivamente, nos apartados 2.e), f) e g) do artigo 115 e mais no artigo 116.

Artigo 118. Concepto das restantes continxencias.-

O concepto legal das restantes continxencias será o que resulte das condicións esixidas para o recoñecemento do dereito ás prestacións outorgadas en consideración a cada unha delas.

Artigo 119. Riscos catastróficos.-

En ningún caso serán obxecto de protección polo Réxime Xeral os riscos declarados catastróficos ao abeiro da súa lexislación especial.

Sección 2ª. Réxime Xeral das Prestacións

Artigo 120. Contía das prestacións.-

1. A contía das prestacións económicas non determinada nesta Lei será fixada nos Regulamentos Xerais para o seu desenvolvemento.
2. A contía das pensións determinarase en función da totalidade das bases polas que se efectuase a cotización durante os períodos que se sinalen. Tales bases serán de aplicación, así mesmo, ás demais prestacións económicas a contía das cales se calcule en función de bases reguladoras.

A cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o artigo 111 desta Lei non será computable para efectos de determinar a base reguladora das prestacións.

En todo caso, a base reguladora de cada prestación non poderá exceder o tope máximo que, para efectos de bases de cotización, se establece no artigo 110.

3. Nos casos de pluriemprego, a base reguladora das prestacións determínase en función da suma das bases polas que se cotizase nas diversas empresas, sendo de aplicación á base reguladora así determinada o tope máximo establecido no apartado anterior.

Artigo 121. Caracteres das prestacións.-

1. As prestacións do Réxime Xeral da Seguridade Social terán os caracteres atribuídos xenericamente ás mesmas no artigo 40 desta Lei.
2. As prestacións que deban satisfacer os empresarios ao seu cargo, conforme ao establecido no apartado 2 do artigo 126 e no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 131 desta Lei, ou pola súa colaboración na xestión e, se é o caso, as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social en réxime de liquidación, terán o carácter de créditos privilexiados, gozando, para o efecto, do réxime establecido no artigo 32 do Estatuto dos Traballadores.
3. O disposto nos apartados anteriores será tamén de aplicación á recarga de prestacións a que se refire o artigo 123 desta Lei.

Artigo 122. Incompatibilidade de pensións.-

1. As pensións deste Réxime Xeral serán incompatibles entre si cando coincidan nun mesmo beneficiario, a non ser que expresamente se dispoña o contrario, legal ou regulamentariamente. En caso de incompatibilidade, quen puidera ter dereito a dúas ou máis pensións optará por unha delas.
2. O réxime de incompatibilidade establecido no apartado anterior será tamén aplicable á indemnización a tanto alzado prevista no apartado 2 do artigo 139 como prestación substitutiva de pensión de invalidez no grao de incapacidade permanente total.

Artigo 123. Recarga das prestacións económicas en caso de accidente de traballo e enfermidade profesional.-

1. Todas as prestacións económicas que teñan a súa causa en accidente de traballo ou enfermidade profesional aumentaranse, segundo a gravidade da falta, dun 30 a un 50 por cento, cando a lesión se produza por máquinas, artefactos ou en instalacións, centros ou lugares de traballo que carezan dos dispositivos de precaución regulamentarios, que os teñan inutilizados ou en malas condicións, ou cando non se observasen as medidas xerais ou particulares de seguridade e hixiene no traballo, ou as elementais de salubridade ou as de adecuación profesional a cada traballo, tendo en conta as súas características e a idade, sexo e demais condicións do traballador.

2. A responsabilidade do pagamento da recarga establecida no apartado anterior recaerá directamente sobre o empresario infractor e non poderá ser obxecto de seguro ningún, sendo nulo de pleno dereito calquera pacto ou contrato que se realice para cubrila, compensala ou transmitila.

3. A responsabilidade que regula este artigo é independente e compatible coas de toda orde, mesmo penal, que se poidan derivar da infracción.

Artigo 124. Condicións do dereito ás prestacións.-

1. As persoas incluídas no campo de aplicación deste Réxime Xeral causarán dereito ás prestacións do mesmo cando, ademais dos particulares esixidos para a respectiva prestación, reúnan o requisito xeral de estaren afiliadas e en alta neste Réxime ou en situación asimilada á alta, ao sobrevir a continxencia ou situación protexida, agás disposición legal expresa en contra.

2. Nas prestacións en que a concesión ou contía estea subordinada, ademais, ao cumprimento de determinados períodos de cotización, só serán computables as cotizacións efectivamente realizadas ou as expresamente asimiladas a elas nesta Lei ou nas súas disposicións regulamentarias.

3. As cotas correspondentes á situación de incapacidade laboral transitoria serán computables para efectos dos ditos períodos previos de cotización esixidos para o dereito ás prestacións.

4. Non se esixirán períodos previos de cotización para o dereito ás prestacións que se deriven de accidente, sexa ou non de traballo, ou de enfermidade profesional, agás disposición legal expresa en contra.

Artigo 125. Continxencias asimiladas á alta.-

1. A situación de desemprego total durante a que o traballador perciba prestación pola dita continxencia será asimilada á de alta.

2. Os casos de excedencia forzosa, suspensión de contrato de traballo por servizo militar ou prestación social substitutoria, traslado pola empresa fóra do territorio nacional, convenio especial coa Administración da Seguridade Social e os demais que sinala o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, poderán ser asimilados á situación de alta para determinadas continxencias, co alcance e condicións que regulamentariamente se establezan.

3. Os traballadores comprendidos no campo de aplicación deste Réxime Xeral consideraranse, de pleno dereito, en situación de alta para efectos de accidentes de traballo, enfermidades profesionais e desemprego, aínda que o seu empresario incumprise as súas obrigas. Igual norma se aplicará para os exclusivos efectos da asistencia sanitaria por enfermidade común, maternidade e accidente non laboral.

4. O Goberno, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social e logo de determinación previa dos recursos financeiros precisos, poderá estender a presunción de alta a que se refire o apartado anterior a algunha ou algunhas das restantes continxencias reguladas neste título.

5. O establecido nos dous apartados anteriores entenderase sen prexuízo da obriga dos empresarios de solicitaren a alta dos seus traballadores no Réxime Xeral, conforme ao disposto no artigo 100, e da responsabilidade empresarial que resulte procedente de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Durante as situacións de folga e peche patronal o traballador permanecerá en situación de alta especial na Seguridade Social.

Artigo 126. Responsabilidade verbo das prestacións.-

1. Cando se causase dereito a unha prestación por se cumpriren as condicións a que se refire o artigo 124 desta Lei, a responsabilidade correspondente imputarase, de acordo coas súas respectivas competencias,

ás Entidades Xestoras, Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou empresarios que colaboren na xestión ou, se é o caso, aos Servicios Comúns.

2. O incumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas e baixas e de cotización determinará a existencia de responsabilidade, canto ao pagamento das prestacións, logo da fixación previa dos supostos de imputación e do seu alcance e a regulación do procedemento para a facer efectiva.

3. Malia o establecido no apartado anterior, as Entidades Xestoras, Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais ou, se é o caso, os Servicios Comúns procederán, de acordo coas súas respectivas competencias, ao pagamento das prestacións aos beneficiarios naqueles casos, incluídos no dito apartado, nos que así se determine regulamentariamente, coa conseguinte subrogación nos dereitos e accións de tales beneficiarios; o indicado pagamento procederá, mesmo cando se trate de empresas desaparecidas e daquelas que pola súa especial natureza non poidan ser obxecto de procedemento de prema. Igualmente, as mencionadas entidades, mutuas e servicios asumirán o pagamento das prestacións, na medida en que se atenúe o alcance das responsabilidade dos empresarios respecto ao dito pagamento.

Artigo 127. Supostos especiais de responsabilidade verbo das prestacións.-

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, para as contratas e subcontratas de obras e servicios correspondentes á propia actividade do empresario contratante, cando un empresario fose declarado responsable, en todo ou en parte, do pagamento dunha prestación, a teor do establecido no artigo anterior, se a correspondente obra ou industria estivese contratada, o propietario desta responderá das obrigas do empresario se o mesmo fose declarado insolvente.

Non procederá esta responsabilidade subsidiaria cando a obra contratada se refira exclusivamente ás reparacións que poida contratar un amo de casa respecto á súa vivenda.

2. Nos casos de sucesión na titularidade da explotación, industria ou negocio, o adquirente responderá solidariamente co anterior ou cos seus herdeiros do pagamento das prestacións causadas antes da dita sucesión. A mesma responsabilidade se establece entre o empresario cedente e cesionario nos casos de cesión temporal de man de obra, aínda que sexa a título amigable ou non lucrativo.

Reglamentariamente, regularase a expedición de certificados pola Administración da Seguridade Social que impliquen garantía de non responsabilidade para os adquirentes.

3. Cando a prestación tivese como orixe supostos de feito que impliquen responsabilidade criminal ou civil dalgunha persoa, incluído o empresario, a prestación faraa efectiva, cumpridas as demais condicións, a Entidade Xestora, Servicio Común ou Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais, se é o caso, sen prexuízo daquelas responsabilidades. Nestes casos, o traballador ou os seus dereitohabentes poderán esixir as indemnizacións procedentes dos presuntos responsables criminal ou civilmente.

Con independencia das accións que exerciten os traballadores ou os seus causahabentes, o Instituto Nacional da Saúde e, se é o caso, as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social terán dereito a reclamarlle ao terceiro responsable ou, se é o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigas o custo das prestacións sanitarias que satisfixesen. Igual dereito asistirá, se é o caso, ao empresario que colabore na xestión da asistencia sanitaria, conforme ao establecido nesta Lei.

Para exercer o dereito ao resarcimento a que se refire o parágrafo anterior, a Entidade Xestora que nel se sinala e, se é o caso, as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais ou empresarios terán plena facultade para presentárense directamente no procedemento penal ou civil seguido para facer efectiva a indemnización, así como para o promover directamente, considerándose como terceiros prexudicados para o efecto do artigo 104 do Código Penal.

Incapacidade temporal

Artigo 128. Concepto.-

1. Terán a consideración de situacións determinantes de incapacidade laboral transitoria:

a) As debidas a enfermidade común ou profesional e a accidente, sexa ou non de traballo, mentres o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e estea impedido para o traballo, cunha duración máxima de doce meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles poida o traballador ser dado de alta médica por curación.

b) Os períodos de observación por enfermidade profesional nos que se prescriba a baixa no traballo durante os mesmos, cunha duración máxima de seis meses, prorrogables por outros seis cando se considere necesario para o estudio e diagnóstico da enfermidade.

2. Para efectos do período máximo de duración da situación de incapacidade temporal que se sinala no apartado a) do número anterior, e da súa posible prórroga, computaranse os de recaída e de observación.

O epígrafe do capítulo IV e do artigo 128 insérense coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220.

Artigo 129. Prestación económica.-

A prestación económica nas diversas situacións constitutivas de incapacidade laboral transitoria consistirá nun subsidio equivalente a un tanto por cento sobre a base reguladora, que se fixará e se fará efectivo nos termos establecidos nesta Lei e nos Regulamentos xerais para o seu desenvolvemento.

Artigo 130. Beneficiarios.-

Serán beneficiarias do subsidio por incapacidade temporal as persoas integradas neste Réxime Xeral que estean en calquera das situacións determinadas no artigo 128, sempre que reúnan, ademais da xeral esixida no apartado 1 do artigo 124, as seguintes condicións:

a) En caso de enfermidade común, que cumprisen un período de cotización de cento oitenta días dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

b) En caso de accidente, sexa ou non de traballo, e de enfermidade profesional non se esixirá ningún período previo de cotización.

Artigo 131. Nacemento e duración do dereito ao subsidio.-

1. O subsidio aboarase, en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional, desde o día seguinte ao da baixa no traballo, estando a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.

En caso de enfermidade común ou de accidente non laboral, o subsidio aboarase, respectivamente, a partir do décimo sexto día de baixa no traballo ocasionada pola enfermidade ou o accidente, estando a cargo do empresario o aboamento da prestación ao traballador desde os días cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos incluídos.

2. O subsidio aboarase mentres o beneficiario estea en situación de incapacidade laboral, conforme ao establecido no artigo 128 desta Lei.

3. Durante as situacións de folga e peche patronal o traballador non terá dereito á prestación económica por incapacidade temporal.

O número 4 deste artigo 131 foi derogado pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220.

Artigo 131 bis. Extinción do dereito ao subsidio.-

1. O dereito ao subsidio extinguirase polo transcurso do prazo máximo establecido para a situación de incapacidade laboral de que se trate; por ser dado de alta médica o traballador, con ou sen declaración de invalidez permanente; por lle ser recoñecido ao beneficiario o dereito a percibir a pensión de xubilación; ou por falecemento.

2. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo máximo fixado no apartado a) do número 1 do artigo 128, examínase necesariamente, no prazo máximo de tres meses, o estado do incapacitado para efectos da súa cualificación, no grao que corresponda, como inválido permanente.

Malia o establecido no parágrafo anterior, naqueles casos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, a situación clínica do interesado fíxese aconsellable demorar a citada cualificación, esta poderase atrasar polo período preciso, que en ningún caso debe exceder os trinta meses seguintes á data en que se iniciou a incapacidade temporal.

Durante os períodos sinalados nos parágrafos precedentes non subsistirá a obriga de cotizar.

3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, cando a extinción se producise polo transcurso do prazo máximo fixado no apartado a) do número 1 do artigo 128, ou por alta médica con declaración de invalidez permanente, así como nos supostos a que se refire o segundo parágrafo do número precedente, os efectos da situación de incapacidade temporal prorrogáranse ata o momento da cualificación da invalidez permanente, no que se iniciarán as prestacións económicas desta, salvo que as mesmas sexan superiores á que viña percibindo o traballador; neste caso, retrotraeranse aquelas ao momento en que se esgotase a incapacidade temporal.

Artigo 132. Perda ou suspensión do dereito ao subsidio.-

1. O dereito ao subsidio por incapacidade temporal poderá ser denegado, anulado ou suspendido:

- a) Cando o beneficiario actuase fraudulentamente para obter ou conservar a dita prestación.
- b) Cando o beneficiario traballe por conta propia ou allea.

2. Tamén poderá ser suspendido o dereito ao subsidio cando, sen causa razoable, o beneficiario rexeite ou abandone o tratamento que lle fose indicado.

Os artigos 130, 131, 131 bis e 132 insérense de acordo co disposto pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220.

Artigo 133. Períodos de observación e obrigas especiais en caso de enfermidade profesional.-

1. Para efectos do disposto no apartado 1.b) do artigo 128, considerárase como período de observación o tempo necesario para o estudo médico da enfermidade profesional cando haxa necesidade de adiar o diagnóstico definitivo.

2. O disposto no apartado anterior entenderase sen prexuízo das obrigas establecidas, ou que se poidan establecer no sucesivo, a cargo deste Réxime Xeral ou dos empresarios, cando por causa de enfermidade profesional se acorde respecto dun traballador o traslado de posto de traballo, a súa baixa na empresa ou outras medidas análogas.

Maternidade

Artigo 133 bis. Situacións protexidas.-

Para efectos da prestación por maternidade, considéranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento previo durante os períodos de descanso que por tales situacións se gocen, de acordo co establecido no número 4 do artigo 48 da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, e no número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

Artigo 133 ter. Beneficiarios.-

Serán beneficiarios do subsidio por maternidade os traballadores por conta allea, calquera que for o seu sexo, que gocen dos descansos referidos no artigo anterior, sempre que, reunindo a condición xeral esixida no número 1 do artigo 124, acrediten un período mínimo de cotización de cento oitenta días, dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores ao parto, ou ás datas da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, e reúnan as demais condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 133 quater. Prestación económica.-

A prestación económica por maternidade consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por cento da base reguladora correspondente. Para tales efectos, a base reguladora será equivalente á que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns.

Artigo 133 quinquies. Perda ou suspensión do dereito ao subsidio por maternidade.-

O dereito ao subsidio por maternidade poderá ser denegado, anulado ou suspendido, cando o beneficiario actuase fraudulentamente para obter ou conservar a dita prestación, así como cando traballase por conta propia ou allea durante os correspondentes períodos de descanso.

CAPÍTULO V

Invalidez

Sección 1ª. Disposición xeral

Artigo 134. Conceptos e clases.-

1. Na modalidade contributiva, é invalidez permanente a situación do traballador que, logo de estar sometido ao tratamento prescrito e de ser dado de alta medicamente, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e previsiblemente definitivas, que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral. Non obstará a tal cualificación a posibilidade de recuperación da capacidade laboral do inválido, se a dita posibilidade se considera medicamente como incerta ou a longo prazo.

Malia o establecido no parágrafo anterior, non será necesaria a alta médica para a avaliación da invalidez permanente nos casos en que concorran secuelas definitivas.

Tamén terá a consideración de invalidez permanente, no grao que se cualifique, a situación de incapacidade que subsista logo de extinguida a incapacidade temporal polo transcurso do prazo máximo de duración sinalado para a mesma no apartado a) do número 1 do artigo 128, agás no suposto establecido no segundo parágrafo do número 2 do artigo 131 bis, no cal non se accederá á situación de invalidez permanente mentres non se proceda á correspondente cualificación.

2. Na modalidade non contributiva, poderán ser constitutivas de invalidez as deficiencias, previsiblemente permanentes, de carácter físico ou psíquico, conxénitas ou non, que anulen ou modifiquen a capacidade física, psíquica ou sensorial de quen as padece.

3. A invalidez permanente terá que se derivar da situación de incapacidade temporal, salvo que afecte a quen careza de protección canto á dita incapacidade temporal, ben por estar nunha situación asimilada á de alta, de conformidade co establecido no artigo 125, que non a comprenda, ben nos supostos de asimilación a traballadores por conta allea, nos que se dea a mesma circunstancia, de acordo co establecido no número 2 do artigo 114 desta Lei, ben nos casos de acceso á invalidez permanente desde a situación de non alta, a teor do establecido no número 3 do artigo 138.

Os artigos 133 bis, 133 ter, 133 quater e 133 quinque agregáronse e o 134 modificouno a Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe desde 1-I-1995.

Sección 2ª. Invalidez provisional

Artigo 135. Duración.-

1. A situación de invalidez provisional comezará ao día seguinte daquel en que conclúa a incapacidade laboral transitoria polo transcurso do prazo máximo de duración da mesma e extinguirase:

- a) Por alta médica debida a curación.
- b) Por alta médica con declaración de invalidez permanente.
- c) Por lle ser recoñecido ao beneficiario o dereito á pensión de xubilación.

d) Polo transcurso, en todo caso, dun período de seis anos contados desde a data en que se declarou a incapacidade laboral transitoria.

2. Cando a situación de invalidez provisional se extinga, a teor do establecido no apartado d) anterior, examínase necesariamente o estado do inválido para efectos dunha eventual cualificación de invalidez permanente.

3. Malia o establecido nos apartados 1.b) e d) deste artigo, os efectos da situación de invalidez provisional prorrogáranse ata o momento da cualificación da invalidez permanente; nesta data inicianse as prestacións económicas desta, salvo que as mesmas sexan superiores ás que viña percibindo o traballador; neste caso retrotraeranse aquelas ao momento en que se esgote o período máximo de invalidez provisional.

O precedente artigo 135 e o seguinte 136 foron derogados pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220.

Artigo 136. Prestacións.-

A situación de invalidez provisional dará dereito, mentres subsista, a un subsidio na contía e condicións que se determinen nos Regulamentos xerais desta Lei, sen prexuízo de que se lle continúe prestando a oportuna asistencia sanitaria ao traballador e de cualificar a súa capacidade laboral ao ser dado de alta médica.

Sección 3ª. Invalidez permanente na súa modalidade contributiva

Artigo 137. Graos de invalidez.-

1. A invalidez permanente, calquera que sexa a súa causa determinante, clasificarase de acordo cos seguintes graos:

- a) Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual.
- b) Incapacidade permanente total para a profesión habitual.
- c) Incapacidade permanente absoluta para todo traballo.
- d) Gran invalidez.

2. Entenderase por profesión habitual, en caso de accidente, sexa ou non de traballo, a desempeñada normalmente polo traballador ao tempo de sufrilo. En caso de enfermidade común ou profesional, aquela á que o traballador dedicaba a súa actividade fundamental durante o período de tempo, anterior á iniciación da incapacidade, que regulamentariamente se determine.

3. Entenderase por incapacidade permanente parcial para a profesión habitual a que, sen alcanzar o grao de total, lle ocasione ao traballador unha diminución non inferior ao 33 por cento no seu rendemento normal para a dita profesión, sen lle impedir a realización das tarefas fundamentais da mesma.

4. Entenderase por incapacidade permanente total para a profesión habitual a que inhabilite o traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da dita profesión, sempre que se poida dedicar a outra distinta.

5. Entenderase por incapacidade permanente absoluta para todo traballo a que inhabilite por completo o traballador para toda profesión ou oficio.

6. Entenderase por grande invalidez a situación do traballador afecto de incapacidade permanente e que, por consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite a asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Artigo 138. Beneficiarios.-

1. Terán dereito ás prestacións por invalidez permanente as persoas incluídas no Réxime Xeral que sexan declaradas en tal situación e que, ademais de reuniren a condición xeral esixida no apartado 1 do artigo 124, cubrisen o período mínimo de cotización que se determina no apartado 2 deste artigo, salvo que aquela se deba a accidente, sexa ou non laboral, ou a enfermidade profesional; neste caso non será esixido ningún período previo de cotización.

2. No caso de pensións por invalidez permanente, o período mínimo de cotización esixible será:

a) Se o suxeito causante ten menos de vinteseis anos de idade, a metade de tempo transcorrido entre a data en que fixo os dezaseis anos e a do feito causante da pensión.

b) Se o causante ten feitos os vinteseis anos de idade, un cuarto do tempo transcorrido entre a data en que se fixesen os vinte anos e o día en que se producise o feito causante, cun mínimo, en todo caso, de cinco anos. Neste suposto, cando menos a quinta parte do período de cotización esixible deberá estar comprendida dentro dos dez anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

No caso de prestación por incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, o período mínimo de cotización esixible será de mil oitocentos días, que deben estar comprendidos nos dez anos inmediatamente anteriores á data en que se extingue a incapacidade laboral transitoria da que se derive a invalidez permanente.

3. Malia o establecido no apartado 1 deste artigo, as pensións de invalidez permanente nos graos de incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez derivadas de continxencias

comúns poderán causarse aínda que os interesados non estean no momento do feito causante en alta ou situación asimilada á de alta.

En tales supostos, o período mínimo de cotización esixible será, en todo caso, de quince anos, distribuídos na forma establecida no último inciso do apartado 2.b) deste artigo.

4. Para causar pensión no Réxime Xeral e noutro ou noutros dos sistemas da Seguridade Social, nos casos a que se refire o apartado anterior, será necesario que as cotizacións acreditadas en cada un deles se superpoñan, cando menos, durante quince anos.

5. O Goberno, mediante Real Decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, poderá modificar o período de cotización que, para as prestacións por incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, se esixe no apartado 2 deste artigo.

Artigo 139. Prestacións.-

1. A prestación económica correspondente á incapacidade permanente parcial para a profesión habitual consistirá nunha cantidade a tanto alzado.

2. A prestación económica correspondente á incapacidade permanente total consistirá nunha pensión vitalicia, que poderá excepcionalmente ser substituída por unha indemnización a tanto alzado cando o beneficiario fose menor de sesenta anos.

Os declarados afectos de incapacidade permanente total para a profesión habitual percibirán a pensión establecida no parágrafo anterior incrementada na porcentaxe que regulamentariamente se determine, cando, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais e laborais do lugar de residencia, se presuma a dificultade obter emprego en actividade distinta da habitual anterior.

3. A prestación económica correspondente á incapacidade permanente absoluta consistirá nunha pensión vitalicia.

4. Se o traballador fose cualificado de grande inválido, terá dereito á pensión a que se refire o apartado anterior, incrementándose a súa contía nun 50 por cento, destinado a que o inválido poida remunerar á persoa que o atenda.

A pedimento do grande inválido ou dos seus representantes legais, poderase autorizar, sempre que se considere conveniente en beneficio deste, a substitución do incremento a que se refire o parágrafo anterior polo seu aloxamento e coidado, a cargo da Seguridade Social e en réxime de internado, nunha institución asistencial axeitada.

5. As prestacións a que se refire este artigo faranse efectivas na contía e condicións que se determinen nos Regulamentos xerais desta Lei.

Artigo 140. Base reguladora das pensións de invalidez permanente derivada de continxencias comúns.-

1. A base reguladora das pensións de invalidez permanente derivada de enfermidade común será o cociente que resulte de dividir por 112 as bases de cotización do interesado durante os noventa e seis meses inmediatamente anteriores a aquel en que se produza o feito causante.

O cómputo das ditas bases realizarase conforme ás seguintes regras, das que é expresión matemática a fórmula que figura no final deste apartado:

1ª. As bases correspondentes aos vinte e catro meses anteriores a aquel en que se produza o feito causante computaranse no seu valor nominal.

2ª. As restantes bases de cotización actualizaranse de acordo coa evolución que experimentase o Índice de Prezos ao Consumo desde os meses a que aquelas correspondan ata o mes inmediato anterior a aquel en que se inicie o período de bases non actualizables a que se refire a regra anterior.

$$B_r = \frac{\sum_{i=1}^{24} B_i + \sum_{i=25}^{96} B_i \frac{I_{25}}{I_1}}{112}$$

Sendo:

B_5 = Base reguladora.

B_i = Base de cotización do mes i -ésimo anterior ao do feito causante.

I_i = Índice xeral de Prezos ao Consumo do mes i -ésimo anterior ao do feito causante.

Sendo $i = 1, 2, \dots, 96$.

2. Nos supostos en que se esixa un período mínimo de cotización inferior a oito anos, a base reguladora obterase de xeito análogo á establecida no número anterior, pero computando bases mensuais de cotización en número igual ao de meses de que conste o período mínimo esixible, sen ter en conta as fraccións de mes, e excluindo, en todo caso, da actualización as bases correspondentes aos vintecatro meses inmediatamente anteriores a aquel en que se produza o feito causante.

3. Respecto ás pensións de invalidez absoluta ou grande invalidez derivadas de accidente non laboral a que refire o apartado 3 do artigo 138, para o cómputo da súa base reguladora, aplicaranse as regras establecidas no apartado 1 deste artigo.

4. Se no período que se teña que tomar para o cálculo da base reguladora aparecen meses durante os cales non existise obriga de cotizar, as ditas lagoas integraranse coa base mínima de entre todas as existentes en cada momento para traballadores maiores de dezoito anos.

Artigo 141. Compatibilidades na percepción de prestacións económicas por invalidez permanente.-

1. En caso de incapacidade permanente total para a profesión habitual, a pensión vitalicia correspondente será compatible co salario que poida percibir o traballador na mesma empresa ou noutra distinta, co alcance e nas condicións que se determinen regulamentariamente.

De igual forma, poderase determinar a incompatibilidade entre a percepción do incremento establecido no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 139 e a realización de traballos, por conta propia e allea, incluídos no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social.

2. As pensións vitalicias en caso de invalidez absoluta ou de grande invalidez non impedirán o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do inválido e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo para efectos de revisión.

Artigo 142. Norma especial sobre invalidez derivada de enfermidade profesional.-

Os Regulamentos xerais de desenvolvemento desta Lei adaptarán, canto a enfermidades profesionais, as normas desta Sección ás peculiaridades e características especiais da dita continxencia.

Artigo 143. Cualificación e revisión.-

1. Correspóndelle ao Instituto Nacional da Seguridade Social, a través dos órganos que regulamentariamente se establezan e en todas as fases do procedemento, declarar a situación de invalidez permanente, para os efectos de recoñecemento das prestacións económicas a que se refire esta Sección.

2. Toda resolución, inicial ou de revisión, pola que se recoñeza o dereito ás prestacións de invalidez permanente, en calquera dos seus graos, fará constar necesariamente o prazo a partir do cal se poderá instar a revisión por agravación ou melloría do estado invalidante, en tanto que o incapacitado non cumprise a idade mínima establecida no artigo 161 desta Lei, para acceder ao dereito á pensión de xubilación. Este prazo será vinculante para todos os suxeitos que poidan promover a revisión.

Malia o anterior, se o pensionista por invalidez permanente estivese exercendo calquera traballo, por conta allea ou propia, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá, de oficio ou a pedimento do propio interesado, promover a revisión, con independencia de que transcorrese ou non o prazo sinalado na resolución.

As revisións fundadas en erro de diagnóstico poderanse levar a cabo en calquera momento, en tanto o interesado non cumprise a idade a que se refire o primeiro parágrafo deste número.

3. As disposicións que desenvolvan esta Lei regularán o procedemento de revisión e modificación e transformación das prestacións económicas que se lle recoñecesen ao traballador, así como os dereitos e obrigas que a consecuencia dos ditos cambios lles correspondan ás entidades xestoras ou colaboradoras e servicios comúns que teñan ao seu cargo tales prestacións.

Insérese o artigo 143, coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de Medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe a partir do 1-I-1995.

Sección 4ª. Invalidez na súa modalidade non contributiva

Artigo 144. Beneficiarios.-

1. Terá dereito á pensión de invalidez, na súa modalidade non contributiva, a persoa que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ser maior de dezaioito e menor de sesenta e cinco anos de idade.

b) Residir legalmente en territorio español e facelo durante cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de solicitude da pensión.

c) Estar afectada por unha minusvalía ou por unha enfermidade crónica, nun grao igual ou superior ao sesenta e cinco por cento.

d) Carecer de rendas ou ingresos suficientes. Considerarase que existen rendas ou ingresos suficientes cando a suma destes, en cómputo anual, sexa inferior ao importe, tamén en cómputo anual, da prestación a que se refire o apartado 1 do artigo seguinte.

Aínda que o solicitante careza de rendas ou ingresos propios, nos termos sinalados no parágrafo anterior, se convive con outras persoas nunha mesma unidade económica, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas ou ingresos suficientes cando a suma dos de todos os integrantes daquela sexa inferior ao límite de acumulación de recursos obtido conforme ao establecido nos apartados seguintes.

Os beneficiarios da pensión de invalidez, na súa modalidade non contributiva, que sexan contratados como aprendices, recuperarán automaticamente, se é o caso, o dereito á dita pensión cando se lles extinga o contrato, para o efecto do cal, malia o establecido no apartado 5 deste artigo, non se terán en conta, no cómputo anual das súas rendas, as que percibisen por mor do seu traballo como aprendices.

2. Os límites de acumulación de recursos, no suposto de unidade económica, serán equivalentes á contía, en cómputo anual, da pensión, máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da dita cifra polo número de conviventes, menos un.

3. Cando a convivencia, dentro dunha mesma unidade económica, se produza entre o solicitante e os seus descendentes ou ascendentes en primeiro grao, os límites de acumulación de recursos serán equivalentes a dúas veces e media a contía que resulte de aplicar o establecido no apartado 2.

4. Existirá unidade económica en todos os casos de convivencia dun beneficiario con outras persoas, sexan ou non beneficiarias, unidas con aquel por matrimonio ou por lazos de parentesco de consanguinidade ata o segundo grao.

5. Para efectos do establecido nos apartados anteriores, consideraranse como ingresos ou rendas computables calquera dos bens e dereitos, derivados tanto do traballo como do capital, así como os de natureza prestacional.

Cando o solicitante ou os membros da unidade de convivencia en que estea inserido dispoñan de bens mobles ou inmobles, teranse en conta os seus rendementos efectivos. De non existiren rendementos efectivos, valoraranse segundo as normas establecidas para o Imposto da Renda das Persoas Físicas, coa excepción, en todo caso, da vivenda habitualmente ocupada polo beneficiario. Tampouco non se computarán as asignacións periódicas por fillos ao cargo.

6. As rendas ou ingresos propios, así como os alleos computables, por razón de convivencia nunha mesma unidade económica, a residencia en territorio español e o grao de minusvalía ou de enfermidade crónica condicionan tanto o dereito a pensión como a conservación desta e, se é o caso, a súa contía.

Artigo 145. Contía da pensión.-

1. A contía da pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva fixarase, no seu importe anual, na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando nunha mesma unidade económica concorran máis dun beneficiario con dereito a pensión desta mesma natureza, a contía de cada unha das pensións virá determinada en función das seguintes regras:

1ª. Ao importe referido no primeiro parágrafo deste apartado sumaráselle o 70 por cento desa mesma contía, tantas veces como número de beneficiarios, menos un, existan na unidade económica.

2ª. A contía da pensión para cada un dos beneficiarios será igual ao cociente de dividir o resultado da suma prevista na regra primeira polo número de beneficiarios con dereito a pensión.

2. As contías resultantes da aplicación do establecido no apartado anterior deste artigo, calculadas en cómputo anual, reduciranse nun importe igual ao das rendas ou ingresos anuais de que, se é o caso, dispoña cada beneficiario.

3. Nos casos de convivencia do beneficiario ou beneficiarios con persoas non beneficiarias, se a suma dos ingresos ou rendas anuais da unidade económica máis a pensión ou pensións non contributivas, calculadas conforme ao disposto nos dous apartados anteriores, superase o límite de acumulación de recursos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo anterior, a pensión ou pensións reduciranse, para non sobrepasar o mencionado límite, diminuindo, en igual contía, cada unha das pensións.

4. Malia o establecido nos apartados 2 e 3 anteriores, a contía da pensión recoñecida será, como mínimo, do 25 por cento do importe da pensión a que se refire o apartado 1 deste artigo.

5. Para efectos do disposto nos apartados anteriores, son rendas ou ingresos computables os que se determinan como tales no apartado 5 do artigo anterior.

6. As persoas que, cumprindo os requisitos sinalados no apartado 1, a) b) e d) do artigo anterior, estean afectadas por unha minusvalía ou enfermidade crónica nun grao igual ou superior ao 75 por cento e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesiten o concurso doutra persoa para realizaren os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos, terán dereito a un complemento equivalente ao 50 por cento do importe da pensión a que se refire o primeiro parágrafo do apartado 1 deste artigo.

Artigo 146. Efectos económicos das pensións.-

Os efectos económicos do recoñecemento do dereito ás pensións de invalidez na súa modalidade non contributiva produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se presente a solicitude.

Artigo 147. Compatibilidade das pensións.-

As pensións de invalidez na súa modalidade non contributiva non impedirán o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do inválido e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo.

Artigo 148. Cualificación.-

1. O grao de minusvalía ou da enfermidade crónica padecida, para efectos do recoñecemento da pensión na súa modalidade non contributiva, determinarase mediante a aplicación dun baremo, no que serán obxecto de avaliación tanto os factores físicos, psíquicos ou sensoriais do presunto minusválido, como os factores sociais complementarios. Este baremo aprobarao o Goberno.

2. Así mesmo, a situación de dependencia e a necesidade do concurso dunha terceira persoa a que se refire o apartado 6 do artigo 145 determinarase mediante a aplicación dun baremo que aprobará o Goberno.

Artigo 149. Obrigas dos beneficiarios.-

Os perceptores das pensións de invalidez na súa modalidade non contributiva estarán obrigados a comunicarlle á entidade que lles aboe a prestación calquera variación da súa situación de convivencia, estado civil, residencia e cantas poidan ter incidencia na conservación ou a contía daquelas. En todo caso, o beneficiario deberá presentar, no primeiro trimestre de cada ano, unha declaración dos ingresos da respectiva unidade económica da que forma parte, referida ao ano inmediato precedente.

Sección 5ª. Lesións permanentes non invalidantes

Artigo 150. Indemnizacións por baremo.-

As lesións, mutilacións e deformidades de carácter definitivo, causadas por accidentes de traballo ou enfermidades profesionais que, sen chegaren a constituír unha invalidez permanente conforme ao establecido na sección 3ª deste capítulo, supoñan unha diminución ou alteración da integridade física do traballador e aparezan recollidas no baremo anexo ás disposicións de desenvolvemento desta Lei, serán indemnizadas, por unha soa vez, coas cantidades alzadas que no dito baremo se determinen, pola entidade que estivese obrigada ao pagamento das prestacións de invalidez permanente, todo isto sen prexuízo do dereito do traballador a continuar ao servizo da empresa.

Artigo 151. Beneficiarios.-

Serán beneficiarios das indemnizacións a que se refire o artigo anterior os traballadores integrados neste Réxime Xeral que reúnan a condición xeral esixida no apartado 1 do artigo 124 e fosen dados de alta médica.

Artigo 152. Incompatibilidade coas prestacións por invalidez permanente.-

As indemnizacións a tanto alzado que procedan polas lesións, mutilacións e deformidades que ser regulan nesta sección serán incompatibles coas prestacións económicas establecidas para a invalidez permanente, agás no caso de que as ditas lesións, mutilacións e deformidades sexan totalmente independentes das que fosen tomadas en consideración para declarar tal invalidez e o grao de incapacidade da mesma.

CAPÍTULO VI

Recuperación

Sección 1ª. Prestacións recuperadoras

Artigo 153. Beneficiarios.-

1. As persoas integradas neste Réxime Xeral que reúnan a condición xeral esixida no apartado 1 do artigo 124 terán dereito a que se lles inicien os procesos de recuperación ao que se aprecie a procedencia de levar a termo aquela e sen que sexa precisa a existencia dunha previa declaración de invalidez permanente. Os beneficiarios deberán seguir os procesos de recuperación a procedencia dos cales se determine; no suposto de negativa non razoable a seguir o tratamento prescrito, poderán ser sancionados coa suspensión do dereito ao subsidio que puidese corresponder ou, no seu día, coa perda ou suspensión das prestacións por invalidez.
2. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá recoñecer en cada caso como beneficiarios das medidas de recuperación a aqueles que perdan o dereito ás prestacións por invalidez por mor de seren declarados responsables da dita situación.
3. Declarada a existencia dunha invalidez permanente pola entidade xestora competente, esta poderá recoñecer a procedencia de prestacións recuperadoras nas condicións que se determinen.

Artigo 154. Contido.-

1. Os procesos de recuperación profesional poderán comprender todas, algunha ou algunhas das seguintes prestacións recuperadoras.
 - a) Tratamento sanitario axeitado, especialmente rehabilitación funcional.
 - b) Orientación profesional.
 - c) Formación profesional, por readaptación ao traballo anterior ou por reeducación para novo oficio ou profesión.
2. Os tratamentos sanitarios a que se refire o apartado a) anterior comprenderán os de asistencia sanitaria por enfermidade común e por accidente de traballo ou enfermidade profesional e, dun xeito especial, os de recuperación funcional, medicina física e ergoterapia, e cantos outros se consideren necesarios para a recuperación do traballador.
3. A orientación profesional establecida no apartado b) deste artigo prestarase, sempre que se considere preciso, antes de determinar o proceso de recuperación procedente, durante os tratamentos sanitarios e ao remataren estes. O beneficiario poderá solicitar, en vista dos resultados obtidos nos tratamentos sanitarios, que se reconsidere o proceso de recuperación prescrito na parte relativa á súa readaptación ou recuperación profesional.

4. A formación profesional, sinalada no apartado c) deste artigo, seralle dispensada ao traballador de acordo coa orientación profesional prestada nos termos establecidos no apartado anterior. Os cursos de formación poderán ser realizados nos centros sinalados para o efecto, ben sexan propios, ben concertados, ou nas propias empresas, de acordo cun contrato especial que se suxeitará ás normas que se determinen nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

5. Tamén se poderán prestar tratamentos especializados de recuperación non profesional, nas condicións que regulamentariamente se determinen, cando pola gravidade da invalidez non sexa posible a aplicación dunha recuperación profesional.

Artigo 155. Programa de recuperación.-

1. Sen prexuízo da iniciación inmediata dos procesos de recuperación a que se refiren os artigos anteriores, fixarase para cada beneficiario o programa de recuperación procedente, atendendo ás súas aptitudes e facultades residuais, ou que se prevexan como tales, idade, sexo e residencia familiar, así como no suposto de inválidos permanentes recuperables, ás características da súa antiga ocupación e aos seus desexos razoables de promoción social, dentro sempre das esixencias técnicas e profesionais derivadas das condicións de emprego.

2. No caso de que a recuperación se puidese efectuar, indistintamente, conforme a varios programas determinados de acordo co disposto no apartado anterior, o beneficiario terá dereito a optar entre estes.

Os beneficiarios poderán achegar, ao seu cargo, os dictames e propostas que consideren convenientes para a mellor formulación do programa.

3. O programa será obrigatorio para os beneficiarios, quedando condicionado o beneficio das prestacións recuperadoras á súa fiel observancia.

Sección 2ª. Prestación económica

Artigo 156. Subsidio de recuperación.-

Os beneficiarios que reciban as prestacións de recuperación profesional, sen teren dereito a subsidio por incapacidade laboral transitoria ou invalidez provisional, percibirán un subsidio por recuperación, nas condicións e contía que se determinen, ben sexa único, ben complementario, doutras prestacións económicas que os beneficiarios poidan ter recoñecidas.

Sección 3ª. Emprego selectivo

Artigo 157. Beneficiarios.-

1. Terán dereito a gozar dos beneficios de emprego selectivo que se establecen no artigo seguinte:

a) Os traballadores que fosen declarados cunha incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, sen se lles recoñecer a procedencia de prestacións recuperadoras.

b) Os inválidos permanentes que, logo de recibiren as prestacións de recuperación profesional, continúen afectos dunha incapacidade permanente parcial para a súa profesión habitual, ben por non se ter modificado a súa incapacidade inicial, ben en virtude de expediente de revisión.

2. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá estender os beneficios de emprego selectivo:

a) Aos traballadores cualificados como inválidos permanentes totais para a profesión habitual, e

b) A aqueles que estean nunha situación de invalidez permanente total de feito para a súa profesión habitual, sen que por ela se lles recoñecese dereito a prestacións económicas por non reuniren as condicións esixidas para o efecto.

3. Os inválidos permanentes absolutos e os grandes inválidos unicamente se poderán beneficiar da súa admisión nos centros piloto de carácter especial a que se refire o apartado 2 do artigo seguinte.

4. Organizarase un rexistro dos inválidos a que se refire este artigo.

Artigo 158. Contido do emprego selectivo.-

1. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social regulará o emprego selectivo dos que figuren inscritos no rexistro a que se refire o apartado 4 do artigo anterior, podendo para tal fin, entre outras medidas, establecer a reserva, con preferencia absoluta, de certos postos de traballo; sinalar as condicións de readmisión polas empresas dos seus propios traballadores, unha vez terminados os correspondentes procesos de recuperación: fixar os continxentes de traballadores con dereito a emprego selectivo a que terán que dar ocupación as mesmas en proporción aos seus cadros de persoal respectivos, obriga que se poderá substituír, logo de autorización previa do indicado departamento, polo pagamento da cantidade que regulamentariamente se determine cando se trate de empresas que, pola súa técnica especial ou perigosidade do emprego, non poidan ocupar traballadores de capacidade diminuída.

2. Estableceranse centros piloto para o emprego dos inválidos a que se refire o artigo anterior.

3. O órgano da Administración competente adoptará as medidas axeitadas para facer efectivo o dereito ao emprego selectivo que se regula neste artigo. Os órganos e servicios dependentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social prestarán, para o efecto, a colaboración procedente.

Artigo 159. Beneficios complementarios.-

Nas normas de aplicación e desenvolvemento desta Lei estableceranse as medidas precisas para completar a protección dispensada aos inválidos beneficiarios do emprego selectivo.

Esta protección poderá comprender medios e atencións para facilitar ou salvagardar a realización da tarefa dos indicados traballadores, participación nos gastos derivados de acondicionamentos dos postos de traballo que eles ocupen, medidas de fomento ou contribución directa para a organización de centros especiais de emprego ou centros ocupacionais, pagamento das cotas deste Réxime Xeral, créditos para o seu establecemento como traballador autónomo e preferencia para o gozo doutros beneficios da lexislación social.

CAPÍTULO VII

Xubilación

Sección 1ª. Xubilación na súa modalidade contributiva

Artigo 160. Concepto.-

A prestación económica por causa de xubilación, na súa modalidade contributiva, será única para cada beneficiario e consistirá nunha pensión vitalicia que lle será recoñecida, nas condicións, contía e forma que regulamentariamente se determinen, cando, alcanzada a idade establecida, cese ou cesase no traballo por conta allea.

Artigo 161. Beneficiarios.-

1. Terán dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, as persoas incluídas neste Réxime Xeral que, ademais da xeral esixida no apartado 1 do artigo 124, reúnan as seguintes condicións:

- a) Ter feitos os sesenta cinco anos de idade.
- b) Ter cuberto un período mínimo de cotización, de quince anos, dos cales cando menos dous deberán estar comprendidos dentro dos oito anos anteriores ao momento de causar o dereito.

2. A idade mínima a que se refire o apartado a) anterior poderá ser rebaixada por Real Decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Seguridade Social, naqueles grupos ou actividades profesionais con traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

3. Tamén terá dereito á pensión de xubilación quen estea en situación de invalidez provisional e reúna as condicións que se establecen no apartado 1 deste artigo.

4. Malia o disposto no parágrafo primeiro do apartado 1 deste artigo, a pensión de xubilación poderase causar, aínda que os interesados non estean no momento do feito causante en alta ou situación asimilada á de alta, sempre que reúnan os requisitos de idade e cotización establecidos no citado apartado 1.

5. Para causar pensión no Réxime Xeral e noutro ou noutros do sistema da Seguridade Social, no suposto establecido no apartado 4 deste artigo, será necesario que as cotizacións acreditadas en cada un deles se superpoñan, cando menos, durante quince anos.

Artigo 162. Base reguladora da pensión de xubilación.-

1. A base reguladora da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, determinarase de acordo co establecido para a pensión de invalidez no artigo 140, apartados 1 e 4, desta Lei.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado 2 do artigo 120, para a determinación da base reguladora da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, non se poderán computar os incrementos das bases de cotización, producidos nos dous últimos anos, que sexan consecuencia de aumentos salariais superiores ao incremento medio interanual experimentado no convenio colectivo aplicable ou, no seu defecto, no correspondente sector.

3. Exceptúanse da norma xeral establecida no apartado anterior os incrementos salariais que sexan consecuencia da aplicación estricta das normas contidas en disposicións legais e convenios colectivos sobre antigüidade e ascensos regulamentarios de categoría profesional.

Non obstante, a referida norma xeral será de aplicación cando os ditos incrementos salariais se produzan exclusivamente por decisión unilateral da empresa en virtude das súas facultades organizativas.

Quedarán, así mesmo, exceptuados, nos termos contidos no parágrafo anterior, aqueles incrementos salariais que deriven de calquera outro concepto retributivo establecido con carácter xeral e regulado nas citadas disposicións legais ou convenios colectivos.

4. Malia o disposto no apartado anterior, en ningún caso se computarán aqueles incrementos salariais que excedan do límite establecido no apartado 2 deste artigo e que fosen pactados exclusiva ou fundamentalmente en función do cumprimento dunha determinada idade próxima á xubilación.

5. Para efectos do cálculo da base reguladora da pensión de xubilación nas situacións de pluriemprego, as bases polas que se cotizou ás diversas empresas só se computarán na súa totalidade de se acreditar a permanencia naquela situación durante os dez anos inmediatamente anteriores á data do feito causante.

Noutro caso, só se acumulará a parte proporcional das bases de cotización que corresponda ao tempo realmente cotizado en situación de pluriemprego dentro daquel período, na forma que determine o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 163. Contía da pensión.-

A contía da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, determinarase para cada beneficiario aplicándolle á base reguladora a porcentaxe procedente de acordo coa escala que se fixe nos Regulamentos xerais, en función dos anos de cotización que lle correspondan.

Artigo 164. Imprescritibilidade.-

O dereito ao recoñecemento da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, é imprescritible, sen prexuízo de que os efectos de tal recoñecemento se produzan a partir dos tres meses anteriores á data en que se presente a correspondente solicitude, nos supostos de xubilación en situación de alta.

Artigo 165. Incompatibilidades.-

1. O beneficio da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, será incompatible co traballo do pensionista, coas salvidades e nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.
2. O desempeño dun posto de traballo no sector público delimitado no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo primeiro da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, é incompatible coa percepción da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva.

A percepción da pensión indicada quedará en suspenso polo tempo que dure o desempeño do dito posto, sen que isto afecte as súas revalorizacións.

3. Tamén será incompatible a percepción da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, co desempeño dos altos cargos aos que se refire o artigo primeiro da Lei 25/1983, do 26 de decembro, de Incompatibilidades de Altos Cargos.

Artigo 166. Xubilación parcial-

1. Os traballadores que reúnan as condicións esixidas para ter dereito á pensión de xubilación con excepción da idade, que terá que ser inferior a tres anos, como máximo, á esixida, poderán acceder á xubilación parcial, nas condicións establecidas no apartado 4 do artigo 4 da Lei 10/1994, do 19 de maio, sobre Medidas Urxentes da Fomento da Ocupación.
2. O beneficio da pensión de xubilación parcial será compatible cun posto de traballo a tempo parcial, ata o cumprimento da idade establecida con carácter xeral para causar dereito á pensión de xubilación

Sección 2ª. Xubilación na súa modalidade non contributiva**Artigo 167. Beneficiarios.-**

1. Terán dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade non contributiva, as persoas que, xa tendo feitos os sesenta cinco anos de idade, carezan de rendas ou ingresos en contía superior aos límites establecidos no artigo 144, residan legalmente en territorio español e o fixesen durante dez anos entre a idade de dezaseis e a idade de retribución da pensión, dos cales dous deberán ser consecutivos e inmediatamente anteriores á solicitude da prestación.
2. As rendas e ingresos propios, así como os alleos computables por razón de convivencia nunha mesma unidade económica, e a residencia en territorio español, condicionan tanto o dereito a pensión como a conservación desta e, se é o caso, a súa contía.

Artigo 168. Contía da pensión.-

Para a determinación da contía da pensión de xubilación, na súa modalidade non contributiva, estarase conforme ao disposto para a pensión de invalidez no artigo 145 desta Lei.

Artigo 169. Efectos económicos do recoñecemento do dereito.-

Os efectos económicos do recoñecemento do dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade non contributiva, estarán obrigados ao cumprimento do establecido, para a pensión de invalidez, no artigo 149 desta Lei.

CAPÍTULO VIII

Morte e supervivencia

Artigo 171. Prestacións.-

1. En caso de morte, calquera que fose a súa causa, outorgaranse, segundo os supostos, algunha ou algunhas das prestacións seguintes:

- a) Un auxilio por defunción.
- b) Unha pensión vitalicia de viuvez.
- c) Unha pensión de orfandade.
- d) Unha pensión vitalicia ou, se é o caso, subsidio temporal a favor de familiares.

2. No caso de morte causada por accidente de traballo ou enfermidade profesional, concederase, ademais, unha indemnización a tanto alzado.

Artigo 172. Suxeitos causantes.-

1. Poderán causar dereito ás prestacións enumeradas no artigo anterior:

- a) As persoas integradas no Réxime Xeral que cumprisen a condición xeral esixida no apartado 1 do artigo 124.
- b) Os inválidos provisionais e os pensionistas por invalidez permanente e xubilación, ambas na súa modalidade contributiva.

2. Reputaranse de dereito mortos a consecuencia de accidente de traballo ou de enfermidade profesional os que teñan recoñecida por tales continxencias unha invalidez permanente absoluta para todo traballo ou a condición de grande inválido.

Se non se dá o suposto establecido no parágrafo anterior, deberase probar que a morte se debeu ao accidente de traballo ou á enfermidade profesional, sempre que o pasamento ocorrese dentro dos cinco anos seguintes á data do accidente: en caso de enfermidade profesional, admitirase tal proba, calquera que sexa o tempo transcorrido.

3. Os traballadores que desaparecesen por mor dun accidente, sexa ou non de traballo, en circunstancias que fagan presumible a súa morte e sen que se tivesen novas súas durante os noventa días naturais seguintes ao do accidente, poderán causar as prestacións por morte e supervivencia, agás o auxilio por defunción. Os efectos económicos das prestacións retrotraeranse á data do accidente, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 173. Auxilio por defunción.- O pasamento do causante dará dereito á percepción inmediata dun auxilio por defunción para lles facer fronte aos gastos de enterro a quen os soportase. Presumirase, agás proba en contra, que os ditos gastos fosen satisfeitos por esta orde: polo cónxuxe sobrevivente, fillos e parentes do finado que convivisen con el habitualmente.

Artigo 174. Pensión de viuvez.-

1. Terá dereito á pensión de viuvez, con carácter vitalicio, salvo que se produza algún dos casos de extinción que regulamentariamente se establezan, o cónxuxe sobrevivente cando, ao pasamento o seu cónxuxe, este, se ao finar estivese en alta ou en situación asimilada á de alta, completase o período de cotización que regulamentariamente se determine. De ser a causa da morte un accidente, sexa ou non de traballo, ou unha enfermidade profesional, non se esixirá ningún período previo de cotización.
2. Nos supostos de separación ou divorcio, o dereito á pensión de viuvez corresponderalle a quen sexa ou fose cónxuxe lexítimo e en contía proporcional ao tempo vivido co cónxuxe falecido, con independencia das causas que determinasen a separación ou o divorcio.

A Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Xurídica e Entidades colaboradoras da Seguridade Social do 3-IV-1995, BOE do 10-IV-1995, R. 1132, I.L. 2795, dispón que as Entidades da Seguridade Social estenderán por analoxía a aplicación do artigo 174.2 desta Lei e as previsións contidas na Lei 30/1981, do 7-VII-1981, BOE do 20, R. 1700, aos cónxuxes con matrimonio declarado nulo por sentenza xudicial firme, sempre que o cónxuxe que pretenda ser beneficiario das prestacións da Seguridade Social fose considerado expresamente contraente de boa fe na dita Sentencia ou non se efectuase nela pronunciamento acerca da boa ou mala fe de ningún dos dous cónxuxes; neste caso presumirase a boa fe, de acordo co artigo 79 do Código Civil.

Para os efectos da aplicación das prestacións convidas no nº 2 do artigo 174 da Lei Xeral da Seguridade Social, tomarase como tempo vivido co cónxuxe falecido o que transcorrese desde a celebración do casamento deica a data de efectos da súa nulidade declarada por sentenza firme.

3. Os dereitos derivados do apartado anterior quedarán sen efecto nos supostos do artigo 101 do Código Civil.

Artigo 175. Pensión de orfandade.-

1. Terán dereito á pensión de orfandade cada un dos fillos do causante, calquera que sexa a natureza legal da súa filiación, así como, nas condicións que regulamentariamente se determinen, os adoptivos, sempre que, ao finar o causante, sexan menores de dezoito anos ou estean incapacitados para o traballo e que aquel cubrise o período de cotización esixido, en relación coa pensión de viuvez, no apartado 1 do artigo anterior.
2. A pensión de orfandade aboaráselle a quen teña ao seu cargo os beneficiarios, segundo determinación regulamentaria.

Artigo 176. Prestación en favor de familiares.-

1. Nos Regulamentos xerais de desenvolvemento desta Lei determinaranse aqueloutros familiares ou asimilados que, reunindo as condicións que para cada un deles se establezan e logo de proba previa da súa dependencia económica do causante, terán dereito a pensión ou subsidio por morte deste, na contía que respectivamente se fixe.
2. En todo caso, recoñeceráselles dereito a pensión aos fillos e irmáns de beneficiarios de pensións contributivas de xubilación e invalidez, nos que se dean, nos termos que se establezan nos Regulamentos xerais, as seguintes circunstancias:
 - a) Ter convivido co causante e ao seu cargo.
 - b) Ser maiores de corenta e cinco anos e solteiros, divorciados ou viúvos.
 - c) Acreditar dedicación prolongada ao coidado do causante.
 - d) Carecer de medios propios de vida.

3. A duración dos subsidios temporais por morte e supervivencia será obxecto de determinación nos Regulamentos xerais de desenvolvemento desta Lei.

4. Para efectos destas prestacións, quen estea en situación legal de separación terá, respecto dos seus ascendentes ou descendentes, os mesmos dereitos que os que lles corresponderían de estar disolto o casamento.

Artigo 177. Indemnización, especial a tanto alzado.-

1. No caso de morte por accidente de traballo ou enfermidade profesional, o cónxuxe sobrevivente e os orfos terán dereito a unha indemnización a tanto alzado, a contía uniforme da cal determinarase nos Regulamentos xerais desta Lei.

Nos supostos de separación ou divorcio será de aplicación, se é o caso, o establecido no apartado 2 do artigo 174 desta Lei.

2. Cando non existisen outros familiares con dereito a pensión por morte ou supervivencia, o pai ou a nai que vivisen a expensas do traballador finado, sempre que non teñan, con motivo da morte deste, dereito ás prestacións a que se refire o artigo anterior, percibirán a indemnización que se establece no apartado 1 deste artigo.

Artigo 178. Imprescritibilidade.-

O dereito ao recoñecemento das prestacións por morte e supervivencia, agás o auxilio por defunción, será imprescritible, sen prexuízo de que os efectos de tal recoñecemento se produzan a partir dos tres meses anteriores á data en que se presente a correspondente solicitude.

Artigo 179. Compatibilidade e límite das prestacións.-

1. A pensión de viuvez será compatible con calquera renda de traballo.

2. A pensión de orfandade será compatible con calquera renda de traballo de quen sexa ou fose cónxuxe do causante, o do propio orfo, así como, se é o caso, coa pensión de viuvez que aquel perciba.

Malia o establecido no parágrafo anterior, a percepción da pensión de orfandade será incompatible co desempeño dun posto de traballo no sector público, delimitado no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo primeiro da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. A percepción da pensión quedará en suspenso polo tempo que dure o desempeño do dito posto, sen que isto afecte as súas revalorizacións.

3. Os orfos incapacitados para o traballo con dereito a pensión de orfandade, cando perciban outra pensión da Seguridade Social por mor da mesma incapacidade, poderán optar entre unha ou outra.

4. A suma das contías das pensións de viuvez e orfandade non poderá exceder do importe da base reguladora que corresponda, conforme ao establecido no apartado 2 do artigo 120, en función das cotizacións efectuadas polo causante. Esta limitación aplicarase á determinación inicial das expresadas contías, pero non afectará as revalorizacións periódicas das pensións de viuvez e orfandade que procedan no sucesivo, conforme ao establecido no apartado 2 do artigo 48 desta Lei.

5. Regulamentariamente, determinaranse os efectos da concorrencia nos mesmos beneficiarios de pensións de orfandade causadas polo pai e mais a nai.

CAPÍTULO IX

Prestacións familiares por fillo ao cargo

Sección 1ª. Modalidade contributiva

Artigo 180. Prestacións.-

As prestacións de protección por fillo ao cargo, na súa modalidade contributiva, consistirán en:

- a) Unha asignación, por cada fillo, menor de dezoito anos ou afectado por unha minusvalía nun grao igual ou superior ao 65 por cento, a cargo de beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación daqueles.
- b) A consideración, como período de cotización efectiva, do primeiro ano con reserva de posto de traballo do período de excedencia do que os traballadores, de acordo coa lexislación aplicable, se benefician en razón do coidado de cada fillo.

Artigo 181. Beneficiarios.-

Terán dereito á asignación económica por fillo ao cargo, na súa modalidade contributiva:

- a) As persoas integradas no Réxime Xeral que, reunindo a condición xeral esixida no apartado 1 do artigo 124, non perciban ingresos anuais, de calquera natureza, superiores a 1.035.000 pesetas. A contía anterior incrementarase nun 15 por cento por cada fillo ao cargo, a partir do segundo, este incluído.

O límite máximo de ingresos anuais establecido no parágrafo anterior actualizarase anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, respecto á contía do exercicio anterior, cando menos, na mesma porcentaxe que na dita lei se estableza como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.

- b) Os pensionistas deste Réxime Xeral por calquera continxencia ou situación, na modalidade contributiva, e os perceptores do subsidio de invalidez provisional, que non perciban ingresos, incluídos neles a pensión ou o subsidio, superiores á contía indicada no apartado anterior.

Sección 2ª. Modalidade non contributiva

Artigo 182. Prestacións.-

A prestación de protección por fillo ao cargo, na súa modalidade non contributiva, consistirá nunha asignación económica, por cada fillo, menor de dezoito anos ou afectado por unha minusvalía nun grao igual ou superior ao 65 por cento, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación daqueles.

Artigo 183. Beneficiarios.-

Terá dereito á asignación económica por fillo ao cargo, na súa modalidade non contributiva, quen:

- a) Resida legalmente en territorio español.
- b) Teña ao cargo fillos nos que concorran as condicións establecidas no artigo anterior.
- c) Non perciba ingresos actuais, de calquera natureza, superiores aos límites que se establecen no apartado a) do artigo 181.
- d) Non teña dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

Sección 3ª. Normas aplicables a ambas as modalidades de prestacións

Artigo 184. Determinación da condición de beneficiario en supostos especiais.-

1. Malia o establecido nos artigos 181 e 183, tamén poderán ser beneficiarios das asignacións económicas por fillo ao cargo, as persoas sinaladas nos mesmos que perciban ingresos anuais, por calquera natureza, que, superando a cifra indicada nos citados artigos, sexan inferiores á contía que resulte de lle sumar á dita cifra o produto de multiplicar o importe anual da asignación por fillo polo número de fillos a cargo dos beneficiarios.

En tales casos, a contía anual da asignación será igual á diferenza entre os ingresos percibidos polo beneficiario e a cifra resultante de aplicar o disposto no parágrafo anterior. A dita contía será distribuída entre os fillos a cargo do beneficiario e as mensualidades a que, dentro de cada exercicio económico, se teña dereito á asignación, sendo redondeada, unha vez efectuada a dita contribución, ao múltiplo de 1.000 máis próximo por exceso.

Non se recoñecerá asignación económica por fillo ao cargo, cando a diferenza a que se refire o parágrafo anterior sexa inferior a 3.000 pesetas anuais por cada fillo ao cargo.

2. No suposto de convivencia do pai e da nai, se a suma dos ingresos de ambos superase os límites de ingresos establecidos no artigos 181 e 183 e no apartado 1 deste, non se lle recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles.

3. Serán, así mesmo, beneficiarios da asignación que, se é o caso e en razón deles, correspondese a seus pais, aqueles orfos de pai e nai, menores de dezoito anos ou minusválidos nun grao igual ou superior ao 65 por cento, sexan ou non pensionistas de orfandade do sistema da Seguridade Social.

Seguirase igual criterio no suposto de quen non sexa orfo e fose abandonado por seus pais, estea ou non en réxime de acollemento familiar.

Cando se trate de menores non minusválidos, será requisito indispensable que os seus ingresos anuais, incluída, se é o caso, a pensión de orfandade, non superen o límite establecido no apartado a) do artigo 181.

4. Para efectos do recoñecemento da condición de beneficiario das asignacións económicas establecidas no apartado 2 do artigo 185, non se esixirá límite de recursos económicos.

5. Nos casos de separación xudicial ou divorcio, o dereito á percepción sinalada nos artigos 180 e 182 conservarase para o pai ou a nai polos fillos que teña ao seu cargo, aínda que se trate de persoa distinta a aquela que a tiña recoñecida antes de se producir a separación xudicial ou divorcio, sempre que quen tiña os fillos ao cargo non supere os límites de ingresos anuais establecidos nos artigos 181 e 183 e nos apartados anteriores deste artigo.

Artigo 185. Contía das prestacións.-

1. A contía da asignación económica a que se refiren os artigos 180 e 182 será, en cómputo anual, de 36.000 pesetas, agás nos supostos especiais que se conteñen no apartado seguinte.

2. Nos casos en que o fillo ao cargo teña a condición de minusválido, o importe da asignación económica será, en cómputo anual, o seguinte:

a) 72.000 pesetas, cando o fillo ao cargo sexa menor de 18 anos e o grao de minusvalía sexa igual ou superior ao 33 por cento.

b) 391.620 pesetas, cando o fillo ao cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha minusvalía nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

c) 587.460 pesetas, cando o fillo ao cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha minusvalía nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Artigo 186. Determinación do grao de minusvalía e da necesidade do concurso doutra persoa.-

O grao de minusvalía, para efectos do recoñecemento das asignacións por fillo minusválido ao cargo, así como a situación de dependencia e a necesidade do concurso dunha terceira persoa a que se refire o apartado 2.c), do artigo anterior, determinaranse mediante a aplicación dun baremo que será aprobado polo Goberno mediante Real Decreto.

Artigo 187. Incompatibilidades.-

1. No suposto de que no pai e na nai concorran as circunstancias necesarias para ter a condición de beneficiarios da asignación económica a que se refiren os artigos 180 e 182, o dereito a percibila só poderá ser recoñecido en favor dun deles.
2. A asignación por fillo ao cargo establecida no artigo 180 será incompatible coa percepción, por parte do pai ou nai, de calquera outra prestación análoga establecida nos restantes réximes públicos de protección social.
3. A percepción das asignacións económicas por fillo minusválido ao cargo, establecidas no apartado 2.b) e c), do artigo 185, será incompatible coa condición, por parte do fillo minusválido, de pensionista de invalidez ou xubilación na modalidade non contributiva.

Artigo 188. Retribución e aboamento.-

1. As asignacións económicas a que se refiren os artigos 180 e 182 retribuiranse en función das mensualidades a que, dentro de cada exercicio económico, teña dereito o beneficiario.
2. O aboamento das asignacións económicas efectuarase coa periodicidade que se estableza nas normas de desenvolvemento desta Lei.

Artigo 189. Declaración e efectos das variacións familiares.-

1. Todo beneficiario estará obrigado a declarar cantas variacións se produzan na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta para efectos do nacemento, modificación ou extinción do dereito.

En ningún caso cumprirá acreditar documentalmente aqueles feitos ou circunstancias, tales como o importe das pensións e subsidios, que a Administración da Seguridade Social deba coñecer de seu directamente.

Todo beneficiario estará obrigado a presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha declaración expresiva dos ingresos habidos durante o ano anterior.

2. Cando se dean as variacións a que se refire o apartado anterior, producirán efecto, no caso de nacemento do dereito, a partir do día primeiro do trimestre natural inmediatamente seguinte á data en que se solicítase o recoñecemento deste e, no caso de extinción do dereito, tales variacións non producirán efecto ata o último día do trimestre natural dentro do que se dese a variación de que se trate.

Artigo 190. Colaboración do Rexistro Civil.-

As oficinas do Rexistro Civil facilitaránlle á Entidade xestora a información que esta solicite acerca das inscricións e datos obrantes nas mesmas e que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás asignacións económicas por fillo ao cargo.

CAPÍTULO X

Disposicións comúns do Réxime Xeral

Sección 1ª. Melloras voluntarias da acción protectora do Réxime Xeral

Artigo 191. Melloras da acción protectora.-

1. As melloras voluntarias da acción protectora deste Réxime Xeral poderanse efectuar a través de:

- a) Mellora directa das prestacións.
- b) Establecemento de tipos de cotización adicionais.

2. A concesión de melloras voluntarias polas empresas deberase axustar ao establecido nesta sección e nas normas dictadas para a súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 192. Mellora directa das prestacións.-

As empresas poderán mellorar directamente as prestacións deste Réxime Xeral, custeándoas ao seu exclusivo cargo. Por excepción, e logo de aprobación previa do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, poderase establecer unha achega económica a cargo dos traballadores, sempre que se lles faculte para se acolleren ou non, individual ou voluntariamente, ás melloras concedidas polos empresarios con tal condición.

Malia o carácter voluntario, para os empresarios, da implantación das melloras a que este artigo se refire, cando ao abeiro destas un traballador causase o dereito á mellora dunha prestación periódica, ese dereito non poderá ser anulado ou diminuído, se non é de acordo coas normas que regulan o seu recoñecemento.

Artigo 193. Modos de xestión da mellora directa.-

1. As empresas, nas condicións que regulamentariamente se determinen, poderán realizar a mellora de prestacións a que se refire o artigo anterior, de seu ou a través da Administración da Seguridade Social, Fundacións Laborais, Montepíos e Mutualidades de Previsión Social ou entidades aseguradoras de calquera clase.

2. As Fundacións Laborais legalmente constituídas para o cumprimento dos fins que lles sexan propios gozarán do trato fiscal e das demais exencións concedidas, nos termos que as normas aplicables establezan.

Artigo 194. Mellora por establecemento de tipos de cotización adicionais.-

O Ministerio de Traballo e Seguridade Social, a pedimento dos interesados, poderá aprobar cotizacións adicionais efectuadas mediante o aumento do tipo de cotización a que se refire o artigo 107, con destino á revalorización das pensións ou outras prestacións periódicas xa causadas e financiadas con cargo ao mesmo ou para mellorar as futuras.

Sección 2ª. Disposicións sobre seguridade e hixiene no traballo no Réxime Xeral

Artigo 195. Incumprimentos en materia de accidentes de traballo.-

O incumprimento por parte das empresas das decisións da Inspección de Traballo e Seguridade Social e das resolucións da autoridade laboral en materia de paralización de traballos que non cumpran as normas de seguridade e hixiene equipararase, respecto dos accidentes de traballo que en tal caso se puidesen producir, a falta de formalización da protección pola dita continxencia dos traballadores afectados, con independencia de calquera outra responsabilidade ou sanción que procedese.

Artigo 196. Normas específicas para enfermidades profesionais.-

1. Todas as empresas que teñan que cubrir postos de traballo con risco de enfermidades profesionais están obrigadas a practicar un recoñecemento médico previo á admisión dos traballadores que teñan que ocupar aqueles e a realizar os recoñecementos periódicos que, para cada tipo de enfermidade, se establezan nas normas que, para o efecto, dictará o Ministerio de Traballo e Seguridade Social.
2. Os recoñecementos serán a cargo da empresa e terán o carácter de obrigatorios para o traballador, a quen aquela lle aboará, de proceder, os gastos de desprazamento e a totalidade do salario que por tal causa poida deixar de percibir.
3. As indicadas empresas non poderán contratar traballadores que no recoñecemento médico non fosen cualificados como aptos para desempeñaren os postos de traballo destas de que se trate. Establécese igual prohibición respecto á continuación do traballador no seu posto de traballo cando non se manteña a declaración de aptitude nos recoñecementos sucesivos.
4. As disposicións de aplicación e desenvolvemento determinarán os casos excepcionais en que, por esixencia de feito da contratación laboral, se poida conceder un prazo para efectuar os recoñecementos inmediatamente despois da iniciación do traballo.

Artigo 197. Responsabilidades por falta de recoñecementos médicos.-

1. As Entidades xestoras e as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social están obrigadas, antes de tomaren ao seu cargo a protección por accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal empregado en industrias con risco específico desta última continxencia, a coñecer o certificado de recoñecemento médico previo a que se refire o artigo anterior, facendo constar na documentación correspondente que tal obriga se cumpriu. De igual xeito deberán coñecer as entidades mencionadas os resultados dos recoñecementos médicos periódicos.
2. O incumprimento por parte da empresa da obriga de efectuar os recoñecementos médicos previos ou periódicos constituíraa en responsable directa de todas as prestacións que se poidan derivar, en tales casos, de enfermidade profesional, tanto se a empresa estivese asociada a unha Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais, como se tivese cuberta a protección da dita continxencia nunha entidade xestora.
3. O incumprimento polas Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais do disposto no apartado 1 deste artigo fará que estas incorran nas seguintes responsabilidades:
 - a) Obriga de ingresar a favor dos fins xerais de prevención e rehabilitación, a que se refire o artigo 73 desta Lei, o importe das primas percibidas, cunha recarga que poderá chegar ao 100 por cento do dito importe.
 - b) Obriga de ingresar, co destino antes fixado, unha cantidade igual á que equivallan as responsabilidades a cargo da empresa, nos supostos a que se refire o apartado anterior deste artigo, incluíndose entre tales responsabilidades as que procedan de acordo co disposto no artigo 123 desta Lei.
 - c) Anulación, en caso de reincidencia, da autorización para colaborar na xestión.

d) Calquera outra responsabilidade que proceda de acordo co disposto nesta Lei e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

CAPÍTULO XI

Xestión

Artigo 198. Xestión e colaboración na xestión.-

A xestión do Réxime Xeral da Seguridade Social, así como a colaboración na xestión por parte das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e empresas, rexerase polo disposto no capítulo VII do Título I desta Lei.

Artigo 199. Concertos para a prestación de servicios administrativos e sanitarios.-

Para o mellor desempeño das súas funcións, os organismos da Administración da Seguridade Social, de acordo coas súas respectivas competencias, poderán concertar con entidades públicas ou privadas a simple prestación de servicios administrativos, sanitarios ou de recuperación profesional. Os concertos que para o efecto se establezan serán aprobados polos Departamentos ministeriais competentes e a compensación económica que nestes se estipule non poderá consistir na entrega dunha porcentaxe das cotas neste Réxime Xeral nin entrañar, en forma ningunha, substitución na función xestora encomendada a aqueles organismos.

CAPÍTULO XII

Réxime financeiro

Artigo 200. Sistema financeiro.-

O sistema financeiro do Réxime Xeral da Seguridade Social será o establecido no artigo 87 desta Lei, coas particularidades que, en materia de accidentes de traballo, se establecen no artigo seguinte.

Artigo 201. Normas específicas en materia de accidentes de traballo.-

1. As Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e, se é o caso, as empresas responsables constituirán na Tesourería Xeral da Seguridade Social, ata o límite da súa respectiva responsabilidade, o valor actual do capital custo das pensións que, de conformidade con esta Lei, se causen por invalidez permanente ou morte debidas a accidente de traballo. O Ministerio de Traballo e Seguridade Social aprobará as táboas de mortalidade e a taxa de xuro aplicables para a determinación dos valores aludidos.

2. En relación coa protección de accidentes de traballo a que se refire este artigo, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá establecer a obriga das Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais de reaseguraren na Tesourería Xeral da Seguridade Social a porcentaxe dos riscos asumidos que se determine, sen que, en ningún caso, sexa inferior ao 10 por cento nin superior ao 30 por cento. Para tales efectos, excluíranse a situación de incapacidade laboral transitoria e a asistencia sanitaria e recuperación profesional que correspondan durante esta.

En relación co exceso de perdas, non reaseguradas de conformidade co parágrafo anterior, as Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais constituirán os oportunos depósitos ou concertarán, facultativamente, reaseguros complementarios dos anteriores nas condicións que se establezan.

O Ministerio de Traballo e Seguridade Social poderá dispoñer a substitución das obrigas que se establecen neste apartado pola aplicación doutro sistema de compensación de resultados da xestión da protección por accidentes de traballo.

3. As Mutuas de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais ou, se é o caso, as empresas responsables das prestacións deberán ingresar na Tesourería Xeral da Seguridade Social os capitais na contía necesaria para constituír unha renda certa temporal durante vintecinco anos, do 30 por cento do salario dos traballadores que morran por consecuencia mediata ou inmediata de accidente de traballo sen deixaren ningún familiar con dereito a pensión.

CAPÍTULO XIII

Aplicación das normas xerais do sistema

Artigo 202. Dereito supletorio.-

No non establecido expresamente neste Título estarase conforme ao disposto no Título I desta Lei, así como nas disposicións que se dicten para a súa aplicación e desenvolvemento.

TÍTULO III

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 203. Obxecto da protección.-

1. Este Título ten por obxecto regular a protección da continxencia de desemprego en que estean os que, podendo e querendo traballar, perdan o emprego ou vexan reducida a súa xornada ordinaria de traballo, nos termos establecidos no artigo 208 desta Lei.
2. O desemprego será total cando o traballador cese, con carácter temporal ou definitivo, na actividade que viña desenvolvendo e sexa privado, conseguintemente, do seu salario.
3. O desemprego será parcial cando o traballador vexa reducida temporalmente a súa xornada ordinaria de traballo, cando menos nunha terceira parte, sempre que o salario sexa obxecto de análoga redución.

Artigo 204. Niveis de protección.-

1. A protección por desemprego estrutúrase nun nivel contributivo e nun nivel asistencial, ambos de carácter público e obrigatorio.
2. O nivel contributivo ten como obxecto proporcionar prestacións substitutivas das rendas salariais deixadas de percibir como consecuencia da perda dun emprego anterior ou da redución da xornada.
3. O nivel asistencial, complementario do anterior, garante a protección aos traballadores desempregados que estean nalgún dos supostos incluídos no artigo 215.

Artigo 205. Persoas protexidas.-

1. Estarán comprendidos na protección por desemprego, sempre que teñan previsto cotizar por esta continxencia, os traballadores por conta allea incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, o persoal contratado en réxime de dereito administrativo e os funcionarios de emprego ao servizo das Administracións Públicas.

2. Estarán comprendidos, así mesmo, coas peculiaridades que se que se establezan regulamentariamente, os traballadores por conta allea incluídos nos Réximes Especiais da Seguridade Social que protexen a dita continxencia.

3. Tamén se estenderá a protección por desemprego, nas condicións establecidas neste Título, aos liberados de prisión.

Artigo 206. Acción protectora.-

1. A protección por desemprego comprenderá as prestacións seguintes:

i. No nivel contributivo:

a) Prestación por desemprego total ou parcial.

b) Aboamento da contribución da empresa correspondente ás cotizacións á Seguridade Social durante a percepción das prestacións por desemprego, agás nos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 214, así como do complemento da contribución do traballador nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 214 desta Lei.

ii. No nivel asistencial:

a) Subsidio por desemprego.

b) Aboamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes ás prestacións de asistencia sanitaria, protección á familia e, se é o caso, xubilación, durante a percepción do subsidio por desemprego.

2. Ademais das prestacións comprendidas no apartado anterior, desenvolveranse accións específicas de formación, perfeccionamento, orientación e reconversión profesionais en favor dos traballadores desempregados.¹

CAPÍTULO II

Nivel contributivo

Artigo 207. Requisitos para o nacemento do dereito ás prestacións.-

Para ter dereito ás prestacións por desemprego as persoas comprendidas no artigo 205 deberán reunir os requisitos seguintes:

a) Estar afiliadas á Seguridade Social e en situación de alta ou asimilada á alta nos casos que regulamentariamente se determinen.

¹ O número deste artigo é modificado polo Real Decreto Lei 5/1999, do 9 de abril (BOE 86, do 10-04-1999), e queda redactado como segue:

“2. A acción protectora comprenderá, ademais, accións específicas de formación, perfeccionamento, orientación, reconversión e inserción profesional en favor dos traballadores desempregados e aquelas outras que teñan por obxecto o fomento do emprego estable. Todo iso sen prexuízo, se é o caso, das competencias de xestión das políticas activas de emprego que desenvolverá a Administración xeral do Estado ou a Administración autonómica correspondente, de acordo coa normativa de aplicación.”

b) Ter cuberto o período mínimo de cotización a que se refire o apartado 1 do artigo 210 desta Lei, dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar.

c) Estar en situación legal de desemprego.

d) Non ter a idade ordinaria que se esixa en cada caso para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, salvo que o traballador non tivese acreditado o período de cotización requirido para iso ou se trate de supostos de suspensión de relacións laborais ou redución de xornada autorizados por resolución administrativa.

Artigo 208. Situación legal de desemprego.-

1. Estarán en situación legal de desemprego os traballadores que estean incluídos nalgún dos seguintes supostos:

1. Cando se extinga a súa relación laboral.

a) En virtude de expediente de regulación de emprego.

b) Por morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, cando determinen a extinción do contrato.

c) Por despedimento procedente ou improcedente. No caso de despedimento procedente cumprirá sentenza da orde xurisdiccional social.

d) Por despedimento baseado en causas obxectivas.

e) Por resolución voluntaria por parte do traballador, nos supostos establecidos nos artigos 40, 41.3 e 50 do Estatuto dos Traballadores.

f) Por expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, sempre que as ditas causas non actuasen por denuncia do traballador.

g) Por resolución da relación laboral, durante o período de proba, a pedimento do empresario, sempre que a extinción da relación laboral anterior se debese a algún dos supostos establecidos neste apartado ou transcorrese un prazo de tres meses desde a dita extinción ou desde a sentenza que declarou o despedimento procedente.

2. Cando se suspenda a súa relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego.

3. Cando se reduza nunha terceira parte, cando menos, a xornada de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente.

4. Cando os traballadores fixos de carácter discontinuo carezan de ocupación efectiva, nos termos que se establezan regulamentariamente.

5. Cando os traballadores volvan a España por se lles extinguir a relación laboral no país estranxeiro, sempre que non obteñan prestación por desemprego no dito país e acrediten cotización suficiente antes de saíren de España.

2. Non se considerarán en situación legal de desemprego os traballadores que estean no seguintes supostos:

1. Cando cesen voluntariamente no traballo, agás o establecido no apartado 1.1.e) deste artigo.

2. Cando fosen despedidos e non reclamen en tempo e forma oportunos contra a decisión empresarial, agás o establecido no apartado 1.1.d) deste artigo.

3. Cando, declarado improcedente ou nulo o despedimento por sentenza firme e comunicada polo empregador a data de reincorporación ao traballo, non exerza tal dereito o traballador ou non se fixese uso, se é o caso, das accións establecidas no artigo 276 da Lei de Procedemento Laboral.

4. Cando non solicitasen o reingreso ao posto de traballo nos casos e prazos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 209. Solicitude e nacemento do dereito ás prestacións.-

1. As persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 207 desta Lei deberánlle solicitar á entidade xestora competente o recoñecemento do dereito ás prestacións, que se orixinará a partir da situación legal de desemprego, sempre que se solicite dentro do prazo dos quince días seguintes. A solicitude implicará a inscrición como demandante de emprego, se esta non se efectuou previamente.

2. Os que acrediten cumprir os requisitos establecidos no artigo 207, pero presenten a solicitude transcorrido o prazo de quince días a que se refire o apartado 1 deste artigo, terán dereito ao recoñecemento da prestación a partir da data da solicitude, perdendo tantos días de prestación como medien entre a data en que tivese lugar o nacemento do dereito de se ter solicitado en tempo e forma e aquela en que efectivamente se formulase a solicitude.

3. No suposto de despedimento procedente, o traballador deberá permanecer inscrito como demandante de emprego durante un período de espera de tres meses desde o momento da sentenza, transcorridos os cales nacerá o dereito, sempre que se solicite nas condicións establecidas nos apartados anteriores.

Artigo 210. Duración da prestación por desemprego.-

1. A duración da prestación por desemprego estará en función dos períodos de ocupación cotizada nos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar, de acordo coa seguinte escala:

Período de cotización (en días)	Período de prestación (en días)
Desde 360 ata 539	120
Desde 540 ata 719	180
Desde 720 ata 899	240
Desde 900 ata 1.079	300
Desde 1.080 ata 1.259	360
Desde 1.260 ata 1.439	420
Desde 1.440 ata 1.619	480
Desde 1.620 ata 1.799	540
Desde 1.800 ata 1.979	600
Desde 1.980 ata 2.159	660
Desde 2.160	720

2. Para efectos de determinación do período de ocupación cotizada a que se refire o apartado anterior teranse en conta todas as cotizacións que non fosen computadas para o recoñecemento dun dereito anterior tanto de nivel contributivo como asistencial. Non se computarán as cotizacións correspondentes ao tempo de aboamento da prestación que efectúe a entidade xestora ou, se é o caso, a empresa.

3. Cando o dereito á prestación se extinga por realizar o titular un traballo de duración igual ou superior a doce meses, este poderá optar, no caso de que se lle recoñeza unha nova prestación, entre reabrir o

dereito inicial polo período que lle restaba e as bases e tipos que lle correspondían, ou percibir a prestación xerada polas novas cotizacións efectuadas. Cando o traballador opte pola prestación anterior, as cotizacións que xeraron aquela prestación pola que non optase non se poderán computar para o recoñecemento dun dereito posterior, de nivel contributivo ou asistencial.

Artigo 211. Contía da prestación por desemprego.-

1. A base reguladora da prestación será a media da base pola que se cotizase pola dita continxencia durante os últimos seis meses do período a que se refire o apartado 1 do artigo anterior.

2. A contía da prestación determinarase aplicándolle á base reguladora as seguintes porcentaxes:

O 70 por cento durante os cento oitenta primeiros días e o 60 por cento a partir do día cento oitenta e un.

3. A contía da prestación non será superior ao 170 por cento do salario mínimo interprofesional, agás cando o traballador teña fillos ao seu cargo, caso no que a contía máxima se poderá elevar regulamentariamente, en función do número de fillos, ata o 220 por cento do citado salario. O tope mínimo da prestación será o 100 por cento ou o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, segundo o traballador teña ou non, respectivamente, fillos ao cargo. No caso de desemprego por perda de emprego a tempo parcial, as contías mínima e máxima determinaranse tendo en conta o salario mínimo interprofesional que lle correspondese ao traballador en función das horas traballadas.

Para os efectos do establecido neste apartado, terase en conta o salario mínimo interprofesional, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, vixente no momento do nacemento do dereito.

4. A prestación por desemprego parcial determinarase, segundo as regras sinaladas nos apartados anteriores, en proporción á redución da xornada de traballo.

Artigo 212. Suspensión do dereito.-

1. O dereito á percepción da prestación por desemprego suspenderaa a entidade xestora nos seguintes casos:

a) Durante un mes cando, agás causa xustificada, o titular do dereito non compareza, logo de requirimento previo, perante a entidade xestora, non renove a demanda de emprego na forma e datas que determine a entidade xestora no documento de renovación da demanda, ou non lle devolva en prazo ao Instituto Nacional de Emprego o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e datas indicados para cubrir as ofertas de emprego facilitadas polo dito Instituto.

b) Mentres o titular do dereito estea prestando o servizo militar ou realizando unha prestación social substitutoria daquel. Non se suspenderá o dereito se o titular tivese responsabilidades familiares e non dispuxese de renda familiar ningunha, cunha contía que exceda o salario mínimo interprofesional.

c) Mentres o titular do dereito estea a cumprir condena que implique privación de liberdade. Non se suspenderá o dereito no mesmo suposto establecido no apartado anterior.

d) Mentres o titular do dereito realice un traballo de duración inferior a doce meses.

2. A suspensión do dereito á prestación supoñerá a interrupción do aboamento desta e non afectará o período da súa percepción, agás no suposto establecido no apartado a) anterior, no cal o período de percepción da prestación se reducirá por tempo igual ao da suspensión producida.

Artigo 213. Extinción do dereito.-

1. O dereito á percepción da prestación por desemprego extinguirase nos casos seguintes:

- a) Esgotamento do prazo de duración da prestación.
- b) Rexeitamento dunha oferta de emprego axeitada ou negativa a participar en traballos de colaboración social, en programas de emprego ou en accións de promoción, formación e reconversión profesionais, agás causa xustificada.
- c) Imposición de sanción de extinción da prestación, nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións de Orde Social.
- d) Realización dun traballo de duración igual ou superior a doce meses, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 210.
- e) Cumprimento, por parte do titular do dereito, da idade ordinaria de xubilación, coas salvidades establecidas no artigo 207.d).
- f) Pasar a ser pensionista de xubilación ou de invalidez permanente nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez. Nestes casos de invalidez, non obstante, o beneficiario poderá optar pola prestación máis favorable.
- g) Traslado de residencia ao estranxeiro, agás nos casos que regulamentariamente se determinen.
- h) Renuncia voluntaria ao dereito.

2. Para os efectos establecidos neste Título, entenderase por colocación axeitada aquela que se corresponda coa profesión habitual do traballador ou calquera outra que, axustándose ás súas aptitudes físicas e formativas, implique un salario equivalente ao establecido no sector no que se lle ofrezca o posto de traballo, con independencia da contía da prestación a que teña dereito, e non supoña cambio da súa residencia habitual, salvo que teña posibilidade de aloxamento apropiado no lugar do novo emprego. En todo caso, entenderase por colocación axeitada a coincidente coa última actividade laboral desempeñada.

3. Os traballos de colaboración social que a entidade xestora lles pode esixir aos perceptores de prestacións por desemprego non implicarán a existencia de relación laboral entre o desempregado e a entidade en que se presten os ditos traballos, mantendo o traballador o dereito a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego que lle corresponda.

A entidade xestora promoverá a realización de concertos con Administracións Públicas e entidades sen ánimo de lucro nos que se identifiquen, nas condicións que regulamentariamente se establezan, os ditos traballos de colaboración social que, en todo caso, deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser de utilidade social e redundar en beneficio da comunidade.
- b) Ter carácter temporal.
- c) Coincidir coas aptitudes físicas e formativas do traballador desempregado.
- d) Non supoñer cambio de residencia habitual do traballador.

Artigo 214. Cotización durante a situación de desemprego.-

1. Durante o período de percepción da prestación por desemprego, a entidade xestora ingresará as cotizacións á Seguridade Social, asumindo a contribución empresarial e descontando da contía da

prestación, incluídos os supostos a que fai referencia o apartado 3 do artigo 211 desta Lei, a contribución que lle corresponda ao traballador.

2. Nos supostos de redución de xornada ou suspensión do contrato, a empresa ingresará a contribución que lle corresponda, debendo a entidade xestora ingresar unicamente a contribución do traballador, unha vez efectuado o desconto a que se refire o apartado anterior.

3. Cando se extingue a relación laboral, a cotización á Seguridade Social non comprenderá as cotas correspondentes ao desemprego, accidentes de traballo e enfermidades profesionais, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.

4. Durante a percepción da prestación por desemprego, a contribución do traballador á Seguridade Social reducirase nun 35 por cento, que aboará a entidade xestora. No suposto de traballadores fixos do Réxime Especial Agrario, a dita redución será do 72 por cento.

CAPÍTULO III

Nivel asistencial

Artigo 215. Beneficiarios do subsidio por desemprego.-

1. Serán beneficiarios do subsidio:

1. Os parados que, figurando inscritos como demandantes de emprego durante o prazo dun mes, sen ter rexeitada ningunha oferta de emprego adecuada nin se ter negado a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e carecendo de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, estean nalguna das seguintes situacións:

a) Ter esgotada a prestación por desemprego e ter responsabilidades familiares.

b) Ter esgotado un dereito a prestación por desemprego de, cando menos, trescentos sesenta días de duración, carecer de responsabilidades familiares e ser maior de corenta e cinco anos na data do esgotamento.

c) Ser traballador emigrante que, xa retornado do estranxeiro, non teña dereito á prestación por desemprego e traballase, como mínimo, seis meses no estranxeiro desde a súa última saída de España.

d) Ter saído en liberdade da cadea e non ter dereito ás prestación por desemprego, sempre que a privación de liberdade fose por tempo superior a seis meses.

e) Ter sido declarado plenamente capaz ou inválido no grao de incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, como consecuencia dun expediente de revisión por melloría dunha situación de invalidez nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez.

2. Os parados que, reunindo os requisitos a que se refire o apartado 1.1 deste artigo, agás o relativo ao período de espera, estean en situación legal de desemprego e non teñan dereito á prestación contributiva, por non ter cuberto o período mínimo de cotización, sempre que:

a) Cotizasen cando menos tres meses e teñan responsabilidades familiares.

b) Cotizasen cando menos seis meses, aínda que carezan de responsabilidades familiares.

3. Os traballadores maiores de cincuenta e dous anos, aínda cando non teñan responsabilidades familiares, sempre que estean nalgún dos supostos establecidos nos apartados anteriores, cotizasen por desemprego cando menos durante seis anos ao longo da súa vida laboral e acrediten que, no momento da solicitude, reúnen todos os requisitos, agás a idade, para accederen a calquera tipo de pensión contributiva de xubilación no sistema da Seguridade Social.

4. Os desempregados maiores de corenta e cinco anos na data en que esgotasen un dereito a prestacións por desemprego de setecentos vinte días de duración, que cumpran todos os requisitos establecidos no apartado 1.1 deste artigo, agás o relativo ao período de espera, terán dereito a un subsidio especial con carácter previo á solicitude do subsidio por desemprego establecido nos parágrafos a) e b) do dito apartado 1.1, sempre que non xerases dereito a unha nova prestación de nivel contributivo ou non tivesen dereito ao subsidio establecido no apartado anterior.

2. Para efectos do establecido neste artigo, entenderase por responsabilidades familiares ter ao cargo o cónxuxe, fillos menores de vinteseis anos ou maiores incapacitados, ou menores acollidos, cando a renda do conxunto da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Non se considerará ao cargo o cónxuxe, fillos ou menores acollidos, con rendas de calquera natureza superiores ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Artigo 216. Duración do subsidio.-

1. A duración do subsidio por desemprego será de seis meses prorrogables, por períodos semestrais, ata un máximo de dezaoto meses, agás nos seguintes casos:

1. Desempregados incluídos no apartado 1.1.a) do artigo anterior que na data do esgotamento da prestación por desemprego sexan:

a) Maiores de corenta e cinco anos que esgotasen un dereito a prestacións por desemprego de, cando menos, cento vinte días. Neste caso, o subsidio prorrogarase ata un máximo de vintecatro meses.

b) Maiores de corenta e cinco anos que esgotasen un dereito a prestacións por desemprego de, cando menos, cento oitenta días. Neste caso, o subsidio prorrogarase ata un máximo de trinta meses.

c) Menores de corenta e cinco anos que esgotasen un dereito a prestacións por desemprego de, cando menos, cento oitenta días. Neste caso, o subsidio prorrogarase ata un máximo de vintecatro meses.

2. Desempregados incluídos no apartado 1.1.b) do artigo anterior. Neste caso a duración do subsidio será de seis meses improrrogables.

2. No caso establecido no apartado 1.2 do artigo anterior, a duración do subsidio será a seguinte:

a) No caso de que o traballador teña responsabilidades familiares:

Período de cotización	Duración do subsidio
3 meses de cotización	3 meses
4 meses de cotización	4 meses

5 meses de cotización	5 meses
6 ou máis de cotización.....	21 meses

Se o subsidio ten unha duración de vinteun meses, recoñecerase por un período de seis meses prorrogables ata esgotar a súa duración máxima.

b) No caso de que o traballador careza de responsabilidades familiares e teña cando menos seis meses de cotización, a duración do subsidio será de seis meses improrrogables.

En ámbolos supostos, as cotizacións que serviron para o nacemento do subsidio non poderán ser tidas en conta para o recoñecemento dun futuro dereito á prestación do nivel contributivo.

3. No suposto establecido no apartado 1.3 do artigo anterior, o subsidio estenderase ata que o traballador alcance a idade que lle permita acceder á pensión contributiva de xubilación, en calquera das súas modalidades.

4. O subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, establecido no apartado 1.4 do artigo anterior, terá unha duración de seis meses.

5. A duración do subsidio no caso de traballadores fixos discontinuos que estean nas situacións establecidas nos parágrafos a) e b) do apartado 1.1 e no apartado 1.2 do artigo anterior, será equivalente ao número de meses cotizados no ano anterior á solicitude.

Non serán de aplicación a estes traballadores, mentres manteñan a dita condición, o subsidio por desemprego para maiores de cincuenta e dous anos nin o subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, establecidos, respectivamente, nos apartados 1.3 e 1.4 do artigo anterior.

Artigo 217. Contía do subsidio.-

1. A contía do subsidio por desemprego será igual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. No caso de desemprego por perda dun traballo a tempo parcial, a dita contía percibirase en proporción ás horas previamente traballadas, nos supostos establecidos nos parágrafos a) e b) do apartado 1.1, e nos apartados 1.2, 1.3 e 1.4 do artigo 215.

2. Malia o anterior, a contía do subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos a que se refire o apartado 1.4 do artigo 215, determinarase en función das responsabilidades familiares do traballador, apreciadas conforme ao disposto no apartado 2 do citado artigo, de acordo coas seguintes porcentaxes do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias:

a) 75 por cento, cando o traballador teña un ou ningún familiar ao seu cargo.

b) 100 por cento, cando o traballador teña dous familiares ao seu cargo.

c) 125 por cento, cando o traballador teña tres ou máis familiares ao seu cargo.

3. As contías sinaladas no apartado anterior serán, así mesmo, aplicables durante os seis primeiros meses aos desempregados que pasen a percibir o subsidio establecido para maiores de cincuenta e dous anos, a que se refire o apartado 1.3 do artigo 215 e o apartado 3 do artigo 216, sempre que reúnan os requisitos esixidos para acceder ao citado subsidio especial.

Artigo 218. Cotización durante a percepción do subsidio.-

1. Durante a percepción do subsidio, a entidade xestora ingresará as cotizacións á Seguridade Social correspondentes ás prestacións de asistencia sanitaria e, se é o caso, protección á familia.
2. No suposto de subsidio por desemprego para traballadores maiores de cincuenta e dous anos, a entidade xestora deberá cotizar, ademais, pola continxencia de xubilación.
3. Nos casos de percepción do subsidio por desemprego, cando se trate de traballadores fixos discontinuos e o beneficiario acredítase, para efectos de recoñecemento do subsidio, un período de ocupación cotizada de cento oitenta ou máis días, a entidade xestora ingresará tamén as cotizacións á Seguridade Social correspondentes á continxencia de xubilación, durante un período de sesenta días, a partir da data en que se orixine o dereito ao subsidio por desemprego.
4. Para efectos de determinar a cotización do supostos sinalados nos apartados anteriores, tomarase como base de cotización o tope mínimo de cotización vixente en cada momento.

Artigo 219. Dinámica do dereito.-

1. O dereito ao subsidio por desemprego orixínase a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o prazo de espera dun mes establecido no apartado 1.1 do artigo 215, ou, logo de idéntico prazo de espera, desde o esgotamento do subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, agás nos seguintes supostos:

a) O subsidio establecido no apartado 1.2 do citado artigo 215 orixínase a partir do día seguinte ao da situación legal de desemprego, agás cando se trate de despedimento procedente, caso no que o dereito se orixinará a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o prazo de espera de tres meses, a que se refire o apartado 3 do artigo 209, contados desde a situación legal de desemprego.

b) O subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, establecido no apartado 1.4 do artigo 215, orixínase a partir do día seguinte ao que se produza a extinción por esgotamento da prestación por desemprego recoñecida.

Para isto será necesario, en todos os supostos, que o subsidio se solicite dentro dos quince días seguintes ás datas anteriormente sinaladas. Noutro caso, o dereito orixinarase a partir do día seguinte ao da súa solicitude, reducíndose a súa duración en tantos días como medien entre a data en que se producise o nacemento do dereito, de se ter solicitado en tempo e forma, e aquela en que efectivamente se formulase a solicitude.

2. Serán de aplicación ao subsidio por desemprego as normas sobre suspensión e extinción establecidas nos artigos 212 e 213.

3. A aceptación dun traballo de duración inferior a doce meses durante o prazo de espera non afectará o dereito a obter o subsidio, que quedará en suspenso ata o remate daquel.

CAPÍTULO IV

Réxime das prestacións

Artigo 220. Automaticidade do dereito ás prestacións.-

A entidade xestora competente pagará as prestacións por desemprego nos supostos de incumprimento das obrigas de afiliación, alta e de cotización, sen prexuízo das accións que poida adoptar contra a empresa infractora e a responsabilidade que lle corresponda a esta polas prestacións aboadas.

Artigo 221. Incompatibilidades.-

1. A prestación ou o subsidio por desemprego serán incompatibles co traballo por conta propia, aínda que a súa realización non implique a inclusión obrigatoria nalgún dos réximes da Seguridade Social, ou co traballo por conta allea, agás cando este se realice a tempo parcial, caso no que se deducirá do importe da prestación ou subsidio a parte proporcional ao tempo traballado.

2. Serán, así mesmo, incompatibles coa obtención de pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social, salvo que estas fosen compatibles co traballo que orixinou a prestación por desemprego.

Artigo 222. Desemprego e incapacidade laboral transitoria.-

1. Cando o traballador estea en situación de incapacidade laboral transitoria e durante ela se extinga o seu contrato, por algunha das causas establecidas no apartado 1 do artigo 208, seguirá percibindo a prestación por incapacidade laboral transitoria ata que se extinga a dita situación, pasando daquela á situación legal de desemprego e a percibir, se reúne os requisitos necesarios, a correspondente prestación. Neste caso non se descontará do período de percepción da prestación por desemprego o tempo que permanecera en situación de incapacidade laboral transitoria.

2. Cando o traballador estea percibindo a prestación por desemprego total e pase á situación de incapacidade laboral transitoria, cobrará a prestación por esta última continxencia en contía igual á prestación por desemprego, salvo que a que lle correspondese por incapacidade laboral transitoria fose superior, caso no que percibirá esta última. O período de percepción da prestación por desemprego non se ampliará pola circunstancia de que o traballador pase á situación de incapacidade laboral transitoria. Durante a dita situación, a entidade xestora das prestacións por desemprego continuará satisfacendo as cotizacións á Seguridade Social conforme ao establecido no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 206.

CAPÍTULO V

Réxime financeiro e xestión das prestacións

Sección 1ª. Réxime financeiro

Artigo 223. Financiamento.-

1. A acción protectora regulada no artigo 206 desta Lei financiarase mediante a cotización de empresarios e traballadores e a contribución do Estado.

2. A contía da contribución do Estado será cada ano a fixada na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Artigo 224. Base e tipo de cotización.-

A base de cotización para a continxencia de desemprego, en todos os Réximes da Seguridade Social que teñan cuberta esta, será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. O tipo aplicable á dita base será o que se estableza, para cada ano, na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Artigo 225. Recadación.-

As cotas de desemprego, mentres se recaden conxuntamente coas cotas de Seguridade Social, liquidaranse e ingresaranse na forma, termos e condicións establecidos para estas últimas.

Sección 2ª. Xestión das prestacións

Artigo 226. Entidade xestora.-

1. Correspóndelle ao Instituto Nacional de Emprego xestionar as funcións e servicios derivados das prestacións de protección por desemprego e declarar o recoñecemento, suspensión, extinción e reinicio das prestacións, sen prexuízo das atribucións recoñecidas aos órganos competentes da Administración laboral en materia de sancións.

2. As empresas colaborarán coa entidade xestora, asumindo o pagamento delegado da prestación por desemprego nos supostos e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 227. Reintegro de pagamentos indebidos.-

1. Correspóndelle á entidade xestora competente, tanto en período voluntario como en vía executiva, esixir a devolución das prestacións indebidamente percibidas polos traballadores e o reintegro das prestacións, o pago das cales sexa da responsabilidade directa do empresario.

2. Para tal efecto, a entidade xestora poderá concertar os servicios que considere convenientes coa Tesourería Xeral da Seguridade Social ou con calquera das Administracións Públicas.

Artigo 228. Pagamento das prestacións.-

1. A entidade xestora deberá dictar resolución motivada, recoñecendo ou denegando o dereito ás prestacións por desemprego, no prazo dos quince días seguintes á data en que se formulase a solicitude en tempo e forma.

2. O pagamento da prestación efectuarao a entidade xestora ou a propia empresa, nos supostos e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

3. Cando así o estableza algún programa de fomento de emprego, a entidade xestora poderá aboar dunha soa vez o valor actual do importe da prestación de nivel contributivo, correspondente ao período a que teña dereito o traballador en función das cotizacións efectuadas.

Artigo 229. Control das prestacións.-

Sen prexuízo das facultades dos servicios competentes en canto á inspección e control verbo da sanción das infraccións que se puidesen cometer na percepción das prestacións por desemprego, correspóndelle á entidade xestora controlar o cumprimento do establecido neste título e comprobar as situacións de fraude que se poidan cometer.

CAPÍTULO VI

Réxime de obrigas, infraccións e sancións

Artigo 230. Obrigas dos empresarios.-

Son obrigas dos empresarios:

a) Cotizar pola contribución empresarial á continxencia de desemprego.

b) Ingresar as contribucións propias e as dos seus traballadores na súa totalidade, sendo responsables do cumprimento da obriga de cotización.

c) Proporcionar a documentación e información que regulamentariamente se determinen para efectos do recoñecemento, suspensión, extinción ou reinicio do dereito ás prestacións.

d) Entregarlle ao traballador o certificado de empresa, no tempo e forma que regulamentariamente se determinen.

e) Aboarlle á entidade xestora competente as prestacións satisfeitas por esta aos traballadores cando a empresa fose declarada responsable da prestación por incumprir as súas obrigas en materia de afiliación, alta ou cotización.

f) Proceder, se é o caso, ao pagamento delegado das prestacións por desemprego.

Artigo 231. Obrigas dos traballadores.-

Son obrigas dos traballadores:

a) Cotizar pola contribución correspondente á continxencia de desemprego.

b) Proporcionar a documentación e información que regulamentariamente se determinen para efectos do recoñecemento, suspensión, extinción e reinicio do dereito ás prestacións.

c) Participar nas accións de formación profesional e nos traballos temporais de colaboración social que determine o Instituto Nacional de Emprego e aceptar a colocación axeitada que lle sexa ofrecida pola Oficina de Emprego.

d) Renovar a demanda de emprego na forma e datas que determine a entidade xestora no documento de renovación da demanda e comparecer cando fose previamente requirido ante a entidade xestora.

e) Solicitar a baixa nas prestacións por desemprego cando se produzan situacións de suspensión ou extinción do dereito ou se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción.

f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas.

g) Devolverlle ao Instituto Nacional de Emprego, no prazo de cinco días, o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e data indicados para cubrir as ofertas de emprego que facilite o dito Instituto.

Artigo 232. Infraccións e sancións.-

En materia de infraccións e sancións estarase conforme ao disposto neste título e na Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións de Orde Social.

Artigo 233. Recursos.-

As decisións da entidade xestora competente, relativas ao recoñecemento, denegación, suspensión ou extinción de calquera das prestacións por desemprego, serán recorribles perante os órganos xurisdiccionais da orde social.

CAPÍTULO VII

Dereito supletorio

Artigo 234. Dereito supletorio.-

No non establecido expresamente neste título estarase conforme ao disposto nos dous títulos precedentes desta Lei.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS;Error! Marcador no definido.

Primeira. Protección dos traballadores emigrantes.-

1. O Goberno adoptará as medidas necesarias para que a acción protectora da Seguridade Social se estenda aos españois que se trasladen a un país estranxeiro por causas de traballo e aos familiares que teñan ao seu cargo ou baixo a súa dependencia.

Para tal fin, o Goberno proverá canto fose necesario para lles garantir aos emigrantes a igualdade ou asimilación cos nacionais do país de recepción en materia de Seguridade Social, directamente ou a través dos organismos intergubernamentais competentes, así como mediante a ratificación de convenios internacionais de traballo, a adhesión a convenios multilaterais e o asinamento de tratados e acordos cos estados receptores.

Nos casos en que non existan convenios ou, por calquera causa ou circunstancia, estes non cubran determinadas prestacións da Seguridade Social, o Goberno, mediante as disposicións correspondentes, estenderá a súa acción protectora na materia tanto aos emigrantes como aos seus familiares residentes en España.

2. Os accidentes que se produzan durante a viaxe de saída ou de volta dos emigrantes nas operacións realizadas pola Dirección Xeral de Migracións, ou coa súa intervención, terán a consideración de accidentes de traballo, sempre que concorran as condicións que regulamentariamente se determinen, para o efecto disto o dito centro directivo establecerá coa Administración da Seguridade Social os correspondentes concertos para a protección desta continxencia. As prestacións económicas que correspondan polo accidente, conforme ao establecido neste apartado, serán compatibles con calquera outras indemnizacións ou prestacións a que este puidese dar dereito.

Igual consideración terán as doenzas que teñan a súa causa na viaxe de ida ou de volta.

Segunda. Protección dos traballadores minusválidos.-

Os traballadores minusválidos empregados nos centros especiais de emprego quedarán incluídos no Réxime correspondente da Seguridade Social. O Goberno dictará as normas específicas das súas condicións de traballo e de Seguridade Social, en atención ás peculiares características da súa actividade laboral.

Terceira. Inclusión na Seguridade Social dos deportistas de alto nivel.-

O Goberno, como medida para facilitar a plena integración social e profesional dos deportistas de alto nivel, poderá establecer a inclusión destes no sistema da Seguridade Social.

Cuarta. Modalidades de integración dos socios traballadores e dos socios de traballo das cooperativas.-

1. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado gozarán dos beneficios da Seguridade Social, podendo optar a cooperativa entre as modalidades seguintes:

a) Como asimilados a traballadores por conta allea. As ditas cooperativas quedará integradas no Réxime Xeral ou nalgún dos Réximes Especiais da Seguridade Social, segundo proceda, de acordo coa súa actividade.

b) Como traballadores autónomos no Réxime Especial correspondente.

As cooperativas exercerán a opción nos Estatutos, e só poderán modificar a opción nos supostos e condicións que o Goberno estableza.

2. Os socios traballadores das Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, así como os socios de traballo a que se refire o artigo 30 da Lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas, para efectos de Seguridade Social, serán, en todo caso, asimilados a traballadores por conta allea.

3. En todo caso, non lles serán de aplicación ás Cooperativas de Traballo Asociado, nin ás Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra nin aos asociados traballadores que as integran, as normas sobre cotización e prestacións do Fondo de Garantía Salarial.

4. Mentres non se produza a inclusión do colectivo profesional dos Colexios ou Asociacións Profesionais de Médicos no sistema da Seguridade Social, conforme ás previsións do Real Decreto 2504/1980, do 24 de outubro, o establecido no apartado 1 desta disposición adicional non será de aplicación aos profesionais integrados en tales colexios ou asociacións que sexan socios traballadores das cooperativas sanitarias a que se refire o número 3 do artigo 144 da Lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas.

5. Autorízase o Goberno para regular o alcance, termos e condicións da opción establecida nesta disposición, así como para, se é o caso, adaptar as normas dos Réximes da Seguridade Social ás peculiaridades da actividade cooperativa.

Quinta. Réxime de Seguridade Social dos asegurados que presten servizos na Administración das Comunidades Europeas.-

O asegurado que estivese comprendido no ámbito persoal de cobertura do sistema da Seguridade Social que pase a prestar servizos na Administración das Comunidades Europeas e que opte por exercer o dereito que lle concede o artigo 11, apartado 2, do anexo VIII do Estatuto dos Funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro de 1968, na redacción dada ao dito artigo polo Regulamento 571/1992, do Consello, do 2 de marzo de 1992, quedará excluído da acción protectora do dito sistema no referente á pensión de xubilación, unha vez que se realizase a transferencia ás Comunidades a que se refire o citado Estatuto.

Malia o sinalado no parágrafo anterior, se cesando a súa prestación de servizos na Administración das Comunidades o interesado volvease a España, realizase unha actividade laboral por conta allea ou propia que dese ocasión á súa nova inclusión no sistema da Seguridade Social e exercitase o dereito que se confire no artigo 11, apartado 1, do anexo VIII do citado Estatuto dos Funcionarios das Comunidades, unha vez producido o correspondente ingreso na Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao momento de causar dereito á pensión de xubilación no dito sistema computaráselle o tempo que permanecese ao servizo das Comunidades.

Sexta. Protección dos aprendices.-

A protección do aprendiz só incluírá as continxencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais, asistencia sanitaria por continxencias comúns, prestación económica correspondente aos períodos de descanso por maternidade e pensións.

Sétima. Normas aplicables aos traballadores contratados a tempo parcial.-

1. No caso dos traballadores contratados a tempo parcial, a base de cotización á Seguridade Social e demais contribucións que se recaden conxuntamente con aquela estará constituída polas retribucións efectivamente percibidas en función das horas traballadas.

Cada hora de traballo que se realice sobre a xornada ordinaria de traballo efectivo no contrato a tempo parcial, terá a consideración de hora extraordinaria.

2. Para efectos de determinar os períodos de cotización e de cálculo da base reguladora das prestacións de Seguridade Social, incluída a de protección por desemprego, computaranse exclusivamente as horas ou días efectivamente traballados. Regulamentariamente se determinará a forma de cálculo dos días de cotización esixibles, así como dos períodos en que estes teñan que estar comprendidos.

3. No suposto de traballadores con prestación efectiva de servizos que sexa inferior a doce horas á semana ou corenta e oito ao mes, os dereitos de protección só incluírán as continxencias de accidentes de

traballo e enfermidades profesionais, asistencia sanitaria por continxencias comúns e a prestación económica correspondente aos períodos de descanso por maternidade.

Oitava. Normas aplicables a Réximes Especiais.-

1. O disposto nos artigos 138, agás o establecido no último parágrafo do seu apartado 2 e no seu apartado 5; 140, apartados 1, 2 e 3; 161, apartados 1.b), 4 e 5; 162; 165, apartados 2 e 3; 176, apartado 4; 177, apartado 1, segundo parágrafo, e nas normas sobre as prestacións por fillo ao cargo, na súa modalidade contributiva, contidas no capítulo IX, do título II desta Lei, será de aplicación a todos os Réximes que integran o sistema da Seguridade Social.

2. No Réxime Especial da Minería do Carbón e para os traballadores por conta allea dos Réximes Especiais Agrario e de Traballadores do Mar, será tamén de aplicación o establecido nos artigos 140, apartado 4, e 162, apartado 1, desta Lei, en materia de integración de lagoas de cotización.

3. O establecido no artigo 166 desta Lei seralles aplicable, se é o caso, aos traballadores por conta allea dos Réximes Especiais.

Novena. Validez, para efectos das prestacións, das cotas anteriores á alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.-

Cando, reuníndose os requisitos para estar incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, non se solicitase a preceptiva alta nos termos regulamentariamente establecidos, as cotizacións esixibles correspondentes a períodos anteriores á formalización da alta producirán efectos respecto ás prestacións, unha vez que fosen ingresadas coas recargas que legalmente procedan.

Sen prexuízo das sancións administrativas que procedan polo seu ingreso fóra de prazo, as referidas cotizacións darán tamén lugar á percepción de intereses, que serán esixibles desde a correspondente data en que deberon ser ingresadas, de conformidade co tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento do pagamento.

Décima. Normas para o cálculo da pensión de xubilación no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.-

A contía da pensión de xubilación no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos determinarase aplicándolle á base reguladora a porcentaxe procedente de acordo coa escala establecida para o Réxime Xeral, en función exclusivamente dos anos de cotización efectiva do beneficiario.

Undécima. Formalización da cobertura da prestación económica por incapacidade temporal.-

1. Cando o empresario opte por formalizar a protección respecto das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social cunha Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, poderá, así mesmo, optar porque a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns dese mesmo persoal se leve a efecto pola mesma Mutua, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. No Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, así como polo que respecta aos traballadores por conta propia incluídos no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, os interesados poderán optar entre se acoller ou non á cobertura da protección do subsidio por incapacidade temporal.

Os traballadores a que se refire o parágrafo anterior, que optasen por incluír, dentro do ámbito da acción protectora do Réxime da Seguridade Social correspondente, a prestación económica por incapacidade temporal, poderán optar, así mesmo, entre formalizar a cobertura da dita prestación coa entidade xestora correspondente, cunha Mutua de Accidentes de traballo e enfermidades profesionais da

Seguridade Social ou con Mutualidades de Previsión Social, nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan.

3. As disposicións regulamentarias a que se refiren os números anteriores establecerán, con respecto pleno ás competencias do sistema público no control sanitario das altas e as baixas, os instrumentos de xestión e control necesarios para unha actuación eficaz na xestión da prestación económica por incapacidade temporal levada a cabo tanto polas entidades xestoras como polas Mutuas.

De igual xeito, as entidades xestoras ou as Mutuas poderán establecer acordos de colaboración co Instituto Nacional da Saúde ou os Servicios de Saúde das Comunidades Autónomas.

Undécima bis. Prestación por maternidade nos Réximes Especiais.-

1. Os traballadores por conta allea e por conta propia incluídos nos distintos Réximes Especiais do sistema terán dereito á prestación por maternidade coa mesma extensión e nos mesmos termos e condicións que os establecidos para os traballadores do Réxime Xeral no capítulo IV bis do Título II desta Lei.

2. No suposto de traballadores por conta propia, os períodos durante os que se terá dereito a percibir o subsidio por maternidade serán coincidentes, no relativo tanto á súa duración como á súa distribución, cos períodos de descanso laboral establecidos para os traballadores por conta allea.

3. Tanto para os traballadores por conta propia incluídos nos distintos Réximes Especiais, como para os traballadores pertencentes ao Réxime Especial de Empregados de Fogar que sexan responsables da obriga de cotizar, será requisito imprescindible para o recoñecemento e aboamento da prestación que os interesados estean ao corrente no pagamento das cotas á Seguridade Social.

Undécima ter. Xestión das prestacións económicas por maternidade.-

Con relación ás prestacións económicas de maternidade reguladas nesta Lei, non caberá fórmula ningunha de colaboración na xestión, por parte das empresas, sendo xestionadas directamente pola entidade xestora respectiva.

Insérese a Disposición Adicional Undécima coa nova redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, e agréganse, en virtude da propia Lei, as Disposicións Adicionais Undécima bis e Undécima ter. Rexe a partir do 1.I-1995: publicada no BOE, do 31-XII-1994, R. 3564, I.L. 6220.

Duodécima. Profesores universitarios eméritos.-

A incompatibilidade a que se refire o apartado 2 do artigo 165 desta Lei non lles será de aplicación aos profesores universitarios eméritos.

Décimo terceira. Pensións do extinguido Seguro Obligatorio de Vellez e Invalidez.-

A contía das pensións do extinguido Seguro Obligatorio de Vellez e Invalidez, concorrentes ou non con outras pensións públicas, será a que se estableza na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Décimo cuarta. Duración da prestación por desemprego nos procesos de reconversión e reindustrialización.-

O establecido no apartado 1 do artigo 210, respecto á duración da prestación por desemprego, entenderase sen prexuízo do establecido legalmente en materia de reconversión e reindustrialización.

Décimo quinta. Cotización por desemprego no Réxime Especial de Traballadores do Mar.-

Sen prexuízo do establecido no artigo 224, ás bases de cotización para desemprego no Réxime Especial de Traballadores do Mar tamén lles será de aplicación o disposto no número 6 do artigo 19 do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, aprobado por Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e nas normas de desenvolvemento do dito precepto.

Décimo sexta. Cobertura de desemprego para traballadores retribuídos á parte.-

Os traballadores por conta allea retribuídos á parte, que presten servizos en embarcacións pesqueiras de ata 20 toneladas de rexistro bruto, excluídos os asimilados a que se refire o artigo cuarto do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, aprobado por Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, terán dereito ás prestacións por desemprego nos termos regulados nesta Lei e nas súas normas regulamentarias.

Décimo sétima. Desemprego dos traballadores de estiba portuaria.-

A partir do 1 de xaneiro de 1994, aos estibadores portuarios que presten servizos en portos de interese xeral nos que non se constituíse a correspondente sociedade estatal de estiba e desestiba, ou nos portos non clasificados como de interese xeral nos que non se cumpriuse o establecido no artigo 1º, apartado 2, do Real Decreto Lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques, recoñeceránselles as prestacións por desemprego de acordo co establecido nesta Lei.

Para tal efecto, no momento en que se proceda por primeira vez ao recoñecemento do dereito, de acordo co establecido no parágrafo anterior, presumirase que os ditos traballadores dispoñen dun período de ocupación cotizada de dous mil cento sesenta días.

Décimo oitava. Xestión das pensións non contributivas.-

1. Sen prexuízo do establecido no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 57, as pensións de invalidez e xubilación, nas súas modalidades non contributivas, poderán ser xestionadas, se é o caso, polas Comunidades Autónomas estatutariamente competentes, ás que fosen transferidos os servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais.

2. Autorízase o Goberno para que poida establecer coas Comunidades Autónomas ás que non lles fosen transferidos os servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais ao seu territorio, os oportunos concertos, co fin de que as pensións non contributivas da Seguridade Social poidan ser xestionadas por aquelas.

3. As pensións de invalidez e xubilación, nas súas modalidades non contributivas, quedarán integradas no Banco de Datos en materia de pensións públicas, regulado por Real Decreto 2566/1985, do 27 de decembro, constituído no Instituto Nacional da Seguridade Social e xestionado polo dito organismo.

Para tal fin, as entidades e organismos que xestionen as pensións de invalidez e xubilación, nas súas modalidades non contributivas, estarán obrigados a comunicarlle ao Instituto Nacional da Seguridade Social os datos que, referentes ás pensións que concedesen, se establezan regulamentariamente.

Décimo novena. Instituto Social da Mariña.-

O Instituto Social da Mariña continuará levando a cabo as funcións e servizos que ten encomendados en relación coa xestión do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, sen prexuízo dos demais que lle atribúen as súas leis reguladoras e outras disposicións vixentes na materia.

Vixésima. Consideración dos servicios prestados en segundo posto ou actividade ás Administracións Públicas.-

Nos supostos de compatibilidade entre actividades públicas, autorizada ao abeiro da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servicio das Administracións Públicas, os servicios prestados no segundo posto ou actividade non poderán ser computados para efectos de pensións do sistema da Seguridade Social, na medida en que sobrepasen as prestacións correspondentes a calquera dos postos compatibilizados, desempeñados en réxime de xornada ordinaria. A cotización poderase axear a esta situación na forma que regulamentariamente se determine.

Vixésimo primeira. Cotización e recadación das contribucións ao Fondo de Garantía Salarial e para formación profesional.-

1. A base de cotización para determinar as contribucións ao Fondo de Garantía Salarial e para formación profesional, en todos os Réximes da Seguridade Social nos que exista a obriga de efectualas, será a correspondente ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Os tipos de cotización serán os que se establezan, para cada ano, na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2. As cotas ao Fondo de Garantía Salarial e para formación profesional, mentres se recaden conxuntamente coas cotas de Seguridade Social, liquidaranse e ingresaranse na forma, termos e condicións establecidos para estas últimas.

Vixésimo segunda. Ingresos por venda de bens e servicios prestados a terceiros.-

1. Non terán a natureza de recursos da Seguridade Social os que resulten das seguintes atencións, prestacións ou servicios:

1. Os ingresos os que se refiren os artigos 16.3 e 83 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, procedentes da asistencia sanitaria prestada polo Instituto Nacional da Saúde, en xestión directa aos usuarios sen dereito á asistencia sanitaria da Seguridade Social, así como nos supostos de seguros obrigatorios privados e en todos aqueles supostos, asegurados ou non, en que apareza un terceiro obrigado ao pagamento.

2. Venda de produtos, materiais de refugallo ou subproductos sanitarios ou non sanitarios, non inventariables, resultantes da actividade dos centros sanitarios nos supostos en que se poidan realizar tales actividades de acordo coa Lei Xeral de Sanidade, Lei do Medicamento e demais disposicións sanitarias.

3. Ingresos procedentes da subministración ou prestación de servicios de natureza non estritamente asistencial.

4. Ingresos procedentes de convenios, axudas ou doazóns finalistas ou altruístas, para a realización de actividades investigadoras e docentes, a promoción de transplantes, doazóns de sangue, ou doutras actividades similares. Non estarán incluídos os ingresos que correspondan a Programas Especiais financiados nos orzamentos dos departamentos ministeriais.

5. En xeral, todos os demais ingresos correspondentes a atencións ou servicios sanitarios que non constitúan prestacións da Seguridade Social.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo fixará o réxime de prezos e tarifas de tales atencións, prestacións e servicios, tomando como base os seus custos estimados.

3. Destino dos ingresos:

1. Os ingresos a que se refiren os apartados anteriores xerarán crédito polo total do seu importe e destinaranse a cubrir gastos de funcionamento, agás retribucións de persoal, e de investimento de reposición das institucións sanitarias, así como a atender os obxectivos sanitarios e asistenciais correspondentes.

2. A distribución de tales fondos respectará o destino dos procedentes de axudas ou doazóns.

3. Os ditos recursos serán reclamados polo Instituto Nacional da Saúde, no nome e por conta da Administración Xeral do Estado, para o seu ingreso no Tesouro Público. O Tesouro Público, polo importe das xeracións de crédito aprobadas polo Ministro de Sanidade e Consumo, procederá a realizar as transferencias correspondentes ás contas que a Tesourería Xeral da Seguridade Social teña abertas, para estes efectos, para cada centro sanitario.

Vixésimo terceira. Competencias en materia de autorizacións de gastos.-

As competencias que lle corresponden ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social en materia de autorizacións de gastos serán exercidas polo Ministerio de Sanidade e Consumo en relación coa xestión do Instituto Nacional da Saúde.

Á súa vez, e en relación coa xestión do Instituto Nacional de Servizos Sociais, corresponderanlle ao Ministerio de Asuntos Sociais as competencias en materia de autorización de gastos daquelas partidas que se financien con contribucións finalistas do Orzamento do Estado.

Vixésimo cuarta. Réximes Especiais excluídos da aplicación das normas sobre inspección e recadación.-

O disposto nesta Lei en materia de inspección e recadación da Seguridade Social non será de aplicación aos Réximes Especiais de Funcionarios Cívís do Estado, Forzas Armadas e Funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, en tanto non dispoña outra cousa o Goberno.

Vixésimo quinta. Aplicación gradual na expedición de actas de liquidación e do documento único de acta de infracción e de liquidación.-

O Ministerio de Traballo e Seguridade Social, en función das posibilidades de xestión da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, determinará a aplicación gradual do disposto no número 1, letra b), e no número 5 do artigo 31 desta Lei, para que a citada Inspección proceda á expedición de actas de liquidación e do documento único de acta de infracción e de acta de liquidación establecido.

Ata que a Inspección de Traballo e Seguridade Social asuma en todo ou en parte a expedición de actas de liquidación no suposto indicado no número 1, letra b), do artigo 31 desta Lei sinalado no parágrafo anterior, a reclamación das cotas debidas no dito suposto efectuaráase a Tesourería Xeral da Seguridade Social na forma establecida nesta Lei, para as reclamacións de débeda.

Insérese a precedente Disposición Adicional coa redacción disposta pola Lei 42/1994, do 30-XII-1994, de medidas urxentes fiscais, administrativas e de orde social, BOE do 31, R. 3564, I.L. 6220. Rexe desde 1-I-1995.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Dereitos transitorios derivados da lexislación anterior a 1967.-

1. As prestacións do Réxime Xeral causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1967 continuaránse rexendo pola lexislación anterior. Igual norma se aplicará respecto ás prestacións dos Réximes Especiais que se causen con anterioridade á data en que se inicien os efectos de cada un deles, o cal terá lugar na

forma que se prevía no apartado 3 da disposición final primeira da Lei da Seguridade Social do 21 de abril de 1966.

Entenderase por prestación causada aquela á que teña dereito o beneficiario por se produciren as continxencias ou situacións obxecto de protección e estar en posesión de todos os requisitos que condicionan o seu dereito, malia que aínda non o exercese.

2. Tamén se continuarán rexendo pola lexislación anterior as revisións e conversións das pensións xa causadas que procedan en virtude do establecido naquela lexislación.

3. Subsistirán as melloras voluntarias de prestacións da Seguridade Social establecidas polas empresas de acordo coa lexislación anterior, sen prexuízo das variacións que sexan necesarias para adaptalas ás normas desta Lei.

4. Quen, de acordo co establecido no artigo 21 do Regulamento Xeral do Mutualismo Laboral, do 10 de setembro de 1954, tivese a condición de mutualista, conservaraa e seguirá rexéndose, para todos os efectos, polo citado Regulamento Xeral, sen alteración dos dereitos e obrigas dimanantes do seu respectivo contrato.

Segunda. Cotizacións efectuadas en anteriores réximes.-

1. As cotizacións efectuadas nos anteriores réximes de Seguros Sociais Unificados, Desemprego e Mutualismo Laboral computaranse para o gozo das prestacións do Réxime Xeral da Seguridade Social.

2. Os datos sobre cotización que obren na Administración da Seguridade Social poderá ser impugnados ante esta e, se é o caso, ante os órganos xurisdiccionais da orde social. Os documentos oficiais de cotización que fosen dilixenciados, no seu día, polas oficinas recadadoras constituirán o único medio de proba admisible para tales efectos.

3. As disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei fixarán as normas específicas para computar as cotizacións efectuadas nos anteriores réximes de Seguro de Vellez e Invalidez e de Mutualismo Laboral, a fin de determinar o número de anos de cotización do que depende a contía da pensión de xubilación establecida nesta Lei.

As ditas normas determinarán un sistema de cómputo que se deberá axustar aos principios seguintes:

a) Tomar como base as cotizacións de certo realizadas durante os sete anos inmediatamente anteriores ao 1 de xaneiro de 1967.

b) Inducir, con criterio xeral e partindo do número de días cotizados no indicado período, o de anos de cotización, anteriores á data mencionada no apartado a), imputables a cada traballador.

c) Ponderar as datas en que se implantaron os réximes de pensións de vellez e xubilación xa derogados e as idades dos traballadores o 1 de xaneiro de 1967.

d) Permitir que os traballadores, que na data mencionada no apartado a) teñan idades máis avanzadas, poidan acceder, se é o caso, ao faceren os sesenta e cinco anos, a niveis de pensións que non poderían alcanzar dados os anos de existencia dos réximes derogados.

Terceira. Aplicación de lexislacións anteriores para causar dereito a pensión de xubilación.-

1. O dereito ás pensións de xubilación regularase no Réxime Xeral de acordo coas seguintes normas:

1ª. As disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei regularán as posibilidades de opción, así como os dereitos que, se é o caso, se lles poidan recoñecer no Réxime Xeral a aqueles

traballadores que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1967, estivesen comprendidos no campo de aplicación do Seguro de Vellez e Invalidez, pero non no Mutualismo Laboral, ou viceversa.

2ª. Quen tivese a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1976 e fixese na dita data os cincuenta anos de idade poderá causar o dereito á pensión de xubilación a partir dos sesenta anos. En tal caso, reducirase regulamentariamente a contía da pensión, ponderando a idade real de xubilación en relación coa xeral que se fixa no apartado 1.a) do artigo 161.

Facúltase o Ministerio de Traballo e Seguridade Social para o desenvolvemento dos supostos establecidos no parágrafo anterior. Este Ministerio deberá actualizar as condicións sinaladas para os mesmos.

2. Os traballadores que, reunindo todos os requisitos para obteren o recoñecemento do dereito a pensión de xubilación na data de entrada en vigor da Lei 26/1985, do 31 de xullo, non o exercitasen, poderanse acoller á lexislación anterior para obteren a pensión nas condicións e contía a que tivesen dereito o día anterior ao da entrada en vigor da dita Lei.

3. Así mesmo, poderanse acoller á lexislación anterior aqueles traballadores que tivesen recoñecidas, antes da entrada en vigor da Lei 26/1985, do 31 de xullo, axudas equivalentes a xubilación anticipada, determinadas en función da súa futura pensión de xubilación do sistema da Seguridade Social, ben ao abeiro de programas de reconversión de empresas, aprobados conforme ás Leis 27/1984, do 26 de xullo, e 21/1982, do 9 de xuño, ben ao abeiro da correspondente autorización do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, dentro das previsións dos correspondentes programas que viña desenvolvendo a extinguida Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, ou dos programas de apoio ao emprego aprobados por Orde do dito Ministerio, do 12 de marzo de 1985.

O dereito establecido no parágrafo anterior tamén alcanzará aqueles traballadores comprendidos en programas de reconversión xa aprobados á entrada en vigor da Lei 26/1985, do 31 de xullo, de acordo coas normas citadas no dito parágrafo, malia que aínda non teñan solicitada individualmente a axuda equivalente a xubilación anticipada.

Cuarta. Aplicación paulatina dos períodos de cotización esixibles para a pensión de xubilación.-

1. Para os traballadores por conta allea do Réxime Xeral, dos Réximes Especiais da Minería do Carbón, Agrario e Mar, e do extinguido de Ferroviarios, o período mínimo de cotización esixible para causar dereito a xubilación será o que resulte de lle sumar ao período mínimo establecido na lexislación anterior á entrada en vigor da Lei 26/1985, do 31 de xullo, a metade do tempo transcorrido entre a dita data de entrada en vigor e a do feito causante da xubilación, ata que o período así determinado alcance os quince anos.

2. O período mínimo de cotización esixible para causar dereito a xubilación a quen, no momento da entrada en vigor da Lei 26/1985, do 31 de xullo, tivese feitos os sesenta ou máis anos de idade e estivese incluído nos Réximes Especiais de Autónomos, Empregados do fogar, ou nos extinguidos de Artistas, Representantes de Comercio, Toureiros e Escritores de libros, ou como traballadores por conta propia, nos Réximes Especiais Agrario e do Mar, será o que resulte de lle sumar ao período mínimo esixido na lexislación anterior o lapso de tempo que, naquel momento, lles faltase para faceren os sesenta cinco anos de idade.

3. O disposto nos apartados anteriores non será de aplicación a quen solicite pensión de xubilación sen estar en alta ou situación asimilada á de alta.

Quinta. Normas transitorias sobre base reguladora da pensión de xubilación.-

O establecido nos apartados 2, 3, 4 e 5 do artigo 162 desta Lei non será aplicable ás pensións causadas antes do 1 de setembro de 1981.

Sexta. Incompatibilidades das prestacións non contributivas.-

1. A condición de beneficiario da modalidade non contributiva das pensións da Seguridade Social será incompatible coa percepción das pensións asistenciais, reguladas na Lei do 21 de xullo de 1960 e suprimidas pola Lei 28/1992, do 24 de novembro, así como dos subsidios a que se refire a disposición transitoria undécima desta Lei.

2. A percepción das asignacións económicas por fillo minusválido ao cargo, establecidas nos apartados 2.b) e c), do artigo 185 desta Lei, será incompatible coa condición, por parte do fillo minusválido, de beneficiario das pensións asistenciais, reguladas na Lei do 21 de xullo de 1960 e suprimidas pola Lei 28/1992, do 24 de novembro, ou dos subsidios a que se refire a disposición transitoria undécima desta Lei.

Sétima. Prestacións do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez.-

Quen o 1 de xaneiro de 1967, calquera que fose a súa idade nesa data, tivese cuberto o período de cotización esixido polo extinguido Seguro de Vellez e Invalidez ou que, no seu defecto, figurase afiliado ao extinguido Réxime de Retiro Obreiro Obrigatorio, conservará o dereito a causar as prestacións do primeiro dos ditos Seguros, segundo as condicións esixidas pola lexislación do mesmo, e sempre que o interesado non teñan dereito a ningunha pensión a cargo dos Réximes que integran o sistema da Seguridade Social; entre tales pensións entenderanse incluídas as correspondentes ás entidades substitutorias que se teñen que integran no dito sistema, de acordo co establecido na disposición transitoria oitava desta Lei.

Oitava. Integración de entidades substitutorias.-

O Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, determinará a forma e condicións en que se integrarán no Réxime Xeral da Seguridade Social, ou nalgún dos seus Réximes Especiais, aqueles colectivos asegurados en entidades substitutorias aínda non integrados que, de acordo co disposto nesta Lei, estean comprendidos no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social. As normas que establezan conterán as disposicións de carácter económico que compensen, en cada caso, a integración disposta.

Novena. Entidades non substitutorias pendentes de integración.-

As entidades de Previsión Social que non teñan a consideración legal de substitutorias da Seguridade Social e con colectivos que estean incluídos no campo de aplicación desta, pero non fosen integrados no Réxime de Seguridade Social que corresponda, estarán sometidas á Lei 33/1984, do 2 de agosto, sobre Ordenación do Seguro Privado, e os ditos colectivos conservarán o seu actual réxime de encadramento mentres non se produza tal integración.

Décima. Situación asimilada á de alta nos procesos de reconversión.-

1. Durante o período de percepción da axuda equivalente á xubilación anticipada establecida na Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre Reconversión e Industrialización, o beneficiario será considerado en situación asimilada á de alta no correspondente Réxime da Seguridade Social, e continuará cotizándose por el segundo o tipo establecido para as continxencias xerais do Réxime de que se trate.

Para tal efecto, tomarase como base de cotización a remuneración media que servise para a determinación da contía da axuda equivalente á xubilación anticipada, co coeficiente de actualización anual que estableza o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, de xeito que, ao cumprir a idade xeral de xubilación, o beneficiario poida acceder á pensión con plenos dereitos.

2. As contribucións que efectúen as empresas ou os fondos de promoción de emprego, tanto para o financiamento das axudas equivalentes á xubilación anticipada como para efectos do establecido no apartado anterior, poderanse equiparar, para efectos de recadación, ás cotas da Seguridade Social.

Undécima. Pervivencia de subsidios económicos da Lei de Integración Social dos Minusválidos.-

1. Quen á entrada en vigor da Lei 26/1990, do 20 de decembro, tivese recoñecido o dereito aos subsidios de garantía de ingresos mínimos e por axuda de terceira persoa, establecidos na Lei 13/982, do 7 de abril, e suprimidos pola disposición adicional novena daquela, continuará na percepción dos mesmos nos termos e condicións que se establecen na lexislación específica que os regula, salvo que o interesado pase a percibir unha pensión non contributiva; neste caso estarase conforme ao disposto na disposición transitoria sexta desta Lei.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as normas establecidas na lexislación específica respecto aos importes a percibir polos beneficiarios do subsidio de garantía de ingresos mínimos, atendidos en centros públicos ou privados, quedarán suprimidas, con independencia da participación dos beneficiarios deste subsidio no custo da estancia, conforme ás normas vixentes de carácter xeral aplicables ao financiamento de tales centros.

Duodécima. Débedas coa Seguridade Social dos clubs de fútbol.-

1. No marco do Convenio de Saneamento do Fútbol Profesional a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, a Liga de Fútbol Profesional asumirá o pagamento das débedas coa Seguridade Social ao 31 de decembro de 1989, das que quedarán liberados os clubs de fútbol que subscribisen os correspondentes convenios particulares coa Liga Profesional.

As débedas expresadas no parágrafo anterior enténdense referidas ás daqueles clubs que, nas temporadas 1989/1990 e 1990/1991, participaban en competicións oficiais da Primeira e Segunda División A de fútbol.

2. Igualmente, e co fin de facer fronte aos compromisos contraídos no Programa de Saneamento de 1985, a Liga de Fútbol Profesional asumirá o pagamento das débedas coa Seguridade Social referidas a aqueloutros clubs incluídos no citado Programa e non considerados no segundo parágrafo do apartado anterior, que foron producidas con anterioridade ao dito Programa e que estaban pendentes de pagamento o 31 de decembro de 1989.

3. No caso de non pagamento total ou parcial pola Liga Profesional das débedas a que se alude nos números anteriores, as garantías a que se refire o apartado 3 da disposición transitoria terceira da Lei 107/1990, do 15 de outubro, do Deporte, serán executadas, en vía de constrinximento, polos órganos de recadación da Seguridade Social, imputándose o importe obtido en proporción ás débedas non pagadas.

4. No marco do Convenio de Saneamento, e unha vez asumidas pola Liga Nacional de Fútbol Profesional as débedas dos clubs de fútbol que, por todos os conceptos, estes contraeron coa Seguridade Social, poderase acordar o seu fraccionamento de pagamento durante un período máximo de doce anos, con suxeición ao establecido nos artigos 39 e seguintes do vixente Regulamento Xeral de Recadación dos Recursos do Sistema da Seguridade Social.

Os pagamentos efectuaranse mediante amortizacións semestrais, producindo as cantidades aprazadas os correspondentes intereses de demora que se ingresarán no último prazo de cada débeda adiada.

Décimo terceira. Concertos para a recadación-

A facultade de concertar os servizos de recadación, concedida polo artigo 18 á Tesourería Xeral da Seguridade Social, subsistirá mentres non se organice un sistema de recadación unificado para o Estado e a Seguridade Social.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única. Derrogación normativa.-

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta Lei e, de xeito expreso, as seguintes:

i) Do Decreto 2065/1974, do 30 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social:

1. Os capítulos I, II, III, IV, VI, VII, con excepción do artigo 45, VIII e IX e os artigos 24, 25, 30, 31 e 32 do capítulo V, todos eles do título I.
2. Os capítulos I, II, III, V, VI, VII, VIII, IX, X, XIII, XIV e XV e os artigos 181 a 185 e 191 e 192 do capítulo XII, todos eles do título II.
3. As disposicións finais.
4. As disposicións adicionais .
5. As disposicións transitorias primeira, segunda, terceira e sétima, o apartado 4 da quinta, e os apartados 1 a 3 e 5 a 8 da sexta.

ii) Do Real Decreto Lei 36/1978, do 16 de novembro, sobre xestión institucional da Seguridade Social, a Saúde e o Emprego:

1. O apartado 1 do artigo 1 e mais o artigo 3.
2. Os apartados 1 e 2 da disposición final terceira.
3. As disposicións adicionais segunda e terceira.

iii) Da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos Traballadores: a disposición adicional sétima.

iv) A Lei 40/1980, do 5 de xullo, de Inspección e Recadación da Seguridade Social.

v) O Real Decreto Lei 10/1981, do 19 de xuño, sobre Inspección e Recadación da Seguridade Social.

vi) O Real Decreto Lei 13/1981, do 20 de agosto, sobre determinación da base reguladora da pensión de xubilación na Seguridade Social.

vii) Da Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social dos Minusválidos:

1. O artigo 44.
2. As disposicións finais cuarta e quinta.

viii) Da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública: o apartado 2 da disposición adicional terceira.

ix) A Lei 31/1984, do 2 de agosto, de Protección por Desemprego, pola que se modifica o título II da Lei 51/1980, do 8 de outubro.

x) Da Lei 33/1984, do 2 de agosto, sobre Ordenación do Seguro Privado: a disposición transitoria oitava.

xi) Da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas: o apartado 3 do artigo 7.

xii) A Lei 26/1985, do 31 de xullo, de Medidas Urxentes para a Racionalización da estrutura e da Acción Protectora da Seguridade Social.

xiii) Da Lei 3/1987, do 2 de abril, Xeral de Cooperativas: a disposición adicional cuarta.

xiv) Da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1988: o artigo 13.

xv) Da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1989: os artigos 13 e 23 e os apartados 2 e 5 do artigo 24.

xvi) Da Lei 3/1989, do 3 de marzo, pola que se amplía a dezaseis semanas o permiso de maternidade e se establecen medidas para favorecer a igualdade de trato da muller no traballo: a disposición adicional.

xvii) Do Real Decreto Lei 3/1989, do 31 de marzo, de Medidas Adicionais de Carácter Social:

1. O artigo 21.

2. A disposición adicional segunda.

xviii) Da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 1990:

1. Os apartados 1 e 2 do artigo 18.

2. A disposición adicional décimo cuarta.

xix) A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas.

xx) Da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1991:

1. O apartado 2 do artigo 105.

2. A disposición adicional décima.

xxi) Da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1992: o artigo 50.

xxii) Da Lei 22/1992, do 30 de xullo, de Medidas urxentes sobre fomento do emprego e protección por desemprego: a disposición adicional sexta.

xxiii) Da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estados para 1993:

1. O artigo 19.

2. A disposición adicional duodécima.

xxiv) Da Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego:

1. O artigo 39.

2. As disposicións adicionais décima e undécima.

3. O apartado 2 da disposición final segunda.

xxv) Da Lei 21/1993, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1994:

1. O apartado 3 do artigo 11, o artigo 19 e o apartado 4 do número dous do artigo 104.
2. As disposicións adicionais quinta, sexta e vixésimo segunda.

xxvi) Da Lei 10/1994, do 19 de maio, sobre Medidas Urxentes de Fomento da Ocupación: o apartado 5 da disposición adicional segunda.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Aplicación da Lei.-

A regulación contida nesta Lei será de aplicación xeral ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17 da Constitución, agás os aspectos relativos ao xeito de exercicio das competencias e á organización dos servizos nas Comunidades Autónomas que, de acordo co establecido nos seus Estatutos de Autonomía, asumisen competencia na materia regulada.

Segunda. Competencias doutros Departamentos Ministeriais.-

As competencias que nesta Lei se lle atribúen ao Ministerio de Traballo e Seguridade Social entenderanse sen prexuízo das que, en relación coas distintas materias nelas reguladas, poidan corresponder a outros departamentos ministeriais.

Terceira. Achega de datos ás Entidades Xestoras.-

Regulamentariamente, determinarase a forma en que se lles remitirán ás entidades encargadas da xestión das pensións da Seguridade Social os datos que aquelas requiran para o cumprimento das súas funcións.

Cuarta. Acomodación das normas sobre pensión de xubilación por diminución da idade.-

O Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, acomodará a lexislación vixente sobre pensión de xubilación no sistema de Seguridade Social para efectos da aplicación do establecido no artigo 166 desta Lei e naqueloutros supostos en que a idade establecida con carácter xeral para ter dereito á dita pensión teña que ser rebaixada en desenvolvemento de medidas de fomento de emprego, sempre que estas conduzan á substitución duns traballadores xubilados por outros en situación de desempregados.

Quinta. Habilitacións ao Goberno en materia de protección por desemprego.-

1. O Goberno poderá ampliar a cobertura da continxencia de desemprego a outros colectivos.
2. Autorízase o Goberno para, logo de informe previo ao Consello Xeral do Instituto Nacional de Emprego, modificar a escala establecida no apartado 1 do artigo 210 desta Lei, así como a contía e duración do subsidio por desemprego, en función da taxa de desemprego e as posibilidades do réxime de financiamento.
3. Así mesmo, facúltase o Goberno para estender a outros colectivos de traballadores o disposto no apartado 3 do artigo 218 desta Lei.

Sexta. Efectos das modificacións en materia de protección por desemprego.-

O establecido no parágrafo b) do apartado 1.1 do artigo 206, no parágrafo g) do apartado 1.1 do artigo 208, no apartado 3 do artigo 211, nos apartados 1, 2 e 4 do artigo 214, no primeiro parágrafo do apartado 1.1 e no apartado 2 do artigo 215, e no apartado 1 do artigo 217, non será de aplicación ás situacións legais de desemprego producidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1994 e aos subsidios por

desemprego nacidos antes da mesma data, que se continuarán rexendo polas normas vixentes no momento de se produciren.

Sétima. Desenvolvemento regulamentario.-

Facúltase o Ministerio de Traballo e Seguridade Social para dictar as normas de aplicación e desenvolvemento desta Lei e propoñerlle ao Goberno para a súa aprobación os Regulamentos xerais desta.